

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 15

SESION ORDINARIA DO 28 DE SETEMBRO DE 2009

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martíño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e nove minutos do día vinteito de setembro do ano dous mil nove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnenos os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martíño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velooso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os

membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Señoras e señores concelleiros e concelleiras, iniciamos o Pleno do Excmo. Concello en sesión ordinaria, convocado por orde do día 24 de setembro que obra en poder dos señores e señoras concelleiros. Iniciámolo en sesión pública.

Queremos xa ó inicio dar a benvida ó novo membro desta Corporación, D. Pablo José Beiro Diz, dende a absoluta seguridade de que vai cooperar moi activamente na formación das decisións para a boa marcha desta cidade. No punto segundo tomará posesión da forma preceptiva.

A nosa máis cordial benvida a formar parte desta Corporación.

1.- (165).- ACTA ANTERIOR. (S. 27.07.09)

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a acta correspondente a sesión ordinaria que tivo lugar o día 7 de xullo de 2009.

2.- (166).- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DON PABLO JOSÉ BEIRO DIZ POLA CANDIDATURA PRESENTADA POLO PARTIDO POPULAR ÁS ELECCIÓNS LOCAIS DO 27.05.07.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 16 de xuño de 2009, Rexistro Xeral de saída núm. 003023 da mesma data, o Presidente da Xunta Electoral Central, expide credencial expresiva de que se designou concelleiro do Concello de Vigo a D. Pablo José Beiro Diz, por estar incluído na lista de candidatos presentada polo Partido Popular ás eleccións locais do 27 de maio de 2007, en substitución por renuncia de don José Manuel Couto Pérez e trala renuncia de dona Carlota Bartolomé Tocino.

Ante o Alcalde-presidente e en presenza do Pleno da Corporación, o Sr. Beiro Diz procede na forma ritual a xurar o seu cargo coa seguinte fórmula:

SR. BEIRO DIZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade al Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

TRADÚCESE Ó GALEGO NA PRESENTE ACTA O XURAMENTO FEITO EN CASTELÁN POLO SR. BEIRO DIZ EN CUMPRIMENTO DA LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA 5/1997, DO 22 DE XULLO, E ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, BOP 17.05.89.

A PRESIDENCIA: Queremos reiterarlle a nosa benvida e a partir deste momento forma parte *de facto e de iure* do Pleno deste Concello.

3.- (167).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións da Alcaldía entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 28 de agosto ó 23 de setembro de 2009.

4.- (168).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 3 de agosto ó 18 de setembro de 2009.

5.- (169).- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DO 17.07.07 RELATIVO ÓS CARGOS CON ADICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 17 de setembro de 2009, o Alcalde-Presidente formula a seguinte proposta:

“O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria de data 17.07.07, adoptou acordo sobre o desempeño de funcións dos señores/as concelleiros/as en réxime de adicación exclusiva e adicación parcial, esta última recollendo distintos tempos de adicación mínima.

Con posterioridade en sesión de data 03.09.07, o referido acordo foi modificado no seu apartado cuarto no sentido de permitir que os voceiros dos grupos políticos municipais comuniquen á Alcaldía a decisión de dividir ou agrupar as distintas adicacións que lle correspondan.

Téndose comunicado polo voceiro do grupo municipal Socialista a necesidade de modificar unha das adicacións parciais que lle corresponden para convertela en adicación exclusiva para así atender ás necesidades da área de Mobilidade, Transportes e Seguridade.

Polo exposto, de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, artigo 225 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, esta Alcaldía, en uso das facultades previstas no artigo 13.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar o réxime de adicacións do acordo plenario de data 17.07.07 que lle corresponde ó grupo político municipal do PSdeG-PSOE transformando unha das adicacións parciais de 9 horas semanais (por importe de 16.166,13 €/ano no seu inicio), en execución de acordo plenario de data 03.09.07, nunha adicación exclusiva por importe de 67.167,96 €.

Segundo.- O presente acordo publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de editos do Concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill,

S.Ordinaria 28.09.09

Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada pola Alcaldía-presidencia en data 17 de setembro, relativa a modificación de acordo de réxime de adicacións da Corporación, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- (170).- PROPOSTA DA XUNTA DE VOCEIROS RELATIVA ÁS FESTIVIDADES LOCAIS DO ANO 2010.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión do 24 de setembro de 2009, adoptou o seguinte acordo:

“En cumprimento do disposto no artigo 37,2 do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores e no artigo 46 do Real Decreto 2001/1993, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, a Xunta de Voceiros, reunida o día 24 de setembro de 2009, acorda propoñer ó Pleno da Corporación do Concello de Vigo o seguinte acordo:

Fixar como festas locais de Vigo para o ano 2010:

- O día 29 de marzo, luns, Reconquista da cidade, por coincidiren en domingo o 28 de marzo.
- O 16 de agosto, festividade de San Roque.”

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada pola Xunta de Voceiros na súa sesión do 24 de setembro e, xa que logo, fixar as seguintes festas locais para o próximo ano 2010:

- 29 de marzo, Festividade da Reconquista de Vigo.

– 16 de agosto, Festividade de San Roque.

DEBATE CONXUNTO DOS PUNTOS 7 Ó 21, ORDENANZAS FISCAIS

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Propoñemos que se realice un debate global dos punto 7 ata o 21, ordenanzas fiscais, aínda que logo a votación será singularizada como corresponde legalmente.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A modificación das ordenanzas fiscais é unha das prioridades dun goberno municipal xa que xunto cos orzamentos representan a verdadeira política económica que un goberno presenta para os seus cidadáns.

Este goberno é plenamente consciente da situación de crise que afecta ás economías familiares e cre firmemente que as administracións públicas teñen que asumir novos compromisos, retos e polo tanto establecer medidas efectivas que contribúan a paliar esta situación. Un dos instrumentos cos que conta o Concello para aportar o seu grao de area e así axudar a subsanar esta situación son precisamente as ordenanzas fiscais.

Dende o primeiro momento este goberno fixo unha clara aposta pola política social a través das súas ordenanzas fiscais e así en setembro de 2007, tres meses despois de se constituír, xa presentamos unhas ordenanzas que contiñan medidas máis sociais ó incluír bonificacións e exencións de determinadas taxas e impostos municipais para familias con capacidade económica reducida, para viúvas e viúvos, para persoas maiores que viven soas e así, ós poucos, incorporamos máis colectivos como as vítimas de violencia de xénero, as familias monoparentais, equiparamos as parellas de feito ás casadas, establecemos bonificacións para os propietarios de vehículos ecolóxicos ou tamén para aqueles contribuíntes que se acollenen ó sistema especial de pagamento do IBI.

Dende a nosa constitución coma goberno existen máis de 4.000 familias viguesas que se viron beneficiadas expresamente polas propostas que este goberno foi introducindo nas súas ordenanzas fiscais.

Por iso, co obxectivo de seguir facendo política social a través das ordenanzas e máis nun momento de crise como o actual, este goberno presenta para o ano que ven unha redución nos impostos e taxas municipais dun 0,2%. Debo deixar constancia de que nun momento como o actual son moitos os concellos que están presentando

subas nas taxas e nos impostos, como é o que está ocorrendo no Concello de Madrid cun alcalde do Partido Popular, onde taxas como o IBI subiron por riba do 13% ou outras como a ORA se sitúan en torno ó 5%.

Fronte esta postura de subas xeneralizadas de impostos municipais en gobernos liderados polo Partido Popular, o goberno desta cidade liderado por Abel Caballero propón un descenso dun 0,2% que afecta a un total de 14 taxas ou impostos entre as que están as máis importantes para os veciños de Vigo. Así, no ano 2010 os vigueses e viguesas pagarán menos polo recibo do lixo, pola auga, polas actividades deportivas municipais, polas actividades da Escola de Música ou de Teatro, polas garderías, no imposto de circulación..., pero ademais tamén será maior o número de familias con escasos recursos económicos que estarán exentas do pago de taxas e impostos municipais xa que este goberno propón aumentar os mínimos exentos nun 2,1%.

Estas medidas sociais non terán efectos negativos nas arcas municipais e así o Concello se pode comprometer a manter ou mesmo aumentar o gasto social ou os investimentos nun momento como o actual, onde a atención ós máis desfavorecidos ou a creación de emprego se converten no obxectivo fundamental dun goberno progresista.

Por iso este goberno establece unha nova taxa para as empresas de telefonía móbil por uso do dominio público local, equiparándoas así ás empresas de telefonía fixa que xa tributan ós concellos, porque o obxectivo deste goberno é que as consecuencias dunha crise económica que xeraron outros non as pague a clase traballadora viguesa.

Entre os compromisos que debe asumir a administración local está o de facilitar o acceso á educación, á cultura, ó deporte a todos os veciños con especial incidencia nos petos máis débiles, o apoio a determinados sectores de poboación con necesidades de distinto tipo e por iso coidamos que é necesario dispoñer dunhas ordenanzas como instrumento de política de fomento desta accesibilidade e que pola súa repercusión económica poidan contribuír dalgún xeito a lograr o obxectivo de apoio ó cidadán e de solidariedade social, estaremos así contribuíndo a que os cidadáns de Vigo teñan menor presión fiscal.

Entendemos que con estas ordenanzas estamos achegando o noso grao de area nesta etapa recesiva na que está inmersa a nosa economía, tanto a nivel local como nacional e internacional. Cremos que con esta política fiscal este Concello cumpre co

principio xeral recollido na nosa Constitución de equidistribución da riqueza como instrumento de xustiza social.

Como xa apuntaba no debate das ordenanzas para o ano 2008, este é un paso máis na defensa da política social que defende, defendeu e seguirá defendendo este goberno en todos e cada un dos anos nos que estea ó fronte deste Concello e nin a presión da oposición conseguirá apartarnos do noso obxectivo: conseguir un Vigo con menor presión fiscal, con máis política social e en definitiva con maior benestar para todos os vigueses e viguesas.

SR. CONDE GIL: Imos ver por onde empezamos porque aquí parece que estabamos a falar das ordenanzas fiscais da cidade de Vigo, pero como sempre a Sra. Díaz parece que ten gañas de ir vivir a Madrid porque sempre fala desa cidade. Pero imos falar de Vigo que é o que nos ocupa e nos preocupa a todos os cidadáns.

Vostedes o ano pasado e o anterior falaban de conxelación dos impostos. Unha mentira como demostraron os meus compañeiros, Sr. Guerra e Sra. Molares, cando defenderon no seu día no Pleno das ordenanzas fiscais. Este ano volven mentir como xa ven sendo costume. Debe ser que como o Presidente do Goberno mente vostedes fan “seguidismo” do mesmo e tamén o fan. Tamén porque o Alcalde nos ten acostumados a mentir acotío. Menten porque ó longo deste último mes estiveron vostedes vendéndolle a cidadanía que baixaban os impostos nun 0,2%, que lles reducían ós cidadáns a carga fiscal e iso non é certo como vou demostrar na miñas intervencións.

Se quere, Sra. Díaz, remontámonos ós debates dos anos 2007 e 2008 porque teño aquí as actas e o único que se fai é aplicar a redución en función do índice de prezos ó consumo que vostedes tomaron como base o mes de abril deste ano, como no seu día tomaron para as ordenanzas fiscais do 2009 o IPC do mes de abril do ano 2008 que era dun 4,2%. Por certo, IPC que a finais de ano estivo situado no 1,4% tal e como demostran as estatísticas do Instituto Nacional de Estatística. Quere iso dicir que vostedes recadaron un 2,8% a maiores do IPC real do pasado ano 2008 co que detraeron este poder adquisitivo ós cidadáns.

Esa é a primeira reclamación que o Grupo Popular lles vai facer: que devolvan ós cidadáns ese poder adquisitivo do 2,8% que perderon durante o pasado exercicio fiscal.

Por outra banda falou de que as ordenanzas son un dos piares da política económica

do Concello de Vigo, de que efectivamente son conscientes da crise e mesmo fala de recesión. Alégranos que por fin logo de tres anos recoñezan a recesión, é algo que estiveron vostedes negando dende bastante tempo pero parece ser que por fin se dan conta da situación real da economía nacional e polo tanto tamén da de Vigo e falan xa de recesión.

Nunha etapa recesiva como a que vostede nos anuncia o que evidentemente non se pode facer é un brindado ó sol, nin facer reducións de impostos como a que vostedes fan dun 0,2%. Ademais agora presume de que se instaura unha nova taxa para as empresas de telefonía. É un tema que está aí, impulsado pola Federación Española de Municipios e Provincias, que están aplicando moitos concellos e ademais é unha decisión de seu que vai traer para as arcas municipais coido que nos anunciou 1.400.000 euros aproximadamente. Digamos que con isto teñen unha marxe de manobra para seren un pouco máis xenerosos coas familias, cos cidadáns e cidadás da nosa cidade e polo tanto poden facer unha verdadeira rebaxa fiscal.

Nós non vemos que este anuncio que fan vostedes de rebaxa vaia supoñer grandes modificacións para os cidadáns e así porei dous exemplos.

Por unha banda está a taxa pola recollida do lixo. A rebaxa do 0,2% supón que imos pasar dun recibo de 79,45 euros, a outro para o ano 2010 de 79,30 euros. Isto quere dicir que vai baixar 15 céntimos de euro. Esta é á gran xenerosidade, a gran rebaxa fiscal e a achega do bi-goberno, Partido Socialista-Bloque Nacionalista Galego, ás arcas municipais e para devolver poder adquisitivo ós cidadáns.

O outro día preguntábanme polo tema e poñía un exemplo. O outro día fun mercarlle un “chupa-chups” á miña filla e pedíanme 30 céntimos de euro. Con estes quince céntimos de euro evidentemente non dá nin para comprar medio “chupa-chups”.

Por certo, goberno progresista é o do socialistas que cunha concelleira que está sentada con vostedes e á que non quero aludir persoalmente porque sempre se enfada, pero no seu día eliminou das ordenanzas fiscais unha cota reducida para os veciños que tiñan os colectores a máis de 500 m do seu domicilio, igualando así o rural ó centro. Iso fixérono vostedes e agora nos veñen falar aquí de Madrid.

Se queren falamos de Madrid, non teño inconveniente aínda que a bandeira de Madrid non a vexo por aquí co que penso que seguimos estando en Vigo. Pero xa que falan de Madrid voules poñer un exemplo dun goberno do Partido Popular e coa taxa de lixo. Aquí todos os cidadáns pagamos o mesmo, sexamos ricos ou pobres, máis ou menos favorecidos, todo aquel que teña unha vivenda ten que pagar o lixo: 79,30

euros para o vindeiro ano. En Madrid a taxa polo lixo págase en función do valor catastral e polo tanto quen máis ten, máis paga e quen menos ten menos paga. A iso paréceme que vostedes lle chamaban progresismo aínda que non sei se agora van ter que tomar clases como o Sr. Zapatero e estudar porque realmente unha vivenda situada no centro de Vigo, dun valor catastral duns 43.000 euros, en Madrid pagará unha cota de 42 euros, a media coido que estaba preto dos 60 euros e son bastantes máis habitantes e polo tanto teñen que prestar un mellor servizo. Esa é a diferenza entre un goberno do Partido Popular que pensa nas persoas e un goberno do Partido Socialista Obreiro Español que cada vez ten menos de obreiro e de español e que o único que fai é demagogia como está facendo vostede neste Pleno.

Pero lles felicito por recoñecer a crise, algo xa avanzamos. Falaba de Madrid e se van á Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos e comparan os gravames impositivos do exercicio fiscal de 2009, comprobarán que proporcionalmente en Vigo, dado o número de habitantes e a cidade da que se trata, pagamos máis impostos que en Madrid ou sexa que non veña vostede mentir aquí. Pero como o de mentir se lles dá moi ben, é normal que o fagan.

Din que van rebaxar os impostos porque van acometer máis gasto social pero nós non vemos ese gasto social. Lembro que no debate dos orzamentos do ano pasado, a miña compañeira, Sra. Molares, retábaos a que reduciran os gastos de propaganda, protocolo e gasto improdutivo para o destinar a benestar social e que o Partido Popular apoiaría eses orzamentos, pero non fixeron absolutamente nada, só demagogia e así destinaron 114.000 euros para comedores escolares e non sei que de Benestar Social. Ás asociacións dos máis desfavorecidos case non lle deron nada, non sei se foron 113.000 euros. Pero iso si, gastan 1.200.000 euros nun programa -supostamente- de apoio ó comercio favorecendo a uns determinados cidadáns en detrimento doutros e nun programa bastante pouco claro. Pero a iso é ó que nos teñen acostumados.

Tamén poderíamos falar do IBI. Baixaron o tipo impositivo do IBI no tramo local. Lémbrolles que houbo un exercicio fiscal que mesmo o Partido Popular non o subiu e beneficiáronse todos os cidadáns desa subida cero. Agora o baixan e do 0,758% ó 0,756%. Teño a gráfica e é moi curiosa porque ese dato nin se aprecia, pero non só iso, senón que os cidadáns non só non o van notar, senón que o recibo do ano próximo vai ser maior que o deste. Eu dígolle á cidadanía que garden os recibos, que garden o recibo deste e o do próximo ano e verán como pagan máis porque

anualmente, como vostedes saben, a Lei de orzamentos xerais do Estado actualiza os valores catastrais co que aínda que rebaixemos un 0,002% o tipo impositivo, ó subiren a base imponible o imposto é maior; nin máis nin menos.

O ano pasado subiron o IBI un 4,2%, pero a este 4,2% lle hai que sumar o 2% que subiu o valor catastral en función da Lei de orzamentos xerais do Estado, co que subiu en realidade un 6,2%.

Faga o que queira coa cabeza, pero os datos están aí e mesmo o recoñecen vostedes na documentación que achegan coas ordenanzas fiscais: "Iguamente actualízanse os mínimos exentos, tanto para ingresos brutos anuais *per cápita*..." Por certo, outro tema, poñen o 2,1 cando en realidade a variación do IPC durante o ano 2008, a diferenza entre o que aplicaron vostedes e o final de ano foi dun 2,8% co que nin iso fan ben. "...como valor catastral 2% segundo o LPXE (Lei de orzamentos xerais do Estado) que serve para aplicación dos beneficios fiscais regulados no artigo 3". Ou sexa, subiron o IBI o ano pasado un 6,2%, este ano báixano un 0,2%, aínda levan un saldo negativo.

Pero isto pasa con todo, as rebaixas producen risa. No imposto de vehículos temos que un vehículo A1 pasa de 20,90 euros a 20,85, a diferenza é de 5 céntimos de euro. Un A2 pasa de 58,05 a 57,95. Un A3, que ven sendo o tipo medio dos coches e en concreto é o que pago eu, pasa de 124,70 a 124,45.

Sra. Díaz, entre o que rebaixa vostede aquí e o que rebaixa no lixo, coido que vou facer unha festa e vou invitalos a todos vostedes. Non se rían de nós porque o peor non é iso, o peor é que se están a rir dos vigueses e das viguesas.

Pero logo como a vostedes o que lles gusta é a propaganda e o autobombo, o Sr. Alcalde sae presumindo de que esta é a maior baixada de impostos da historia. Probablemente sexa a única baixada de impostos da historia porque aquí se viña historicamente aplicando o IPC e este ano, gracias á negra situación na que nos está a deixar o Sr. Zapatero, temos un IPC negativo porque a economía española é un desastre. No outro Pleno invitábame a recibir clases dúas tardes ó igual que o Sr. Zapatero, pero é que Zapatero non precisa dúas tardes, precisa reencarnarse noutra persoa porque non ten rumbo coma todos vostedes.

Falan de baixadas pero, que baixadas? Os 15 céntimos do lixo? Os 20 céntimos dun vehículo medio? Os tipos impositivos do tramo municipal do Imposto de Actividades Económicas que baixa un 0,1%? E logo, xa polos redondeos nin o baixan. Por certo, hai toda unha serie de ordenanzas que veñen no informe que achegan e que nin as

tocan.

Por que nos aplica o 0,2% negativo a expedición de documentos, a expedición de licenzas de taxis, a acompañamentos de grandes transportes, a extinción de incendios, guindastre municipal, centro de día de maiores, control de calidade na vía pública, instalacións de quioscos... O da instalación de quioscos é normal porque dada a situación que tivemos este ano cos quioscos de praia, non o tocan por irrelevante (pon aquí) e non operativo. Claro que quen non é operativo é este goberno que fixo o ridículo e deixounos mal a nivel nacional. Tampouco ó estacionamento de vehículos da ORA e ás entradas do Verbum e do Zoo non se lles aplica o 0,2% por resultar irrelevante. Pero, Sra. Díaz, é irrelevante en todo.

Vostedes o único que fixeron é unha mala propaganda. Se realmente queren baixar os impostos, nós estamos de acordo pero primeiro devolvan o 2,8% que lles quitaron de poder adquisitivo ós cidadáns no pasado exercicio fiscal e logo falamos da baixada de impostos que queiran. Facémoslles un reto: se non son quen do facer vostedes, deixen que o fagamos nós. Xa sei que logo igual o Sr. Domínguez Olveira di que fagamos nós as propostas; eu xa me adianto ó que dirá de intervir porque ven sendo a súa liña cotiá dicir que fagamos nós as propostas, pero nós agora non estamos gobernando, os que teñen que gobernar son vostedes e o que non teñen que facer é tomarlle o pelo á cidadanía que é o que fan, nin querer ampararse nun IPC negativo do pasado exercicio para facer un gran anuncio de que fan unha baixada de impostos. Na miña segunda intervención falaremos dos impostos porque é demencial e como dixo vostede isto é unha “pata” na política económica, na creación dos orzamentos. Xa falaremos das “patas” porque esta, como di vostede, é unha “pata” pero hai máis “patas” e meten a “pata” bastante.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Acertou vostede, Sr. Conde, vou intervir, claro que si, porque dende a miña representatividade nun tema coma este o BNG tamén ten algo que opinar e por iso interveño no momento da intervención de grupos.

Antes de comezar coa miña intervención, no nome do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego quereda tamén darlle a máis cordial benvinda ó Sr. Beiro e por suposto desexarlle os maiores éxitos na súa tarefa de concelleiro na oposición que sen ningunha dúbida repercutirá tamén nos éxitos desta cidade.

Claro que ven sendo unha liña argumental, claro que veño repetindo dende o inicio desta lexislatura que, por favor, vostedes presenten alternativas e teño que seguir

dicíndoo porque nin unha soa. En troques de alternativas vostede presenta sempre absolutas demagoxias pero non vou caer outra vez máis no que vostedes sempre pretenden. Sr. Conde, vostedes pretenden sempre que un debate de política importante como é o das ordenanzas, se transforme nunha marfallada e empecen vostedes a dicir cousas pero sen ir realmente ó importante.

O debate das ordenanzas é sen ningunha dúbida a antesala do documento máis importante que esta Corporación ten que aprobar que son os orzamentos. Polo tanto merece este debate un pouco de reflexión, en primeiro lugar dende o punto de vista técnico pero para iso xa o fai excelentemente ben a miña compañeira de goberno, Sra. Díaz, pero tamén merece este tema que falemos claramente da implicación social pero con realidades, con sinceridades se me apura, pero que falemos da realidade social que se agocha detrás da aplicación dunha política determinada impositiva e o que se agocha detrás tamén dunha política de beneficio cara ós cidadáns. Esa vai ser fundamentalmente a miña intervención porque non vai conseguir que nos saiamos realmente do que hoxe queren escoitar os cidadáns.

Os veciños non perciben tanto como nós nos cremos o tema da afectación destas ordenanzas que poden ser nalgún caso irrelevantes no momento en que se baixan ou no que se soben. O debate non está en se baixamos un 0,2, se subimos un 3,1; ese é o debate onde moitas veces se quere levar á propia cidadanía, pero esta non está aí, non está no debate que vostedes queren poñer e si está nun debate claro: para que serve isto?

O debate social máis importante non é se subimos ou non os impostos, que dende unha forza política de esquerdas nós dicimos que si, que hai que subir progresivamente, que hai que ser coherente co que se aplica; se aplicamos o IPC o ano pasado hai que ser coherentes e aplicalo agora e se nalgún momento o IPC dá positivo hai que o aplicar e se dá negativo tamén, é unha política coherente. Pero o debate e o que preguntan os cidadáns é que para que serven os seus impostos e en que se van utilizar. Ese é o debate e iso é o que lle temos que explicar á cidadanía e en todo caso a oposición debería dicir para que quere ela -a oposición- que se destinen estes impostos. Ata o día de hoxe, logo de dous exercicios contables neste Concello non o escoitamos.

Si estamos en tempo de crise, unha crise que este goberno municipal recoñeceu dende o primeiro momento e puxémonos a traballar. Para traballar en tempos de crise, Sr. Conde, entre todos, goberno e oposición, temos que lle ofertar á cidadanía

realidades e apoios concretos, medidas de urxencia nun determinado momento, pero o temos que facer dende un traballo conxunto e responsable. Iso é o que nos piden os cidadáns: ser quen de nos poñer todos a unha, queren que nos poñamos de acordo en como redistribuír a riqueza e os cartos que eles e elas pagan. O que a cidadanía non quere é que a equivoquemos ou lle creemos confusión e permítanme dicir con toda franqueza, sen ánimo de polemizar, que vostedes están precisamente equivocando á cidadanía.

Segundo vostedes se subimos os impostos e era sinxelamente aplicar o IPC o ano pasado, moi malo. Se os baixamos porque seguimos aplicando o IPC é irrelevante, moi malo, non vale para nada. Aí é onde vostedes queren levar o debate e non a outro sitio.

Equivocamos á cidadanía coas demagoxias. Falamos e vostede está falando ultimamente de gastos de publicidade e de dispendio. Facer unha campaña de promoción que custa 180.000 euros para que Vigo se promocioe, segundo vostedes é un dispendio pero o partido que vostede representa gasta 2.500.000 euros nunha campaña de Tour Galicia anunciando Galicia e iso non é dispendio.

Liamos onte nun medio de comunicación que non era prioritario facer o funicular do Casco Vello, un tema que evidentemente vai traer moitos beneficios para a mobilidade, pero si é prioritario seguir gastando milleiros de millóns de euros na Cidade da Cultura, por exemplo, e iso faino un partido ó que vostede tamén representa. Iso é confundir á cidadanía.

Pero que os cidadáns de Vigo que comecen a tremar polo que vostede acaba de dicir aquí e paréceme que teñen que empezar a ter medo. Vostede acaba de dicir que nós, que aplicamos o IPC o ano pasado cun 4,1 e que ó final dese mandato o IPC foi un 2,8, que lles devolvamos eses cartos ós cidadáns. Como o IPC a finais deste ano sexa máis que o 0,2, vostede vaille pedir ó goberno que devolva ós cidadáns eses cartos? Non podemos facer demagoxia cos cartos dos vigueses e das viguesas, o que facemos é aplicar o IPC e se é positivo é porque aplicamos dende sempre, non cando nos convén, esas eran as contas que facía o Partido Popular e a Sra. Porro que dependendo do que conviña aplicaba unha porcentaxe ou outra do IPC. Nós non. Sr. Conde, non se pode facer demagoxia cos cartos dos vigueses e das viguesas. Se ó final do ano, por aplicar o IPC de abril, en troques do 0,2 (ogallá non) o IPC sobe a un 9 ou a un 2%, este goberno non lle vai pedir ós cidadáns que devolvan eses cartos. Nin un caso nin por suposto o outro. Iso e non outra cousa é demagoxia.

Hai outra cousa moi grave que vostede acaba de dicir e que quero aclarar ó público e ós medios de comunicación. Acaba de dicir que axudar ó comercio desta cidade con 1.200.000 euros a través de familias menos desfavorecidas é discriminar a moitos cidadáns desta cidade. Está a falar dun sector en Vigo que move 16.000 empregos, está falando de 1.000 familias que non teñen como renda nin o mínimo interprofesional. Se iso é discriminación nós seguiremos discriminando porque precisamente hai que apoiar ós sectores menos desfavorecidos. Que quere dicir vostede cando di que apoiar ó pequeno e ó mediano comercio é discriminar? Quere dicir vostede que as axudas, en troques de iren para o pequeno e mediano comercio, deberían ir para as grandes áreas comerciais? Iso é o que vostede está a dicir ou senón dígame onde está a discriminación.

Sr. Conde, temos que ser cribles para ós cidadáns. Ás veces eu fágome unha pregunta e a diferenza de vostedes a min gústame facer auto crítica, gústame auto criticarme e recoñecer as cousas nas que moitas veces ó mellor non estamos acertando porque é a única maneira de poder mellorar. Eu fágome sempre unha pregunta que coido que tamén se fai moita xente: todos e todas as que estamos aquí tomaríamos as mesmas medidas que estamos tomando de estaren en paro? Esa é unha pregunta que eu me fago de verdade e precisamente para intentar, na medida do posible, ser crible todos os días diante da cidadanía, facer políticas que beneficien a toda a cidadanía.

Vostede di que eses quince céntimos de rebaixa na taxa do lixo non lle dan nin para lle mercar un “chupa-chups” á súa filla, tamén di que no coche que teñen vostedes lles rebaixan moi pouco. Ten que saber vostede que nestes tempos de crise hai moita xente que nin lle pode comprar un “chupa-chups” á súa filla e que nin sequera pode manter un coche. Iso é demagogia e debería preguntarse vostede tamén, ó igual que me fago eu e recoñezo que ás veces me equivoco, se realmente diríamos iso mesmo que vostede acaba de dicir se vostede fora un parado de longa duración.

Iso é o que a cidadanía nos pide neste debate, que tentemos ser cribles porque senón evidentemente podemos estar debatendo aquí horas e horas pero cada vez máis se vai producir esa grande rotura entre a sociedade civil e a clase política que somos. Eu e máis o BNG intentamos que esa rotura non se produza e volvo dicir unha vez máis que malia os erros que seguro que cometemos.

Igual que en grandes temas de Estado como son o terrorismo, racismo ou violencia de xénero, somos quen as forzas políticas de tirar todos a unha. Se nos tomamos en

serio a crise, non con frivolidades, é un tema de Estado e deberíamos ter a capacidade de poñérmonos de acordo e tirar todos dun mesmo carro.

Dende o Bloque Nacionalista Galego e dende este goberno apostamos pola política social. En tempos de crise un goberno ten que saber o que é prioritario e hailles que dicir ós cidadáns que gastar non é malo, non é nin bo nin malo porque todas as familias gastamos, o importante é que o que gastemos produza riqueza, xere activación económica, sexa para fortalecer as capas menos fortalecidas pola economía mundial-global na que estamos e esa vai ser sempre a nosa prioridade. O importante non é o 0,2; é que ese 0,2 e todo o que este Concello recade cos impostos se lles devolva ós cidadáns en calidade de vida, en maior fortalecemento contra a crise e se lle devolva a esta cidade en reactivación económica, ofertando mellores servizos, axudas concretas para sectores menos favorecidos, aumentar o gasto social e o gasto social produtivo, facer claras políticas de emprego e de reactivación da economía e sobre todo traballar pola igualdade de oportunidades no noso Concello.

Non é malo gastar en publicidade, Sr. Conde, esa é outra demagogia que vostedes están utilizando pero que logo non utiliza a Sra. Porro no Porto cando paga páxinas enteiras para informar da construción dun silo en Bouzas, cuestión que eu non lle vou criticar. Publicitar non é malo se a publicidade a utilizamos para que lles chegue ós veciños e veciñas a información precisa e necesaria, se a utilizamos para que a nosa cidade se promocióne, para que poida crear riqueza.

As taxas son un claro instrumento, só un instrumento que logo nos permite redistribuír o recadado e en teoría a nosa riqueza para logo dar prioridade. Eses son os obxectivos nun orzamento: dar prioridade ó gasto e repartir a nosa riqueza para que xere máis riqueza. Iso é o que imos facer dende o Bloque Nacionalista Galego e dende este goberno: dar prioridade ó gasto, redistribuír a nosa riqueza, pero para iso, Sr. Conde, eu pediríalle unha vez máis ó Partido Popular e non me cansarei de pedirlo, que participemos sen demagogia, que non utilicemos o que é prioritario dependendo do que sexa o prioritario electoralmente. Recoñézolle que ás veces nós tamén o facemos e non me doen prendas en recoñecer o que facemos mal, pero por iso é un esforzo que temos que facer entre todos: non dar prioridade segundo os nosos intereses electorais e de partido, senón que dar prioridade segundo o interese da cidadanía. O prioritario non é o prioritario para o Partido Popular, nin para o BNG, nin para o Partido Socialista, ten que ser o que é prioritario para os veciños e veciñas que temos aí fóra e que nos elixiron para que lles deamos respostas. Gasto social

fronte ás necesidades, mellores servizos fronte ás posibles ineficacias, maior reactivación económica fronte a, ás veces, inoperancia que todos e todas podemos combater.

En definitiva as taxas, antesala dos orzamentos, teñen que nos servir para que os orzamentos sexan unha arma política para a cidadanía, para iso e non para facer campañas electorais teñen que servir as taxas.

Política para a cidadanía, señores do Partido Popular, fronte a políticas partidistas. Esa é a vocación do Bloque Nacionalista Galego e de todo o goberno. Ogallá a oposición, recoñecendo tamén as súas virtudes que as teñen, por suposto que si, e os nosos erros que tamén os temos, camiñemos todos neste camiño e así Vigo sairá antes da crise e absolutamente todos e todas sentirémonos máis favorecidos.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Como sempre o Partido Popular nos ten acostumbrados a escoitar ese discurso demagóxico. Eu vou falar aquí de realidades. As primeiras palabras que vostede utilizou foron: “xa volve estar falando de Madrid”. Claro, iso a vostedes lles doe porque é un goberno do Partido Popular que está facendo o contrario do que está a facer este goberno e por iso lles doe, porque é cando se descobre a realidade do que está facendo o Partido Popular nunha cidade na que goberna.

A seguinte palabra que utilizou foi “mentira”, dixo que estamos mentindo, pero novamente se descobre cal é o partido da dobre moral: o Partido Popular que di unha cousa e fai outra. Eu lembro que foi o Partido Popular quen votou en contra da Lei do divorcio e todos coñecemos importantes membros do Partido Popular que se divorcian...

A PRESIDENCIA: Sra. Díaz, non continúe por aí.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: De acordo. Eu só quero dicir que a dobre moral tamén a están utilizando nas ordenanzas fiscais porque din unha cousa e realmente cando están gobernando fan outra. Eu voulle poñer a realidade, o que está a pasar no resto de España en cidades que están gobernadas polo Partido Popular, para saber cal é a actuación do Partido Popular nas cidades nas que goberna e para que vexan esa contradición, esa dobre moral entre o que están facendo realmente onde gobernan e o que están presentando nas cidades onde no gobernan e polo tanto teñen que facer unha construción, pero non construtiva senón destrutiva.

Imos empezar por Madrid. Madrid: todos son recortes de prensa, gracias á tecnoloxía, á era da información todo o mundo pode conseguila por internet, non teño por que achegarme á bancada como fai un membro do Partido Popular, en internet está colgada toda esta información, é completamente accesible para todos os cidadáns. “O Concello de Madrid subirá ata un 13% o IBI. Os cidadáns pagarán por IBI entre un 12 e un 13% máis”. Debo lembrarilles que o IBI de Madrid inclúe a taxa de lixo, pois ademais o goberno crea un novo imposto de lixo que supón engadir ó IBI, que xa inclúe a taxa de lixo, 60 euros para unha casa de 90 m². “O Concello recadará por este concepto uns 170 millóns de euros”. De onde van saír? Da nada? Non, do peto dos cidadáns dunha cidade onde goberna o Partido Popular. “Ademais nova ordenanza de limpeza e xestión de residuos abandeirada por Ana Botella con sancións de ata 750 euros por reciclar mal”. Un veciño pode pagar 750 euros de multa por reciclar mal. “A suba media en Madrid de imposto é en torno a un 22%”. “Madrid presenta gravar a plusvalía municipal a valor de mercado”. É dicir, en troques de contemplar os valores catastrais contempla os valores de mercado cando todos sabemos que o valor catastral está por debaixo do valor de mercado. “O propio delegado de Facenda de Madrid, Juan Bravo, reconece que para Madrid suporía uns 250 millóns de euros adicionais”. Saen da nada? Non, do peto dos cidadáns. “Tamén o goberno de Gallardón contempla unha suba encuberta de taxas e vaos mediante a modificación do índice fiscal de rúas”. Modifica as rúas, súbeas de categoría e os veciños van ter que pagar máis polos vaos. Pasa o mesmo co imposto de circulación de vehículos.

Pero non é a única cidade en que goberna o Partido Popular onde se están dando situacións deste tipo. Vou falar de máis, por exemplo de Ávila onde no seu Concello goberna o Partido Popular e onde das corenta e seis ordenanzas que ten soben vinte e cinco e mantéñense vinte. Esta é a política que se está a aplicar este ano con IPCs negativos, Sr. Conde. Sobe o imposto de vehículos unha media do 3,7%, o lixo, o servizo de transporte soben un 5%, os aparcadoiros unha media do 6,8%, o mesmo que a ORA, Sr. Conde, que sobe un 6,8%. Iso si, “O Alcalde di que traballará nun Plan de recuperación económica que terá tres vertentes: non subir os impostos posto que isto destrúe emprego...” Pero que está a facer entón, se acaba de dicir que está subir un 6,8%?

En Granada gobernada polo Partido Popular sobe o IBI en plena crise nunha porcentaxe do 3% que hai que engadir ó 2% ese do que falaba vostede da

actualización do valor catastral, polo tanto un 5%.

Valladolid é máis orixinal porque alí se di que se conxelan os tributos, que non haberá subida de tributos, pero logo, cando se le polo miúdo por exemplo sobe a taxa por estacionamento de vehículos de tracción municipal, a ORA. Sobe a ORA que de 60 a 65, é dicir, un 5%. Valladolid di que mantén pero sobe a ORA.

En Santander onde goberna o Partido Popular tamén son moi orixinais e din: “Conxelarás as taxas e impostos”. Iso significa non subir, non significa o IPC negativo. Dise: “Conxelarás as taxas e impostos municipais aínda que poderían subir as que dependen do goberno”. Faise un enlace entre impostos municipais e nacionais e dise que se estes últimos soben, alí tamén se subirán. O Alcalde di: “A conclusión é que non poderemos conxelar as taxas e teremos que subir os impostos municipais”. Iso é o que está facendo o Partido Popular en Santander e di que “Todo isto é un xesto de solidariedade e coherencia coa situación económica de moitas familias da cidade en momentos de grave crise”. Subir os impostos municipais. Quere axudar a todas as familias de Santander; é fantástico.

Valencia co Partido Popular: “O Concello de Valencia aplicará en 2010 unha conxelación real de tributos e de taxas”. É dicir, non se axustarán ó índice de prezos interanual como foi a pauta de anos anteriores. Repito o que está facendo Valencia: unha conxelación. Non se axustará ó IPC que de acordo co que eles utilizan dálles un menos 1%. “Non haberá axustes ó IPC, non se tocarán as taxas”.

En Málaga o mesmo: “O goberno local aprobou xa as ordenanzas fiscais para o 2010 que supoñen conxelación de todos os impostos e taxas”. É dicir, non soben.

En Castellón tamén co Partido Popular: “...ratifica que o Concello non subirá os impostos”. O tipo de referencia que utilizan eles teríalles que dar o -1,4% sendo coherentes co IPC e lémbrolles que en Castellón o ano pasado, baseándose tamén neste dato do IPC, o dato que lles daba era dun 5,7% que foi o que subiron os impostos o ano pasado en Castellón.

Agora imos co que se está facendo en cidades onde non goberna o Partido Popular. Barcelona: conxela, non aplica nin subidas nin baixadas. Pero iso si, o PP propón rebaixas: “O edil popular argumenta que o necesario en épocas de crise é baixar os impostos”. Por que? Porque está en Barcelona e non está nin en Málaga, nin en Castellón. Iso é o que fai o Partido Popular que dependendo na cidade onde estea, dependendo de se está no goberno ou na oposición, está proponendo cousas completamente diferentes.

Iso era Barcelona pero en Bilbao máis do mesmo. O PNV non modifica as ordenanzas pero di que realmente haberá unha subida porque non está aplicando o IPC. Esa é a diferenza entre o Partido Popular e o Partido Socialista. O Partido Socialista ten criterio e o Partido Popular non.

Eu queredría recoller unhas declaracións dun membro do Partido Popular nas que di que época de crise non se poden subir os impostos. Tamén teño aquí un titular moi bo: "Solución do PP onde no goberna: menos impostos e onde goberna máis impostos". Esa é a política do Partido Popular, esa é a demagogia. Vostedes non teñen criterio político e son vostedes os que están enganando ós cidadáns.

Din que isto non é unha rebaixa fiscal, que son uns poucos céntimos os que estamos descontando, pero lle lembro, Sr. Conde, que estamos afectando a catorce ordenanzas fiscais, non só ó lixo, como dixo vostede e non só ós vehículos, estamos a falar de catorce ordenanzas fiscais; estamos falando do recibo de auga, de vehículos, de lixo, de escolas infantís, dos ensinos especiais, do Instituto Municipal dos Deportes. Vostede colla a unha familia, calcule por estas actividades e a rebaixa pode chegar tranquilamente ós 12 euros, Sr. Conde. Están aquí os datos. Polas escolas infantís pode haber unha rebaixa de ata 5 euros, por ensinos especiais unha rebaixa de 3 euros, no Instituto Municipal dos Deportes a rebaixa pode ser de 1 euro. Sume todas, son catorce as ordenanzas fiscais e o desconto para unha familia pode chegar ser de 12 euros. Sr. Conde, cambie de panadería porque lle están cobrando moito polo pan ou regálanlle unha botella de vino, senón non entendo por que lle poden cobrar 12 euros por unha barra de pan.

A diferenza entre vostedes e nós é que cando vostedes gobernaron, cando tiñan a maioría absoluta, aplicaron subas de impostos moi por riba do IPC e así lémbrolle subas do 10% en épocas nas que vostedes gobernaban, con IPCs en torno ó 5%. Esa é a diferenza. Foi en época de Manuel Pérez e están aí as subas de impostos arbitrarias, como ben dicía o Sr. Domínguez, cando, onde e como vostedes querían.

Vostede di que cidades coma Madrid pagan menos. Como calculou iso? Porque está claro que vostede non está sumando impostos directos, indirectos e taxas que é como se calcula a presión fiscal; sume todo iso e daralle máis de 900 euros por habitante. En Vigo estamos pola metade. É falso que o ano pasado se lle aplicase ó IBI un 6%. Estame vostede demostrando que non sabe como se calculan as ordenanzas do IBI porque vostede sabe que ó valor catastral se lle resta logo a diferenza do IPC e iso é o que se pon e é o que pon aí: 2% de valor catastral máis o

resto que falla para o IPC. É falso que se fixera o valor catastral máis o 4%, completamente falso e polo tanto ou vostede non sabe, ou está enganando a todos pero é completamente falso.

Pregúntome eu se son vostedes os que nos van a aprender como se fan as contas porque lle lembro que vostedes son famosos e coñecidos por ter caixas “b”. Di que están de acordo en baixar os impostos pero eu me pregunto se vostedes van facer unha baixada de impostos porque o que quero é que nomeen unha soa cidade onde estea gobernando o Partido Popular que propuxera baixada de impostos para o ano que ven, non lle pido máis ca unha. Se hai tres ou catro mil municipios pídlle un só no que se estean aplicando baixadas de impostos. Non hai ningún.

A realidade que a vostedes lles doe é que o ano que ven os vigueses pagarán menos en taxas e impostos municipais, en todas, nas catorce pagarán menos. A realidade tamén é que se aquí en Vigo estiveran gobernando vostedes e aplicando o que están a facer noutras cidades, en Vigo vostedes estarían subindo os impostos, esqueceríanse dos IPCs e de todo, recorrerían como fan sempre a un estudo demagórico dicindo que en épocas de crise non se poden baixar os impostos e subiríanos, como están a facer.

A realidade, Sr. Conde, é que este goberno dende o primeiro momento realizou política social a través das ordenanzas e séguelo e seguirao a facer porque cre que as ordenanzas son un instrumento equilibrador e solidario. É o que estamos a facer este ano, axudar a todos pero sobre todo ós máis desfavorecidos porque se esquece das actualizacións dos mínimos exentos, de que imos contemplar máis familias que están exentas, nos dous anos que levamos de goberno temos catro mil familias viguesas máis das que tiñan vostedes suxeitas a bonificacións e exencións. Tamén lle lembro que o ano pasado no IBI este goberno introduciu unha rebaixa do 3% para dúas mil familias.

Esta é a diferenza entre nós que estamos gobernando e vostedes que están na oposición.

SR. CONDE GIL: Coido que aí está a bandeira de Vigo, tápaa o Sr. Interventor, si que parece a bandeira de Vigo porque falou vostede de tantos concellos..., nalgún Pleno dixéronme que me dispersaba, pois se isto que fixo vostede non é dispersión...

A diferenza entre vostedes e nós é que nós non temos ningún ministro no cárcere, nin se lle botaba cal viva á xente. Se quere falamos da historia.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde, por aí non vai ben.

SR. CONDE GIL: A diferenza tamén é que vostedes teñen a mentira piramidal. Menten dende o Presidente de Goberno cara abaixo en cascada. Din os xornais: "Zapatero asegura que a reforma fiscal afectará ás rendas máis altas". Logo se quere facíltolle este recorte. Novas de onte: "As rendas medias cargan co grosso das subas de impostos". "As rendas medias e baixas pagarán o 96% da suba de impostos". Que veña vostede con ese descaro a falármonos de subas de impostos, ten narices. Pero irei por orde porque non me quero esquecer do Sr. Domínguez Olveira e da súa lección maxistral de demagogia porque o que fixo si que é demagogia. Mire como xa me adiantei eu a vostede en canto ó que nos ía dicir. A diferenza é que os que están gobernando son vostedes e non nós, nestes momentos estamos na oposición, aínda que xa queda menos para que esteamos no goberno.

A verdade, cando gobernamos demostramos tanto a nivel nacional, como autonómico, como local que deixamos as contas mellor que nunca. Neste Concello reduciuse a débeda coma nunca, deixáronse uns remanentes que vostedes dicían que non existían como nunca, e como dicía antes vostedes seguen "nos mundos de yuppi" porque outra cousa non hai.

Ven aquí falarme de que se Tour Galicia fai unha campaña. Pois si, faría unha campaña de promoción de Galicia, unha campaña que custaría o que fora, pero dende logo que non se gastou inmoralmente e a dedo 180.000 euros para que unha empresa amiga faga un vídeo que a súa única publicidade é youtube. Ata mirar o expediente no mes de agosto ninguén coñecía a existencia do vídeo, pero iso si, logo saíron con que estaba colgado no youtube. Por certo, o vídeo que nos facilitaron tampouco coincide co de youtube, nin co da páxina web do mundial de hockey. Pero diso xa falaremos no seu día.

Parece que vostedes caeron do guindo, que nunca gobernaron na Xunta de Galicia, que estivo sempre o Partido Popular; non teñen memoria. Fala vostede da Cidade da Cultura pero, que fixeron vostedes coa Cidade da Cultura? Si, xa lembro: incrementar o gasto e desviar fondos para os gastar en "mojitos" en Cuba e pasalo ben a Conselleira do Bloque Nacionalista Galego. Non sei se iría vostede con ela cara alá. Iso é o que fixeron durante catro anos, ademais de mercar o audi, reformar despachos, viaxar nun mega-iate dunha empresa construtora. Nese momento si que

non lles preocupou España, ían cunha bandeira de España que debía ser grande coma esta sala; aí non lles preocupaba a bandeira de España. Fíxense que os catro anos de bi-goberno na Xunta de Galicia deu para iso e para moito máis.

Falou vostede de que se estas ordenanzas son un instrumento para facer política social. Pero se vostedes están levando a política social desta cidade á ruína. Nesta cidade hai seis mil familias pobres que non teñen nin para comer e vostedes sacan unha liña de axuda que irá destinada, como moito, a mil persoas. Por certo, léase o informe tamén que non é banal o que di. Falou tamén de que hai que recadar máis. O ano pasado falaba vostede de que mantendo o IPC estamos reducindo a presión fiscal e, realmente é que non se decatan. Ou sexa, mantense a presión fiscal subindo un 4,2% o IPC o ano pasado cando os salarios non subiron nesa cantidade nin moito menos? Ou se lles está quitando poder adquisitivo ós cidadáns? Que isto é o que pasou.

Por certo, vostede si que viña aquí facer demagogia, mesmo traía o discurso escrito, porque se lle notou, e viña aquí facer un mitin político e aquí non estamos facendo iso, estamos a falar das taxas e dos impostos municipais; se quere facer un mitin política aluga unha sala ou o fai na sede, ou onde sexa pero non no Pleno do Concello, polo menos por respecto ós seus compañeiros concelleiros e ós cidadáns.

Falou vostede dar prioridade ó gasto e de repartir a riqueza cando lles demostramos que están a gastar cantidades inxentes de cartos de todos os cidadáns en publicidade, en protocolo e en gastos improdutivo. Ven vostede aquí coa *caradura* política de dicirnos todo iso cando ademais en Madrid apoian un goberno que lles sobe os impostos ás clases medias e baixas? Veñen vostedes aquí facer demagogia? Iso si que é facer demagogia. Pero claro, como xa lle dixen nun Pleno, vostedes están tombados diante do “poderoso” porque queren manter o coche oficial, a alfombra e o despacho que se reformou que tamén custaría o seu e do que algún día se poderá falar. Pero agora pasarei á Sra. Díaz que tamén terei para un rato.

A Sra. Díaz comezou aquí falando de Madrid, Ávila, Valladolid, Santander, Valencia, Castellón..., por que non fala de Albacete onde gobernan vostedes? Ou de Málaga que goberna o Partido Popular?

Eu cada día vexo máis división entre vostedes aínda que logo saian por aí “a brazo partido” dicindo que son moi amigos, mesmo o Alcalde chama ós concelleiros do BNG para se facer unha foto na rúa Coruña, pero eu cada día os vexo máis divididos.

A prensa di: “O PSOE esixe ó Concello de Málaga que baixe os impostos un 2,3%”. A

variación do IPC o ano pasado. O que están aplicando vostedes, onde?

Vostedes son moi coherentes, pero coherentes subindo os impostos un 4,2 cando o IPC ó final do exercicio foi do 1,4; nós o que lles pediamos agora é que o rebaixen un 2,8%, o mesmo que pide o PSOE no Concello de Málaga, pero se ve que os de Málaga deben ser máis listos que vostedes.

Falaba de Madrid pero eu non lle vou entrar no xogo de empezar a falar dun e doutro concello porque en primeiro lugar coido que non lle interesa á cidadanía e en segundo lugar porque estamos en Vigo.

Para a súa información, en Valladolid aínda non anunciaron as taxas e os impostos. O concelleiro chamoume o pasado venres, estivo a falar comigo e sei que aínda non o fixeron. Vostede debe ser pitonisa, a “bruxa Lola” e trae aquí unha información que a debeu de inventar. Pero a iso xa nos teñen acostumados.

No Concello de Madrid un vehículo de 12 ata 15,99 cabalos fiscais, en Vigo pagamos 124,70, en Madrid 137 euros. De 16 a 19,99 cabalos fiscais, en Vigo páganse 179,22 euros e en Madrid 175 euros. E así tamén poderíamos falar do tipo de IBI, en Madrid o 0,581%, aquí o 0,758%. Por certo, son datos da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos. Xa nin lle vou dar o papel ó remataren porque pode entrar vostede na páxina web do Ministerio de Economía e Facenda e compróbaos.

Agora ven co da taxa do lixo e con non sei que máis. Xa lle dixen antes que cun goberno do Partido Popular a taxa do lixo aplícase en función do valor catastral da vivenda, quen máis ten máis paga e quen menos ten menos paga. Non como o Partido Socialista que sobe o IVE en dous puntos, do 16 ó 18%, do 7 soben un punto ó 8%, pero é fantástico que o super-reducido non se sobe. Emilio Botín, Amancio Ortega, toda a xente rica deste país non compra produtos do IVE super-reducido, só compran do IVE do 8% a partir do 1 de xullo. Acaban de descubrir que non consumen produtos de primeira necesidade, nin medicamentos, nin nada diso. A verdade é que son vostedes uns gurús económicos e uns adiviños.

Aquí só podemos falar de que vostedes teñen o récord de paro neste país, máis de catro millóns de cidadáns, máis dun millón de persoas non teñen nin sequera unha prestación por desemprego. Pero iso si, agora sacarán do chapeu os 420 euros, en troques de xerar postos de traballo dan subsidios. Pero iso é algo ó que nos ten acostumados o Partido Socialista ó longo da historia.

Insisto nas novas dos xornais: “Zapatero asegura que a reforma fiscal afectará ás rendas máis altas”. Pero os máis ricos van pagar menos e os máis desfavorecidos...

Xa non vou sacar o titular de El Mundo, pero si o de El País, que xa non sei se agora son ou non amigos, haberíao que preguntar; neste di: "As rendas medias cargan co groso da suba de impostos". Aquel engano, porque foi un engano masivo, dos catrocentos euros que nos ían reducir da renda: "O goberno suprime a dedución de 400 euros, aumenta o IVE xeral e reducido e incrementa o imposto ás rendas de capital". ¡Toma goberno de progreso! Pero iso si, onde gobernamos os populares, xa non só a nivel nacional, senón a nivel europeo, onte gañou a Sra. Merkel en Alemaña e xa anunciou unha rebaixa de impostos porque a máis impostos máis paro. Xa tomei unha das leccións que me aconsellou o Pleno pasado e entón xa aprendín que canto máis soben os impostos, máis afogan ás familias e ás empresas e máis sobe o desemprego. Fíxese, imos ter que ir á mesma academia, cando queira invítoa.

Que veñan vostedes darnos leccións poñendo por exemplo Ávila, Valladolid, Santander, Valencia, Castellón e Madrid, cando están subindo os impostos a nivel nacional... O titular de El Mundo gústame: "Golpe fiscal á clase media e baixa. Dos 10.950.000 da suba tributaria Zapatero pide 430 ás rendas máis altas. O aumento do IVE e o fin da promesa electoral de 400 euros, eixes recadatorios". Isto é realmente moi bo.

Pode preguntarse algún cidadán por que estamos a falar dos impostos xerais nun debate sobre as taxas e impostos municipais. Isto é así porque inflúen porque como ben coñece vostede o Concello é outra das patas das que falabamos antes. Unha das patas dos ingresos son efectivamente os impostos e taxas municipais, outra son os impostos que se perciben do Estado en función do IRPF, do IVE, dos impostos sobre os bens de natureza urbana, sobre as cervexas, sobre o alcol, sobre as loterías..., de todas estas circunstancias. Eses impostos inflúen porque o Concello de Vigo percibirá máis pola recadación do IVE por canto se vai subir e supoño que terán vostedes esa previsión.

Pero teñen outra pata que é a que lles gusta, a pata de sancionar ós cidadáns, a das multas. Espero que este ano cando elaboren o orzamento polo menos sexan prudentes e teñan nas súas previsións a verdadeira recadación por multas. Poderían rebaixar os impostos, tiñan aí un ingreso extra que no exercicio do 2008 foi de seis millóns de euros. Pero claro, como vostedes son adiviños, son gurús da falsidade e da mentira, atopámonos con que despois do Pleno das multas, como ós cidadáns lles molestou bastante e maxino que llo dirían a vostede como a min, vimos que o Alcalde converteuse en lexislador e anunciou que vai eliminar as multas de 300 euros

porque é absolutamente inxusto. Xa llo digo eu, é unha barbaridade. Isto non o dicimos en Vigo, hai unha lei estatal que di que para os efectos de puntos, etc., hai que identificar ó condutor e que se se nega tense que aplicar unha multa de 300 euros.

O Sr. Alcalde anuncia que vai retirar esa multa de 300 euros, di que vai haber un informe de Asesoría Xurídica que de momento non aparece por ningures e que xa anuncio que non vai poder aparecer porque sería unha ilegalidade. Legalmente non se pode facer esta retirada da multa e senón eu invito ós cidadáns e cidadás que teñan unha multa de 300 euros a que veñan cun recorte de prensa onde o Alcalde anuncia que lles vai quitar a multa. Que veña onde deron instrucións de que se sigan cobrando para que lla quiten e senón que suban á Alcaldía na primeira planta e que lle reclamen.

É máis, o Partido Socialista presentou unha reforma no Senado para aumentar estas multas. É máis, o PSOE no Senado, cunha voceira que estivo sentada neste foro, quere que o guindastre se poida levar ós coches mal aparcados da XER. Isto quere dicir que non só non van quitar os 300 euros, senón que se van aumentar a 500 euros e á parte hai que pagar a multa e o guindastre. Esa é a congruencia do Partido Socialista que ten pouco de obreiro polo que se ve coa suba de impostos e o de español xa mesmo se está poñendo en dúbida.

O caso é que efectivamente, Sra. Díaz, pasamos a aforrármonos 80 céntimos de euro nos impostos. Ese é o aforro que imos ter os vigueses e as viguesas. Non sei onde mercará vostede o pan, pero a min dende logo que non me regalan unha botella de viño, en primeiro lugar porque non bebo viño e por iso me daría igual que ma regalasen ou non; logo me dirá onde o merca vostede para poderen ir aínda que igual o gasto nun ticket da ORA ou en gasolina que tamén sobe, porque como son especialistas en subir impostos ó final acabaremos pagando todos máis.

Pero como lle dicía antes, baixan un 0,2% porque están deixando España como un solar. Agora avanzamos algo porque xa empezan a recoñecer a crise, non hai que ir moi lonxe cando Zapatero dicía que a crise era unha falacia, puro catastrofismo, cando dicía que estabamos crescendo por riba do 3%; cando o Sr. Solbes dicía que a economía española “crecerá a velocidade de cruceiro”. Todas estas cousas dixéronas e hai unha especialmente divertida do Sr. Zapatero: “España está a salvo da crise financeira. España entrou na *champions ligue* da economía mundial”. Debe ser que como é do Barça ten algún tipo de complexo. Logo vía os “brotos verdes”, vendo o

negro que ten en casa non me estraña que vexa “brotos verdes” por todos os lados. Logo están os slogans que utilizaron na campaña: “Polo pleno emprego”. Falan de pleno emprego e cada vez hai máis parados. “Soñar cos pés na terra”. Non sei, motivos para soñar non hai. Ademais igual se soñas te aplican un imposto, mellor non o facer. “Motivos para crer”, crer en que? En que nos van subir o IVE? Porque do tipo do 16 ó 18% en roupa e calzado, electrodomésticos...

A PRESIDENCIA: Sr. Conde, como vexo que empeza a meterse cada vez máis na política do Estado e dado que esta intervención era de cinco minutos e leva vinte, por favor, vaia rematando.

SR. CONDE GIL: Estou a falar do Concello, Sr. Alcalde, expliquei con anterioridade que a suba de impostos vai afectar ó Concello.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde, aténdame un momento. Díxalle que a súa intervención era de cinco minutos, leva vinte e dado que está noutra teoría de impostos prégoles que vaia rematando. Só lle digo iso.

SR. CONDE GIL: Non, estou na teoría de que non lles gusta o que estamos dicindo e vexo que non se poñen de acordo o Sr. Domínguez Olveira e vostede.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde Gil, pode dicir vostede o que queira pero lle volto a dicir que leva catro veces o tempo que lle corresponde e non lle digo que remate, dígoles que vaia rematando.

SR. CONDE GIL: Creo que o tema é o suficientemente importante...

A PRESIDENCIA: Por iso lle digo que vaia rematando, pero leva vinte minutos en troques de cinco. Leva moito tempo falando.

SR. CONDE GIL: Uf, canto. A diferenza é que eu estou falando de Vigo e aquí houbo un intervención que se dedicou a falar de Madrid, Ávila, Castellón, Valencia, Valladolid, Santander e outros concellos.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde, si, pero durante doce minutos cando lle correspondían dez. A vostede lle corresponden cinco e leva vinte minutos. Non lle digo que remate, dígolle que vaia rematando.

SR. CONDE GIL: Irei rematando por imperativo legal. Pero o que é certo é que ó Partido Popular se lle acusa de dispersión e outros están falando do divino e do humano cando nós estamos falando de algo que afecta ós cidadáns.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde, imos ir en serio. Vaia rematando, por favor.

SR. CONDE GIL: Tipo reducido: as vivendas, os alimentos agás os que cotizan como tipo súper-reducido, hostalaría e restauración, transporte terrestre... Ou sexa, cando nos veñan no mes de decembro coa suba do autobús e do taxi que saiban os cidadáns que en xullo volverá subir; este un exemplo. Agora iso si, falando do tipo súper-reducido, volvo ó que dicía antes: o Sr. Botín non toma nin pan, nin leite, nin medicamentos, nin le libros, nin revistas; iso non o fai, non hai tampouco xente que teña unha SICAV, que teña un vehículo especial, eses non varían. Pero, por que non varían? Por demagogia pura e dura. Iso si, as vivendas, todos os alimentos: o polo, a carne, o porco, os ovos..., todo iso vai subir do 7 ó 8% e así mesmo a roupa e o calzado. Ó final vanse cargar o consumo, de seren así non se vai recadar e de seren así non se van poder destinar os cartos ó que os hai que destinar e o único que farán é o que están facendo: afundir o país.

Isto non o di só o Partido Popular, tamén o din algúns sindicatos que están protestando aínda que é certo que de estaren gobernando o Partido Popular xa nos tería caído unha boa, coma unha folga xeral.

Para resumir, rematar e que non se enfade comigo quen non quere escoitar o que estou dicindo, estamos diante dunha falsa baixada dos impostos, diante dunha propaganda e unha mentira. Empregan calquera tema por pequeno que sexa para anunciar grandes cousas, dicir que todo é fantástico, fenomenal..., eses adxectivos cualificativos ós que nos ten acostumados nas roldas de prensa a pé de obra o Sr. Alcalde. Unha cousa que ennobrece ó Sr. Domínguez Olveira é que recoñeceu que o anuncio dunha baixada de impostos municipais e taxas é unha aplicación do IPC e polo tanto non é unha baixada real, sinxelamente é un automatismo que se ven aplicando no Concello.

Pedímoslles que, xa que queren baixar os impostos, non sexan tan mornos; vou dicir outra palabra pero igual non lles gusta: que non sexan cutres e que non baixen o 0,2%, que devolvan ós cidadáns o 2,8% que se recadou o ano pasado de máis. O 2,8% sinxelamente por nos axustar ós IPCs porque se vemos a diferenza entre as subas dos salarios dos cidadáns e o que subiron os impostos, seguramente que sería moito máis. Dicía vostede que se o 3%; maxino que o 3% ó que se refería era o tema da domiciliación dos recibos pero tamén aí foron mornos porque a lei prevé que poida ser ata un 5%, vostedes conformáronse cun 3%.

Eu dígolles que o recibo do lixo baixa 15 céntimos de euro e iso non o pode discutir, non dá nin para “chuches”. O IBI non vai baixar e eu dígolle ós cidadáns e ás cidadás que garden o recibo deste ano e que o comparen co do ano que ven e poderán ver como van pagar máis. A rebaixa que imos ter é de aproximadamente 80 céntimos, poden ser dous euros e pico ou tres euros por familia. Se esa é unha baixada de impostos que vai devolver a capacidade económica á cidadanía, que veña Deus e o vexa.

Pedímoslles que non fagan demagogia, que sexan realistas e que por favor nos orzamentos, que será o seguinte que fagan vostedes, sexan realistas. Sra. Díaz, que esa folla de cálculo que ten vostede sexa realista. Cando presenten unha recadación por IBI axústena á realidade, non fagan como no 2008 que ó final o padrón saíu cun millón de euros menos ou como no 2009 que tamén non sei se eran tamén cincocentas ou catrocentos mil euros menos. Ou como no IAE, ou as multas; non poñan 3.100.000 euros para quedar, como se di vulgarmente, de “*guais*”, de que non recadamos por multas e logo que a realidade sexa caprichosa e sexan 11.500.000 euros; axusten máis.

Xa verán como poden sacar partidas para lles rebaixar os impostos ós cidadáns. E se non o saben facer, presenten a dimisión, poñémonos nós ó fronte do goberno e mellor lles vai ir ós vigueses e viguesas.

A PRESIDENCIA: Fago unha valoración dos tempos que se utilizaron no debate. O Sr. Conde Gil utilizou nesta intervención vinte e oito minutos, correspondíanlle cinco. Vostede e máis o Sr. Domínguez Olveira utilizaron trinta e cinco minutos; o goberno e o Sr. Domínguez intervindo como BNG falamos dez minutos menos que o Sr. Conde Gil. Digo isto para que quede clara a tolerancia da Presidencia nas intervencións.

Polo tanto, Sra. Díaz, correspóndenlle tres minutos pero faga unha utilización

xenerosa dese tempo.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Grazas, pero tentarei ser breve porque tampouco vale insistir sobre o mesmo.

De novo, Sr. Conde, a primeira palabra que utilizou foi “mentira”. Dixo que cando o Partido Popular estaba gobernando deixou as contas mellor ca nunca. Sr. Conde, non se lembra dos nove millóns de euros que deixaron en débedas? Non se lembra de que o primeiro mes, no primeiro Pleno tivemos que facer unha modificación orzamentaria para pagar eses nove millóns de euros en débedas que vostedes deixaron? Non, non se lembra porque eu si lembro que vostedes se ergueron porque a verdade era demasiado forte, a verdade era que vostedes estaban dicindo que deixaran as arcas estupendamente e tiñan máis de nove millóns de euros en débedas e polo tanto os remanentes consumidos porque foron para pagar esas débedas, Sr. Conde. Non se lembra porque se ergueu.

Cando fala de despachos tampouco se lembra de que a Sra. Porro gastou millóns de euros en facer un despacho no Areal que tamén deixou sen pagar. Diso tampouco se lembra, verdade? Dos millóns de euros que se gastaron no despacho do Areal, das facturas sen pagar que quedaron do despacho do Areal da Sra. Porro. Tampouco lembra que mentres que a Sra. Porro estaba cambiando os cobre-radiadores nos despachos do Areal porque non lle gustaban, estaban novos porque os estaba utilizando o Reitor da Universidade de Vigo, as calefaccións das escolas públicas estaban sen arranxar. Esa é a diferenza: a Sra. Porro ben quentiña e os nosos nenos pasando frío. Esa é a diferenza entre o Partido Socialista e o Partido Popular.

A súa resposta é o recoñecemento de que non sabe por onde saír no debate, que non teñen argumento, nin discurso, nin coherencia. Recoñecen que saben que teñen perdido este debate. Critica á cidade de Málaga porque está pedindo o que nós facemos que é aplicar a redución de IPC. Lémbrolle que hai cidades como Castellón na que governa o Partido Popular onde co argumento do IPC o ano pasado subiron os impostos un 5,7% e este ano tocáballe unha redución do 1,4% e non o están facendo. Por iso non quere entrar no xogo de cidades, non quere que falemos doutras cidades onde vostedes están gobernando porque se lles ve o plumeiro, se lles ve que é o que realmente están facendo nas cidades onde gobernan.

Logo di que son a “pitonisa Lola” porque falo de Valladolid, di que estou inventando os datos de Valladolid. Vaia morro, Sr. Conde, e di que falou vostede co concelleiro de

Facenda de Valladolid? Pois entón este concelleiro de Valladolid ten bipolaridade ou bipersonalidade ou non sei que porque teño aquí a seguinte nota enviada o venres, 18 de setembro de 2009 ás 11,06 polo Gabinete de Prensa do Concello de Valladolid onde di: "O Concelleiro de Facenda presentou esta mañá os cambios nos tributos municipais cara ó 2010 entre os que cabe salientar que se conxelan os tributos municipais". Iso dixo o Concelleiro de Facenda de Valladolid o 18 de setembro, debeu ser que non se lembraba cando falou con vostede. Non sei se serei ou non "pitonisa Lola" pero dende logo ó mellor vostedes son tamén "Paco Porras".

Falou da reforma fiscal que presenta este goberno e que os máis desfavorecidos van ser as clases medias e baixas e logo defende ó Sr. Botín. Asómbrame porque o Sr. Botín xa se defende só, non creo que precise que ninguén o defenda neste Pleno, pero se quere fágao aínda que eu lle digo que o Sr. Botín cando vaia comprar 6.000 euros de caviar, vai pagar máis. Pero os que van mercar o pan todos os días e os que teñen a cesta da compra máis reducida non van pagar máis.

Pregúntome cales son as súas propostas nun momento de crise, se vostedes para axustar o orzamento do Estado do ano que ven proporán diminuír as prestacións sociais, que a cobertura do desemprego sexa menor. Son esas algunhas das súas propostas? Porque senón as contas non cadran. Ou quizais a súa proposta sexa a de diminuír o investimento público porque fala de que aprendeu unha lección pero lle faltan moitas máis e unha lección moi importante é que en épocas de crise o Estado ten que fomentar a demanda. Esa é unha lección fundamental: en épocas de crise o Estado ten que aparecer incrementando a demanda a través de prestacións sociais e de investimento e non facendo recortes como fixeron vostedes cando se atoparon cunha crise moito máis pequena da que estamos pasando.

Con respecto ás sancións son vostedes os que non se decatán porque é falso todo o que están a dicir. Iso de que o guindastre se vai levar o coche e que entón pagaremos pola ORA e polo guindastre, iso están a facer o Partido Popular en Pamplona, Sr. Conde, non se confunda; iso de que o coche está na ORA, leva máis tempo e terá que pagar o guindastre está a facelo o Partido Popular en Pamplona e pídolle que me fale dunha soa sanción máis que metera este goberno que non tiveran vostedes; dígame só unha porque eu si que lle podo falar de sancións que introduciu o Partido Popular en cidades onde goberna e lémbrolle a da Sra. Botella de 700 euros. Esa si que é a realidade e por iso non quere falar doutras provincias porque cando gobernan se lles ve o plumeiro.

Di vostede que non van subir impostos, que son moi sociais, que van facer cousas pero, que fixeron nada máis chegar á Xunta? Quitaron a gratuidade dos libros de texto. Tecnicamente iso non é unha subida de impostos pero o certo é que agora todos os pais e nais temos que pagar máis de 150 euros por fillo polos seus libros. Tecnicamente non é unha subida de impostos pero si é unha carga fiscal para as familias. Os que temos fillos temos que pagar agora máis de 150 euros por cada fillo para poder ter educación, para que vaian a clases e reciban unha educación decente e para todos.

Esa é a diferenza entre vostedes e nós e por iso este goberno ten máis mérito que ningún goberno porque mentres outros están subindo nós propoñemos baixadas e a realidade, por moito que lle doa Sr. Conde, é que os vigueses e viguesas pagarán menos pola auga, polo lixo, polas educacións especiais, polo teatro, polas actividades deportivas, polos coches..., por todo, Sr. Conde, pagarán menos, esa é a realidade e iso non son 80 céntimos. Teño aquí datos e así temos que en educación infantil, en gardería serán 5 euros menos; por ensinos especiais, por unha matrícula nun curso de teatro 3 euros; por ir ó ximnasio só dúas sesións pola mañá, 1 euro. Sume todas, Sr. Conde, non estamos falando de dúas taxas, estamos falando de catorce, das que máis utilizan os veciños e veciñas de Vigo, do que afecta a todos e non só do que afecta a uns cantos.

A realidade que lles doe é que cando e onde gobernan os impostos e as taxas municipais están subindo. A realidade é que de gobernar vostedes aquí en Vigo, hoxe estaríamos debatendo unhas ordenanzas con máis subas de impostos, máis sancións e máis taxas porque é o que están facendo noutras cidades de España. Dígame unha cidade na que estea gobernando o Partido Popular onde se propón o que presenta este goberno, dígame só unha, se me di unha eu lle dou credibilidade, senón non teñen ningunha credibilidade.

7.- (171).- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

ANTECEDENTES.- Con data 24 de xullo de 2009 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

S.Ordinaria 28.09.09

En sesión do 7 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

A Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 14 de setembro de 2009, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de setembro de 2009, presta a súa conformidade á modificación proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES" (2).

ARTIGO 6.- BONIFICACIÓN

4.- Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos -pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constitúa a residencia habitual da familia e sempre e cando cumplan a seguinte

condición:

Contar con ingresos brutos anuais, per capita, no exercizo da solicitude, inferiores a 5.447 euros.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA

- 1.- A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.
- 2.- O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,756%.
- 3.- O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,3%.
- 4.- O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,756%.

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª.- A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2010 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

8.- (172).- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

ANTECEDENTES.- Con data 24 de xullo de 2009 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

En sesión do 7 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

A Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 14 de setembro de 2009, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de setembro de 2009, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas

S.Ordinaria 28.09.09

Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

ARTIGO 4.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

2.- ...

Nos casos en que a documentación oficial do vehículo ofrezca dúbidas sobre a data de primeira matriculación e/ou fabricación, a data de fabricación deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante. Notificarase expresamente resolución desestimatoria no caso de que da documentación aportada non resultase probada a antigüidade mínima de 25 anos. Noutro caso, non se producirá acordo expreso, aplicándose esta bonificación de oficio.

ARTIGO 6.- COTA

1.- O imposto esixirase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas, de conformidade co disposto no artigo 95 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A.	TURISMOS	COTA ANUAL
A.1.	de menos de 8 cabalos fiscais	20,85 €
A.2.	de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	57,95 €

A.3.	de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	124,45 €
A.4.	de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	178,85 €
A.5.	de máis de 20 cabalos fiscais	223,55 €
B.	AUTOBUSES	COTA ANUAL
B.1.	de menos de 21 prazas	140,65 €
B.2.	de 21 a 50 prazas	204,25 €
B.3.	de máis de 50 prazas	255,35 €
C.	CAMIÓNS	COTA ANUAL
C.1.	de menos de 1000 kg. de carga útil	71,70 €
C.2.	de 1000 a 2999 kg. de carga útil	140,65 €
C.3.	de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil	204,25 €
C.4.	de máis de 9999 kg. de carga útil	255,35 €
D.	TRACTORES	COTA ANUAL
D.1.	de menos de 16 cabalos fiscais	27,20 €
D.2.	de 16 a 25 cabalos fiscais	43,55 €
D.3.	de máis de 25 cabalos fiscais	130,45 €
E.	REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA	COTA ANUAL
E.1.	máis de 750 kg a 1000 kg. carga útil	29,80 €
E.2.	de 1000 a 2999 kg. de carga útil	46,90 €
E.3.	máis de 2999 kg. de carga útil	143,35 €
F.	OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL
F.1.	Ciclomotores	6,30 €
F.2.	Motocicletas ata 125 cc.	6,30 €
F.3.	Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	12,50 €
F.4.	Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	30,25 €
F.5.	Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	60,45 €
F.6.	Motocicletas de máis de 1000 cc.	120,90 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2010 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

9.- (173).- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

ANTECEDENTES.- Con data 24 de xullo de 2009 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre

actividades económicas no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo. En sesión do 7 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada. A Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 14 de setembro de 2009, presta a súa conformidade ó anterior informe proposto. A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de setembro de 2009, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre as actividades económicas co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

1.- Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 9.1 b) desta ordenanza, o Concello de Vigo establece a seguinte

S.Ordinaria 28.09.09

escala de coeficientes que ponderan a situación física do local, atendendo á categoría da rúa en que radique:

Categoría Fiscal	Coefficiente Situación
1ª	2,90
2ª	2,71
3ª	2,54
4ª	2,34
5ª	2,19
6ª	1,99

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2010 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

10.- (174).- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Con data 29 de xullo de 2009 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

En sesión do 7 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

A Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 14 de setembro de 2009, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de setembro de 2009, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba

Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais, co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS

ARTIGO 4.- BENEFICIOS FISCAIS

c) Estarán exentos de taxas correspondentes a expedición de licenzas de inhumación ou enterramento, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.487 €. A titularidade de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 48.817 €.

d) Estarán exentos do pagamento das taxas correspondentes á expedición de licenzas de inhumacións ou enterramentos as familias que teñan a condición de familias numerosas, con ingresos brutos anuais, per capita, no exercizo da solicitude inferiores a 5.447 €

ARTIGO 5.- COTAS

A. Concesións temporais

A.1. Por período de 6 anos ou fracción

A.1.1. de cinceiros sinxelos	125,15 €
de cinceiros dobres	226,45 €
A.1.2. de criptas	125,15 €
A.1.3. de nichos	366,45 €
A.1.4. Párvulos	202,60 €

A.2. Por período de 50 anos

A.2.1. de nichos	2.045,40 €
A.2.2. de cinceiros	356,80 €

A.2.3. de parcelas exclusivamente
(m2 ou fracción) 356,80 €

B. Renovación por catro anos das concesións recollidas no apartado A.1.

B.1. de cinceiros sinxelos 81,55 €
de cinceiros dobres 154,30 €

B.2. de criptas 81,55 €

B.3. de nichos 245,65 €

B.4. de párvulos 202,60 €

C. Expedición de títulos de sepulturas e parcelas

C.1. de mausoleos, panteóns, parcelas, cinceiros, criptas e nichos, así como
duplicados dos mesmos 19,25 €

D. Expedición de licenzas

D.1. Inhumacións.

Entenderase por inhumación o enterramento de cadáveres e toda clase de restos que impliquen a apertura ou peche de oco para enterramento, tanto nichos, cinceiros, panteóns, etc.

	Terra	Nichos e Cinceiros	Criptas, panteón e mausoleos
- Adultos e párvulos	34,75	59,55	131,80 €
- Fetos e restos anatómicos			15,15 €

D.2. EXHUMACIÓN 45,00 €

As anteriores licenzas comprenden a máis da autorización administrativa propia desta ordenanza, a correspondente autorización para realizar obra menor.

E. Transmisións do dereito de concesión e uso ou aproveitamento, entre particulares

E.1. De terreos por cada 3 m2.

E.1.1. hereditarios 28,65 €

E.1.2. intervivos 511,00 €

E.2. Nichos e criptas por unidade

E.2.1. hereditarios 28,65 €

E.2.2. intervivos 154,30 €

E.3. de cinceiros

E.3.1. hereditarios 9,40 €

E.3.2. intervivos 38,35 €

E.4. De panteóns e mausoleos por unidade

E.4.1. hereditarios 202,60 €

E.4.2. intervivos 766,95 €

No caso de que notificadas as autorizacións para transmisión a que se refire este apartado E), a transmisión non fose efectiva, os interesados terán dereito a

devolución do 90% das cotas ingresadas en concepto das citadas autorizacións.

F. Taxa de mantemento e limpeza

F.1. Donos e concesionarios de panteóns, capelas, mausoleos e criptas, por unidade e ano 32,50 €

F.2. Donos e concesionarios de nichos por un ano,
unha ou dúas bocas de nichos 8,55 €
3 ou 4 bocas 16,05 €

F.3. Sepultura en terra p/unidade e ano 2,55 €

O devecer desta taxa aludida no apartado F) prodúcese o 1 de xaneiro do ano en curso.

ARTIGO 7.- INGRESO

3.- As liquidacións correspondentes ás concesións do apartado A.2.1 do artigo 5 desta ordenanza poderán ingresarse polo seu importe total ou ben en fraccións, no caso de que se trate de nichos en construción. As posibles fraccións faranse da seguinte forma:

1ª liquidación
No momento da notificación do acordo de adxudicación. 512,65 €

2ª liquidación
Unha vez aprobadas certificacións de obras por importe equivalente ó 50% do total do proxecto. 760,60 €

3ª liquidación
A recepción provisional da obra e outorgamento do título de concesión 772,10 €

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

De conformidade co artigo 44 da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006 relativa aos servizos no mercado interior, o Concello adecuará o presente texto, no que lle afecte, ao disposto na Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizo e ao seu exercizo, á Lei de modificación de diversas leis para a súa adaptación á anterior Lei (ámbalas dúas actualmente en trámite parlamentario), así como á normativa autonómica afectada, facultándose á Dirección de Ingresos para a elaboración do correspondente texto refundido.

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

11.- (175).- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO.

ANTECEDENTES.- Con data 24 de xullo de 2009 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

En sesión do 7 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

A Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 14 de setembro de 2009, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de setembro de 2009, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo, co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO

ARTIGO 4 BENEFICIOS FISCAIS.

1.- Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo vivendas, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.487 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 48.817 €.

4.- Estarán exentos de taxa de lixo-vivendas os suxeitos pasivos -pai, nai ou titor-titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumpran a seguinte condición:

- Contar con ingresos brutos anuais, per capita, no exercizo anterior ó da solicitude inferiores a 5.447€

Suprímese o parágrafo 3º deste apartado 4.

ARTIGO 5 COTA.

2. A estrutura tarifaria é a seguinte:

A) VIVENDAS.

	CÓDIGO CONCEPTO	EUROS
139	Cota anual	79,30

B) ESTABLECEMENTOS

	CÓDIGO CONCEPTO	EUROS
1	Accesorios e vehículos, venda.	408,25
2	Alfombras e papeis pintados, Venda,	204,45
43	Almacéns frigoríficos e outros.	2.110,00
5	Artigos de pel, peletería.	241,70
6	Artigos de viaxe.	260,15
7	Axencias de viaxe.	204,45
8	Bancos.	1.177,15
9	Bares e cafés de categoría especial.	426,05
91	Outros cafés e bares.	242,70
124	Bibliotecas, museos. salas de arte.	156,45
11	Bingos e outros xogos de azar	1.066,15
12	Bixuterías.	165,45
14	Bombonerías.	204,45
15	Cadros e molduras, lámpadas.	243,60
16	Cafeterías.	713,30
17	Carnicerías	378,05
19	Cines.	534,80
20	Clubs, peñas e asociacións culturais.	156,45
21	Colexios e academias de ensino, por planta.	156,45
22	Ídem. Ídem. con internado, por planta.	165,45
23	Colexios profesionais.	230,15
24	Comestibles (epígrafes. 647.1 e 647.2).	304,30
10	Comercio menor toda clase artigos, por planta.	426,05
140	Comercio menor toda clase de artigos de superficie inferior a 75 m2.	377,30

25	Confeiterías,pastelerías e panaderías con obrador.	333,05
26	Consultorios.	204,45
125	Clínicas de día sen hospitalización.	409,05
27	Corte e confección, modistas e xastrerías.	242,70
28	Cristalerías.	230,15
29	Churrerías.	156,45
30	Depósitos e almacéns pechados ó público.	242,70
31	Discos e cintas de vídeo, venda e alugueiro.	341,85
32	Discotecas.	1.006,35
33	Droguerías.	333,05
34	Efectos navais.	409,05
35	Estacións de servizo.	613,05
36	Estancos.	156,45
37	Estudos fotográficos.	165,45
38	Farmacias e laboratorios.	242,70
39	Ferrancharías, chatarrerías.	333,05
40	Ferreterías.	409,05
41	Florerías e paxareiras.	204,45
42	Fotografía, venda de material.	328,95
44	Froiterías, herboristerías.	204,45
45	Garaxes privados, ata 3 prazas	79,30
46	Ídem. de 4 a 25 prazas.	138,55
47	Ídem. de máis de 25 prazas.	180,25
48	Garaxes públicos	305,00
49	Garaxes públicos con lavado.	409,05
50	Gasolineiras, por cada surtidor.	83,95
126	Granxas de animais.	378,05
143	Hoteis de cinco estrelas	2.175,45
51	Hoteis e moteis de catro estrelas.	1.706,00
52	Hoteis e moteis de tres estrelas.	1.278,85
53	Hoteis e moteis de dúas e unha estrela.	1.024,60
54	Hoteis-apartamentos e aloxamentos Turísticos extra hoteleiros e cámpings.	812,15
55	Imprentas e litografías.	409,05
56	Instrumentos musicais.	242,70
58	Librerías.	328,95
59	Loterías, administracións de.	156,45
60	Maquinaria diversa, venda e exposición	409,05
61	Material eléctrico e electrodoméstico, ordenadores.	328,95
62	Material de construción.	409,05
63	Mobiliario de oficina, venda e exposición.	486,75
64	Mercerías.	156,45
65	Mobles, exposición.	409,05
141	Mobles, venda en establecementos superficie ata 150 m2.	486,75
66	Mobles, venda en establecementos superficie sup. a 150 m2 .	812,15
67	Mobles de cociña e baño, venda e exposición.	409,05
68	Obxectos de agasallo,decoración e antigüidades.	328,95
69	Obxectos de deporte.	242,70
70	Oficinas e despachos, por unidade.	199,90
71	Ópticas.	156,45
72	Ortopedias.	409,05

73	Panaderías e bolerías sen obrador.	156,45
74	Papelerías, fotocopias.	242,70
76	Perruquerías e salóns de beleza.	304,30
127	Perruquerías e salóns de beleza de superficie inferior a 50 m2 e/ou na propia vivenda.	204,45
77	Pensións, hospedarías e hostais.	409,05
128	Ídem sen comida, por habitación.	47,05
78	Perfumerías.	242,70
79	Peixarías.	242,70
129	Polideportivos, campos de fútbol e similares.	534,80
80	Praterías e xoierías.	358,10
130	Preescolares e garderías infantís.	204,45
81	Quioscos.	156,45
131	Rastrillos e similares.	242,70
82	Reloxerías.	242,70
83	Residencias non clasificadas por turismo, por planta.	156,45
84	Restaurantes de 4 e 5 cubertos.	839,60
85	Restaurantes de 2 e 3 cubertos.	744,75
86	Restaurantes de 1 cuberto.	534,80
132	Sanatorios de máis de 30 camas.	2.728,50
133	Sanatorios de ata 30 camas.	1.636,55
105	Servizos de reprodución gráfica.	343,70
89	Sociedades de lecer e casinos.	957,50
90	Supermercados (epígrafes 647.3 e 647.4).	1.278,85
93	Tecidos e confeccións por planta.	364,40
94	Tinturerías e lavanderías.	242,70
95	Transportes públicos e privados.	613,05
96	Venda de localidades.	83,95
134	Veterinarios e perruquerías caninas.	305,15
Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente

texto refundido.

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. 2010

ARTIGO 5.- TARIFAS

TARIFA I.- COTA DE ABOAMENTO

A cota establecida no presente epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos bimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

- Cota de aboamento ó servizo 3,42 €/usuario/mes

TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS

A) Uso doméstico:	
De 0 a 30 m ³	0,3462 €/m ³
Exceso de 30 ata 50 m ³	0,4559 €/m ³
Idem de 50 ata 70 m ³	0,4633 €/m ³
Idem de 70 ata 100 m ³	0,7905 €/m ³
Idem de 100 ata 200 m ³	0,8040 €/m ³
Exceso de 200 m ³	1,0515 €/m ³
B) Uso non doméstico:	
De 0 a 30 m ³	0,6569 €/m ³
Exceso de 30 ata 50 m ³	0,9621 €/m ³
Idem de 50 ata 70 m ³	0,9920 €/m ³
Idem de 70 ata 200 m ³	1,2040 €/m ³
Idem de 200 ata 500 m ³	1,2418 €/m ³
Exceso de 500 m ³	1,3056 €/m ³

TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS

A) Usos domésticos:	
De 0 a 30 m ³	0,3764 €/m ³
Exceso de 30 ata 50 m ³	0,4885 €/m ³
Idem de 50 ata 70 m ³	0,4943 €/m ³
Idem de 70 ata 100 m ³	0,7630 €/m ³
Idem de 100 ata 200 m ³	0,7708 €/m ³
Exceso de 200 m ³	0,8742 €/m ³
B) Uso non doméstico:	
De 0 a 30 m ³	0,5872 €/m ³
Exceso de 30 ata 50 m ³	0,7410 €/m ³

Idem de 50 ata 70 m3	0,7529 €/m3
Idem de 70 ata 200 m3	0,9266 €/m3
Idem de 200 ata 500 m3	1,0407 €/m3
Exceso de 500 m3	1,1988 €/m3

TARIFA IX.- UTILIZACIÓN DE CONTADORES DE MEDIDA

A) Cota de alugamento: A cota de alugamento será o termo fixo 0.002205 multiplicado polo cadrado do diámetro do contador expresado en milímetros; e dicir, $0,002205 \cdot (\varnothing^2)$ €/contador/mes. (Para contadores de ata 13 mm. a cota de alugamento será de 0,3726 €/contador/mes)

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2010 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

ANEXO I

CADRO DE PREZOS DE EXECUCIÓN MATERIAL PARA A REDACCIÓN DE ORZAMENTOS DE CONEXIÓNS E PROLONGACIÓNS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON CARGO ÓS ABONADOS.

CONEXIÓNS ABASTECIMENTO

- 1.1. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 20 ou 25 mm. de diámetro, totalmente instalada, incluíndo escavación e recheo así como levantamento e reposición de pavimentación. 561,4129 €
- 1.2. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 30 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regos e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 913,4262 €
- 1.3. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regos e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 954,8435 €
- 1.4. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 50 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regos e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 991,44 €
- 1.5. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 63 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regos e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.026,58 €
- 1.6. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 75 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regos e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.059,8053 €
- 1.7. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 90 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regos e excluído

- levantamento e reposición de pavimentación. 1.276,01 €
- 1.8. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro para boca de incendios/rego, excluído levantamento e reposición de pavimentación. 954,8435 €
- 1.9. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 50 mm. de diámetro, para boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 991,44 €
- 1.10. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 63 mm. de diámetro, para boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.026,58 €
- 1.11. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 75 mm. de diámetro para hidrante de incendios, excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.059,8053 €
- 1.12. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 90 mm. de diámetro, para boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.276,01 €
- 1.13. Conexión á rede existente en ampliacións de Abastecemento con tubería de FD-100 mm, incluída mano de obra, empalmes e pezas especiais se fose necesario, excluída válvula de corte. 385,14 €
- 1.14. Conexión a rede existente en ampliacións de Abastecemento con tubería de FD-150 mm, incluída mano de obra, empalmes e pezas especiais se fose necesario, excluída válvula de corte. 476,37 €
- 1.15. Conexión a rede existente en ampliacións de Abastecemento con tubería de FD-200 mm, incluída mano de obra, empalmes y T de derivación, excluída válvula de corte. 620,14 €
- 1.16. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 20 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación. 17,8604 €
- 1.17. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 25 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación. 18,7811 €
- 1.18. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 30 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación. 20,0986 €
- 1.19. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso

escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación. 22,0972 €

2.- CONEXIÓNS DE SANEAMENTO

2.1. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación e pozo se fora necesario. 860,8331 €

2.2. Conexión de saneamento de lonxitude entre 6 e 9 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación e pozo se fora necesario. 1.076,0489 €

2.3. Conexión de saneamento de lonxitude entre 9 e 12 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación e pozo se fora necesario. 1.506,4879 €

2.4. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 25 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo. 675,0878 €

2.5. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 31,5 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo. 846,2289 €

2.6. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 40 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo. 1.044,3253 €

2.7. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 50 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo. 1.301,5872 €

2.8. Conexión a red existente en ampliacións de saneamento, para tuberías de diámetro inferior a 80 cm., incluídos materiais e man de obra. 383,96 €

2.9. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, totalmente instalado mesmo escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 12 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación. 66,3515 €

2.10. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 25 cm. de diámetro, totalmente instalada incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación. 80,7835 €

2.11. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 31,5 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación. 107,7014 €

2.12. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 40 cm. de diámetro, totalmente instalada incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación. 138,8411 €

2.13. MI. de subministración e colocación de tubo de PVC de 50 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluindo levantamento e reposición de pavimentación. 179,2928 €

3.- ESCAVACIÓNS E RECHEOS.

3.1. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en terreo de tránsito, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas ó 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados ((20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes ó vertedoiro. 26,4912 €

3.2. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en roca, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas ó 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados 20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes ó vertedoiro. 61,8977 €

4.- LEVANTAMENTO E REPOSICIÓN DE PAVIMENTACIÓNS.

4.1. M2. De levantamento e reposición de macadam con dous regos asfálticos de 7 Kg. De ligante ECR-2 con 0,300 m3. De áridos, completamente rematada. 17,4188 €

4.2. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de vinte (20) cm. de grosor, completamente rematado. 58,0426 €

4.3. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de trinta (30) cm. de grosor, completamente rematado. 72,9313 €

4.4. M2. De levantamento e reposición de pavimentación de formigón de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 20 cm. de grosor, completamente rematado. 34,1564 €

4.5. M2. De levantamento e reposición de baldosa de terrazo en cores, na beirarrúa, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado. 54,9212 €

4.6. M2. De levantamento e reposición de baldosas de cemento, modelo oficial, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado. 40,6613 €

4.7. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre area aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado. 18,9084 €

4.8. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 20 cm. de grosor aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado. 53,5513 €

4.9. M2. De levantamento e reposición de baldosa de perpiaño asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica y 20 cm. de grosor, completamente rematado. 136,2812 €

4.10. M2. De levantamento e reposición de chapacuña con dous regos asfálticos de 7Kg. de ligante ECR-2, con 0,300 m3. de áridos, completamente rematado 17,4338 €

5.- INSTALACIÓN DE TUBO DE ABASTECIMIENTO.

5.1. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 60 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 15,7271 €

5.2. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 80 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 20,4878 €

5.3. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 100 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 24,0809 €

5.4. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 125 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 31,3568 €

5.5. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 150 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 34,0965 €

5.6. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 175 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 38,1012 €

5.7. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 200 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 50,7218 €

5.8. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 250 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 65,3635 €

5.9. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 300 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 81,0605 €

5.10. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 350 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 100,3731 €

5.11. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 400 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 124,8134 €

5.12. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 450 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 145,3161 €

5.13. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 500 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 165,3548 €

5.14. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ¼", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada. 8,9751 €

5.15. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ½", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada. 9,9483 €

5.16. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 2", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada. 12,7254 €

6.- VÁLVULAS PARA REDE DE ABASTECIMENTO.

6.1. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 60 mm. 227,1028 €

6.2. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 80 mm. 254,0356 €

6.3. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 100 mm. 281,7694 €

6.4. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 125 mm. 403,9703 €

6.5. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 150 mm. 428,4778 €

6.6. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 175 mm. 676,0684 €

6.7. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 200 mm.	709,3340 €
6.8. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 250 mm.	1.170,7106 €
6.9. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 300 mm.	1.414,5434 €
6.10. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 350 mm.	1.890,0751 €
6.11. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 400 mm.	2.406,9194 €
6.12. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 450 mm.	5.094,4253 €
6.13. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 500 mm.	5.474,0153 €

7.- INSTALACIÓN DE TUBO DE SANEAMIENTO.

7.1. MI de subministro e colocación de tubo de PVC de 250 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unións, totalmente instalado, 39,44 €

7.2. MI de subministro e colocación de tubo de PVC de 315 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unións, totalmente instalado, 66,08 €

7.3. MI de subministro e colocación de tubo de PVC de 400 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unións, totalmente instalado, 89,40 €

7.4. MI de subministro e colocación de tubo de PVC de 500 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unións, totalmente instalado, 131,21 €

7.5. MI de subministro e colocación de tubo de PVC de 600 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unións, totalmente instalado, 147,44 €

7.6. MI de subministro e colocación de tubo de PVC de 800 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unións, totalmente instalado, 238,42 €

8.- REXISTROS

8.1. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 1,50 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm². De resistencia

característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm². De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro. 932,9484 €

8.2. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 2,00 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm². De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm². De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro 68,8265 €

8.3. Ud. De pozo de rexistro, sen areeiro, de 1,00 m. De diámetro, formado por soleira de formigón de 200 Kp/cm². De R.C., y de 20 cm. de grosor, arillos de formigón, tapas e cerca de fundición dúctil de calzada, incluso escavación en todo terreo, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/ISA-14, NTE/ISS-55, e Ordenanza, medida a unidade rematada. 543,7396 €

8.4. Ud. De adaptación ó pozo existente, incluíndo cono, marco e tapa de fundición dúctil con dispositivo de acerroxado. 267,3822 €

9.- TRABALLOS ESPECIAIS.

9.1. Ud. De colocación de contador de ata 40 mm. de diámetro, sen incluír o aparello, en reposicións de subministración interrompido por fraude. 69,0313€

9.2. Ud. De reposición de conexión de abastecemento anulada por detección de fraude. 138,0552 €

10.- PREZOS DE MAN DE OBRA E MAQUINARIA PARA TRABALLOS REALIZADOS POLA ADMINISTRACIÓN.

10.1. MAQUINARIA

10.1.1.	Hora de compresor	11,5501 €
10.1.2.	Hora de camión MAN	36,7314 €
10.1.3.	Hora de camión PEGASO	29,3806 €
10.1.4.	Hora de camión EBRO	24,1332 €
10.1.5 .	Hora de retroescavadora TY-45.	39,8753 €
10.1.6.	Hora de retroescavadora TY-45 con martillo	99,6920 €
10.1.7.	Hora de retroescavadora LY-80.	51,4254 €
10.1.8.	Hora de carterpillar 955/950.	51,4254 €
10.1.9.	Hora de tractor grúa.	29,3806 €
10.1.10.	Hora rodete compactador.	40,9307 €
10.1.11.	Hora de bituminadora.	35,6759 €
10.1.12.	Hora de compactadora tipo ra, bandexa	7,6053 €
10.1.13.	Hora cortadora de pavimentos	22,8234 €
10.1.14.	Hora de vehículo lixeiro transporte.	15,2181 €

10.2 MAN DE OBRA

10.2.1. Hora de xornal de PEÓN

9,8434 €

10.2.2. Hora de xornal OFICIAL

10,3749 €

20.- (184).- ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Con data 24 de xullo de 2009 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

En sesión do 7 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

A Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 14 de setembro de 2009, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de setembro de 2009, ditamina favorablemente

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais, co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e

reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ENSEÑANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS

ARTIGO 3.- CONTÍA

As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

a) Cursos e cursiños. Por cada sesenta horas lectivas ou fracción, cota mínima 2,80 €, que poderán ser incrementadas no acto administrativo regulador da convocatoria ata o máximo resultante de dividir o custo total do curso entre o número máximo de inscricións admisibles.

c) Escola Municipal de Música:

Música e movemento:

- Matrícula 40,60 €
- 10 mensualidades de 16,10 €

Práctica instrumental. Nivel I:

- Matrícula 56,85 €
- 10 mensualidades de 22,35 €

Práctica instrumental. Nivel II:

- Matrícula 61,95 €
- 10 mensualidades de 24,70 €

Práctica instrumental. Nivel III:

- Matrícula 66,95 €
- 10 mensualidades de 26,75 €

Difusión musical (curso 20 horas)

- Matrícula 30,05 €

Monográfico (curso 20 horas)

- Matrícula 45,10 €

Especialización musical (curso 30 horas)

- Matrícula 150,20 €

- d) Escola Municipal de Teatro.
Cursos de teatro para menores, (niveis de iniciación e perfeccionamento)
- | | |
|----------------------|---------|
| - Matrícula | 24,35 € |
| - 9 mensualidades de | 21,15 € |
- Cursos monográficos
- | | |
|-----------------------|----------|
| 20 horas ou fracción. | 44,25 € |
| 40 horas | 88,45 € |
| 60 horas | 132,80 € |
| 80 horas ou mais | 177,05 € |
- Cursos de teatro para persoas adultas (niveis de iniciación e perfeccionamento)
- | | |
|----------------------|---------|
| - Matrícula | 86,35 € |
| - 9 mensualidades de | 77,50 € |

e) Estarán exentos dos Prezos Públicos regulados na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.487 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 48.817 €.

f) No caso de que os/as seleccionados/as para a Escola Municipal de Teatro e a Escola Municipal de Música pertencesen a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude inferiores a 5.447 €, quedarán eximidos do pagamento destes prezos públicos.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2010, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

21.- (185).- ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTENCENTES O "INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.

ANTECEDENTES.- Con data 24 de xullo de 2009 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes o Instituto Municipal dos Deportes no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

En sesión do 7 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

A Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 14 de setembro de 2009,

presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de setembro de 2009, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes o Instituto Municipal dos Deportes, co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

**MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS
POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS,
PERTENCENTES O “INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES**

CAPITULO V.- EXENCIONES

ARTIGO 6.-

b) Estarán exentos os alumnos de Escolas deportivas que sexan membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.487€. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 48.817€.

e) Os alumnos de Escolas Deportivas pertencentes a familias numerosas que

conten con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude inferiores a 5.447€.

ARTIGO 18.- PREZOS PÚBLICOS.

A)	ESPECTÁCULOS.	
	En todas as instalacións.	
-	1 día	3.918,00 euros + ive
-	½ día	2.194,00 euros + ive
-	Aluguer escenario	19,60 euros m2 + ive
B)	ACTIVIDADES CULTURAIS.	
-	1 día	548,00 euros + ive
-	½ día	314,00 euros + ive
C)	ESPECIAL.	
	Para montar e desmontar.	
	Hora	35,00 euros + ive

ARTIGO 19.-

1- ACTIVIDADES DEPORTIVAS-COMPETICIÓN, ADESTRAMENTOS.

a) ABONO TEMPADA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS, para todas as entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva.

a.1.- EQUIPOS FEDERADOS:

Categoría especial	195,90 €
1ª Categoría (un só equipo)	78,35 €
1ª Categoría (máis de un equipo)	117,55 €
2ª Categoría	58,75 €

a.2.- EQUIPOS NON FEDERADOS 58,75 €

b) Cando unha entidade teña outorgado unha reserva de uso de adestramentos e competicións oficiais nunha instalación para unha tempada, o pagamento dos prezos públicos poderá ser domiciliado nunha entidade bancaria e poderá ser facturado anticipadamente dunha seguintes maneiras:

PAGOS DE ADESTRAMENTOS:

b.1. Mensualmente.

b.2. Bimensualmente. Neste caso terá un desconto dun 10% sobre o total.

b.3. Trimestralmente. Neste caso terá un desconto dun 20% sobre o total.

1.2. COMPETICIÓN-EXHIBICIÓN: (sen tempo límite)

Atinxe a todas aquelas actividades deportivas nas que, pola súa configuración, requiran competicións dunha longa ocupación coma Patinaxe, Rítmica, Artes

marciais.

Instalacións	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Pavillón Central	47,00	78,35
Outras Instalacións	27,40	47,00

1.3. PARTIDOS (Baloncesto, balonmán, Voleibol, Fútbol, etc.)

a) PAVILLÓN CENTRAL

	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Categoría especial	62,65	148,90

b) OUTRAS INSTALACIÓN S

	€/hora
Categoría especial	58,75
1ª Categoría	27,40
2ª Categoría	13,25

1.4. ADESTRAMENTOS.

a) PAVILLÓN CENTRAL	€/hora
Categoría especial e 1ª categoría	11,70

b) OUTRAS INSTALACIÓN S e campos de fútbol.

	Pista enteira €/hora	Pista compartida €/hora
Categoría especial e 1ª categoría.	7,40	5,45
2ª Categoría	5,05	3,95

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS	€/hora
1ª Categoría (un equipo)	4,30
2ª Categoría (un equipo)	2,35

ARTIGO 20.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.

1. ACCESO AS INSTALACIÓN S.

1.1 Adulto	2,90 €
1.2 Menores	2,00 €

2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓN S USO LIBRE).

2.1. Adulto	26,65 €
2.2. Menores	18,05 €

3. TENIS E FRONTÓN E PADEL

3.1. instalación s Cubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	4,30 €	38,60 €
b) 4 Xogadores	5,05 €	45,35 €

3.2. Instalacións descubertas	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	2,90 €	26,30 €
b) 4 Xogadores	4,30 €	38,60 €

3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e padel:	€/hora	
Instalacións cubertas	1,95	
Instalacións descubertas	1,25	

4.- XIMNASIOS.

4.1. Mensualidade por actividade/clases dous sesións a semana		14,95 €
--	--	---------

4.2. Mensualidade por actividade/clases tres sesións a semana Cotas de abonados ós Ximnasios.(uso libre).		18,80 €
---	--	---------

4.3.1 Adultos (individual anual)		141,10 €
4.3.2 Menores (individual anual)		86,35 €
4.3.3 Familiar (anual)		203,90 €

Os abonados empadroados en Vigo, terán unha bonificación e o seu prezo é de:

4.3.4 Adultos (individual anual)		117,60 €
4.3.5 Menores (individual anual)		62,65 €
4.3.6 Familiar (anual)		172,90 €

5.- SQUASH:	1 reserva	Abono 10 usos/reservas
Reserva uso pista (45 minutos)	3,95 €.	35,60 €

ARTIGO 21.- PROGRAMAS DE ENSEÑANZA E PROMOCIÓN DEPORTIVA

1. PROGRAMAS CON PROFESOR (CURSOS NATACIÓN)

1.1. Adultos/mes	30,65 €
1.2. Menores/mes	19,60 €

2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"

	€/alumno/mes
2.1. Grupo colexios	6,90 €
2.2. Outros programas	12,60 €

3. ESCOLAS DEPORTIVAS:

3.1. Escolas Deportivas P or alumno/a-curso	39,25 €
--	---------

ARTIGO 22.- OUTROS USOS:

1. COLEXIOS:

	Instalacións deportivas	7,95 €/hora
2.	ACADEMIAS PRIVADAS Instalacións deportivas	15,65 €/hora
3.	RENOVACIÓN DO CARNE Renovación de carnet	0,85 €
4.	SALA DE REUNIÓNS: Sala de reunións:	2,35 €/hora

DISPOSICIÓN FINAIS

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2010, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

22.- (186).- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF). EXPTE. 47306/301.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe proposta emitido con data 17 de setembro de 2009 polo xefe da Área de Benestar Social, conformado pola concelleira delegada:

“O 15 de abril de 1999 apróbase polo Pleno da Corporación o regulamento para a prestación do servizo de axuda no fogar (BOP núm. 100 do 28 de maio de 1999). O citado regulamento inscribíase no ámbito de actuación da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, agora derogado pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia; da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; do decreto 240/95, do 28 de xullo polo que se regulaban os servizos de atención primaria e da Orde do 22 de xullo de 1996 pola que se regulaba o servizo de axuda no fogar, derogada pola Orde do 22 de xaneiro de 2009.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia e demais normativa estatal de desenvolvemento, así como a normativa de carácter autonómico; o Decreto 176/2007, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema; a Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación de intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestións das prestacións; a nova Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, obríganos a unha adaptación e integración de novos

elementos na ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Vigo, entre eles, a participación das persoas beneficiarias no custo dos servizos, a intensidade das prestacións, a determinación da capacidade económica así como modificacións no procedemento e resolución de concesión.

Todos estes cambios normativos e a esixencia regulada na disposición primeira da orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, de adaptar as normativas municipais ao regulado na citada orde, xustifica a necesidade de aprobar un novo regulamento do SAF para o Concello de Vigo.

NORMATIVA APLICABLE

- Constitución Española de 1978.
- L. 7/1998, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- L. 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local.
- RD Lei 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- L. 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- L. 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- L. 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- L. 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema na comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención (PIA).
- Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar.”

Polo anteriormente exposto o funcionario informante propón a aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local para a súa posterior remisión ó Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 21 de setembro de 2009, acordou aprobar o devandito proxecto de regulamento do SAF.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión da mesma data do 21 de setembro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Hoxe traemos a este Pleno a aprobación do Regulamento do servizo de axuda a domicilio e con isto rematamos todo o que se precisou incluír para axustar o Servizo de axuda a domicilio á nova Lei de dependencia.

Non quero desbotar esta oportunidade para dar a coñecer o que é en si este Servizo de axuda a domicilio porque falamos del pero nos damos conta de que moitas veces non sabemos a quen, por que ou que se presta, cales son as necesidades, os obxectivos e o financiamento do servizo.

O Regulamento ten como obxecto o desenvolvemento do Servizo de axuda a domicilio. Este servizo é unha prestación básica dos servizos sociais comunitarios dirixida a toda a cidadanía, sobre todo dende unha perspectiva normalizadora. O servizo vai dirixido fundamentalmente a aquelas persoas que teñen limitada a súa autonomía persoal e tamén se presta nos casos de desestruturación familiar. O SAF ten como obxectivo as persoas maiores con déficit de autonomía persoal e tamén aquelas outras persoas con discapacidade que non sendo maiores carezan de apoios persoais no contorno inmediato. Aínda que non é o máis frecuente tamén atendemos aqueles fogares con menores onde se observa algún tipo de necesidade de intervención socio-educativa por seren familias desestruturadas.

No Servizo de axuda a domicilio sempre terán prioridade sobre todas as demais, as persoas que teñan recoñecida a atención dentro da Lei de autonomía persoal e atención á dependencia. Se estas eran as persoas obxecto do servizo, cal é precisamente o obxectivo deste Servizo? Pois como todas as prestacións que damos en benestar, os obxectivos son mellorar a calidade de vida das persoas usuarias. Outro dos obxectivos é dar prioridade á permanencia das persoas no contorno no que viven acotío. En épocas atrás dábase importancia en moitos casos ó residencialismo ou á institucionalización. Precisamente o Servizo de axuda a domicilio o que tenta é dar o maior número de prestación no domicilio das persoas para que estean máis tempo no seu contorno, rodeadas das súas familias e dos seus de sempre. Outro dos obxectivos é previr a situación de dependencia ou exclusión social e como dicíamos antes retardar a institucionalización.

Fundamentalmente as prestacións deste Servizo, que ademais se recollen a través dunha Orde da Xunta de Galicia, son de carácter persoal nas actividades básicas da vida diaria tamén nas actividades que non son básicas como poden ser o acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas, tratamentos, visitas médicas ou apoio na realización dunha serie de xestións.

Por outra banda préstanse atencións para as necesidades de carácter doméstico ou da vivenda. Este tipo e atencións pódense prestar a través doutro tipo de servizos como é un do que nos sentimos orgullosos de fomentar neste Concello dende que

estamos neste goberno como pode ser o de “Xantar na Casa”, servizo que nestes momentos está sendo utilizado por noventa e catro persoas e no que de feito temos lista de espera porque a Xunta non nos aumentou o contrato que agora temos por setenta e cinco persoas, nós queriamos meter máis pero ata o de agora a Xunta non nos incrementou tamén este contrato. Dikir tamén que neste servizo de “Xantar na Casa” que é unha das cousas máis demandadas polos usuarios do Servizo de atención no fogar, temos un orzamento de 70.000 euros que ata o momento non demos gastado polo que acabamos de dicir, temos aínda cartos para gastar pero a Xunta non está a poñer a súa parte correspondente.

Hai dúas modalidades de Servizo de axuda a domicilio, unha é para os usuarios que teñen Lei de dependencia, onde a extensión e intensidade do servizo se define polo programa de atención individualizado, PIA. Prestámoslles a esas persoas un horario de 7,30 a 22,00 horas e o número de horas que se conceden diariamente depende do que se defina nese programa de atención individualizada. O servizo préstase de luns a domingo, é dicir, durante toda a semana sen excepción.

Logo temos ás persoas que veñen por libre concorrencia. Ese servizo era o que se viña prestando antes de houber a Lei de dependencia e dáse un máximo de 40 horas mensuais e un mínimo de 8 horas, no mesmo horario que se lles presta ás persoas con dependencia, é dicir, de 7,30 a 22,00 horas, pero estas persoas non teñen dereito ás fins de semana como en ningures.

O servizo para as persoas que teñen dependencia está financiado polo Estado, Xunta, Concello e polas persoas usuarias que teñen que poñer co-pago. O SAF de libre concorrencia págao a Xunta, o Concello e o usuario.

Agora vou dar algúns datos a respecto do Servizo de axuda a domicilio porque hai que dicir que nestes momentos se lles está prestando a 560 persoas das que 80 teñen Lei de dependencia.

Respecto ó número de horas que se levan prestado este ano quero facer fincapé na diferenza que existe entre este e o ano pasado, para que se vexa a cantidade de horas que incrementamos no Servizo de axuda a domicilio. O número de horas que se levaban prestado en agosto do ano pasado era de 48.947. Estes datos son a 31 de agosto de 2008. Pois ben, a 31 de agosto de 2009, levamos prestado 82.126 horas, ou sexa, 32.000 horas máis que a estas alturas do ano pasado. Este número de horas de máis foi gracias ó esforzo económico que fixo este Concello que este ano incrementou o orzamento ata 1.975.000 euros. Iniciamos este mandato con

1.200.000 euros e estamos en case 2.000.000 de euros, cifra que calculo que academos ó remate do ano.

Teño que dicir neste punto que o esforzo non é igual por unhas que por outras administracións. Este Concello apostou decididamente por un servizo tan necesario como era este de axuda a domicilio, pero non podemos dicir nestes momentos o mesmo a respecto da Xunta de Galicia porque unha hora de prestación de servizo cústalle a este Concello 13,32 euros, iso neste momento porque ata xuño que mantiñamos o contrato con Cruz Vermella custáballe 16,60 euros. Deses 13,32 euros este Concello paga 4,60 euros desas horas, desas 82.126 horas que levábamnos prestado ata agosto, este Concello está pagando 4,60 euros porque maioritariamente as 560 persoas que nestes momentos son usuarias normalmente non utilizan o co-pago porque son xente con recursos económicos moi limitados e polo tanto maioritariamente, agás moi poucos, coído que un 15%, non se lles cobra o co-pago.

Na prestación do Servizo de axuda a domicilio damos prioridade fundamentalmente ó que é a atención domiciliaria e tentamos meter ó máximo de persoas nese servizo, de aí que como dicía antes dobráramos o orzamento. É máis, o noso obxectivo é chegar ó remate de ano prestando o servizo a 125 ou 150 persoas dependentes no canto das 80 que temos nestes momentos. Tamén estamos pendentes de que a Xunta nos siga mandando os PIAs, Programas de Atención Individualizada, porque non sabemos por que os temos paralizados. Nós temos cartos no último mes pediamos que por favor nos mandaran os PIAs e a Xunta, non sabemos por que, non nolos están mandando. Iso quere dicir que se está atrasando en dar unha prestación que este Concello evidentemente si aposta por dar.

Tamén temos que dicir que estamos moi preocupados porque a estas alturas no anterior mandato da Xunta de Galicia, xa tiñamos unha previsión do que nos ían mandar. Este ano a finais de setembro, case en outubro, non sabemos nin canto nos van mandar nin aínda nos mandaron nada. Iso quere dicir que nós, aínda que queiramos seguir crescendo non nolo podemos permitir porque non sabemos se a Xunta vai corresponder como debía neste caso pagando o que lle corresponde á xente que ten a Lei de dependencia.

Tamén hai que dicir que o Servizo de axuda a domicilio ten todas estas prestacións, pero hai que aclarar que mentres non teñamos cubertas as necesidades principais non podemos meter dentro do servizo actividades que non consideremos principais.

En principio isto era o que queríamos expoñer a respecto do que é o Servizo de

axuda a domicilio, tamén para contribuír a que se coñeza un pouco máis o esforzo deste Concello e o que se está a facer polas persoas que máis o necesitan. Para que se vexa onde verdadeiramente se invisten os cartos, eses cartos que antes se preguntaba o Sr. Conde en que os investiamos. Sr. Conde, aquí están, dous millóns de euros desa recadación deste ano que vostede tanto critica van precisamente para a xente que máis o necesita, a xente do Servizo de axuda a domicilio.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Estamos verdadeiramente preocupados polo drama que viven as familias que están encarceradas nas súas casas por mor das persoas enfermas que teñen ó seu carón ás que teñen que acompañar, porque o problema é familiar, non só é do dependente, tamén o é das súas familias.

Queixouse constantemente de que a Xunta de Galicia non lle aporta os cartos para o servizo de “Xantar na Casa”, pois teña en conta que está a falar do orzamento do bipartito, do orzamento de seu, do orzamento pasado e por iso as responsabilidades llas debe pedir ó Bloque Nacionalista Galego que era quen levaba a área de Vicepresidencia.

Voulle comentar o que está facendo agora mesmo a Xunta de Galicia con respecto á Lei de dependencia. Axilizáronse as resolucións. Vostedes tiñan unha media mensual de 466 resolucións de expedientes e nós de 1.250 resolucións mensuais. Coido que se triplicaron as resolucións co que se está axilizando e dinamizando este servizo.

Cando gobernaba o bipartito na Xunta de Galicia o goberno central que tantas promesas lle fixera ó Sr. Quintana dáballe cento dez millóns de euros para a dependencia en Galicia. A Conselleira, Sra. Mato, o outro día comentou que hai unha necesidade de polo menos catrocentos corenta millóns de euros que van ser solicitados no orzamento do 2010 para poder levar a cabo con efectividade a aplicación da Lei de dependencia.

Estamos tamén enormemente sorprendidos de que se tardara dous anos para que na Xunta de Galicia se puxera en marcha a aprobación do regulamento para os concellos da nosa comunidade autónoma. Aprobouse a efectividade do dereito ás prestacións no ano 2007, ese é o recoñecemento, e actualmente ata a data de 2009 non tivemos novas dun novo cambio no regulamento para poderen axilizar os trámites dende os concellos.

Eu sei que estes temas non lle interesan e a xestión que está facendo acotío é nefasta. Tanto as traballadoras sociais deste Concello como moito persoal de ONGs,

de todos os servizos que están axudando ás persoas máis necesitadas están sorprendidos da súa incompetencia e a súa falla de sensibilidade, malia que vostede sempre falaba de que o benestar se convertera no parente pobre das administracións, pois neste Concello é das áreas peor xestionadas.

Incumpriu en tempo e forma o prazo para a aprobación do regulamento. Non só a Xunta de Galicia do bipartito incumpríuno porque as familias tiveron que agardar dous anos para que trouxeran ós concellos a axilización deste trámite, senón que co Concello de Vigo poñémonos en tres anos para axilizar e dinamizar as axudas ás persoas dependentes.

Dende logo dende o Partido Popular imos seguir apoiando a estas persoas, tentando que as cousas melloren e por iso imos aprobar, como non, este regulamento, pero non esperen por favor a que chegue o 2011 para que un goberno do Partido Popular poida levar a cabo ben a xestión.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: A verdade, Sr. Presidente, non sei por onde empezar porque nos están dando os titulares os xornais. Eles que eran os máis críticos a nivel de Xunta de Galicia, que dicían que non se estaban facendo ben as cousas, que se a dependencia ía mal, pois o titular de hoxe di literalmente “O goberno do bipartito deixou xestionado 14.800 persoas cobrando”. Nestes momentos o goberno do Partido Popular non acadou aínda as 16.000 persoas.

Repítolle, Sra. García, no Concello de Vigo estamos agardando a derivación que era absolutamente fluída ata hai seis meses e dende que vostedes están no goberno paralizáronnos a tramitación de expedientes. Son vostedes uns embusteiros.

Precisamente eu non vira o titular de hoxe, tróuxoo agora a nosa xornalista, pero nel se di: “Benestar só pagará as axudas do 60% dos dependentes que faleceron sen as recibir”. Vostedes, os que dicían que o bipartito deixaba morrer á xente sen lle pagar, fan isto cando o bipartito pagaba todo. Dende logo non hai comentarios, Sra. García.

Este regulamento tráese en tempo e forma porque mentres non se ditou a Orde non se podía traer o regulamento. En tempo e forma e non coma vostedes que non fixeron absolutamente nada nos servizos sociais. A Xunta do Sr. Fraga que estivo dezaseis anos dáballo a este Concello para o Plan Concertado 340.000 euros. A Xunta do bipartito incrementou para o Plan Concertado, no que vai precisamente o Servizo de axuda a domicilio, a 1.350.000 euros, é dicir, 1.000.000 máis dende o ano 2006 ó ano 2009. Ata agora os cartos que vostedes herdaron e que non se sabe en

que plan de emerxencia utilizaron (ó mellor é para lles dar ós seus) aínda non tiveron a decencia de comunicar á Concellería de Benestar Social as previsións de canto teñen pensado mandar para o Plan Concertado e así a finais de setembro non sabemos canto diñeiro imos percibir. A estas alturas co goberno bipartito non só recibíramos xa os cartos, aí está o interventor que o pode testemuñar, senón que xa sabíamos as previsións de cartos que tiñamos. Vostedes non tiveron a decencia de nolo dicir, ou é que nos están castigando? Que saiban que este é un Concello gobernado polo Partido Socialista e polo BNG e que estamos traballando pola xente, nós si traballamos pola xente, pero a Xunta está castigando a este Concello e faino nas persoas dos máis desfavorecidos. A estas alturas non temos o diñeiro para pagar o SAF porque a Xunta non nos enviou eses cartos.

Esa é a súa aposta pola dependencia e por todo o demais. Sinceramente non sei como non se lles cae a cara de vergoña. Deixen de laiarse porque o goberno bipartito traballou moito máis do que vostedes están a facer, traballou na Xunta polas persoas que máis o necesitaban, non retirou as axudas para libros, era gratuidade universal, préstamo universal. Vostedes a estas alturas montaron o gran barullo porque teñen ós directores e ós pais cabreados. O goberno bipartito non retirou os profesores de apoio para as persoas con discapacidade ou con deficiencia; vostedes retiraron dos institutos e dos colexios ás persoas que axudaban a quen necesitaban apoio.

Vostedes están limitando o gasto social, van facer a política que fixeron toda a vida de dar ós seus amigos. Precisamente antes falaban dos convenios; aquí se incrementaron os convenios para os máis desfavorecidos. Vostedes o que van facer é a política de subvencións, non a política de servizos públicos que a xente demanda, que precisa e que é a máis equitativa para os máis desfavorecidos. Esa é a actuación á que nos ten acostumados o Partido Popular e que neste momento se está a poñer en práctica na Xunta de Galicia e nos Concellos que vostedes gobernan.

Non teño falla de sensibilidade e os datos están aí. O orzamento de Benestar dobrouse a estas alturas, Sra. García, dobrouse en dous anos que levamos, cousa que non fixeron vostedes. Iso si que amosa sensibilidade.

De verdade, póñanse as pías, traballen como oposición e non facendo o que están a facer agora que é todo menos precisamente oposición.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: O diñeiro que vostede solicita á Xunta de Galicia para o Plan Concertado, dende logo se eu tivese responsabilidade para lle dar diñeiro a unha

persoa que mo pide e percibo que se está gastando, tirando o diñeiro dos cidadáns como pasa con 1.300.000 euros na Universiada, 180.000 nun vídeo de promoción..., supoño e presupoño que ese concello ten cartos de abondo e que non está tan necesitado, que terá prioridades e que a súa prioridade serán as persoas máis necesitadas. Iso supoñémolo todos co que, en troques de estar a tirar o diñeiro desas persoas e de todos os cidadáns en cosas superficiais, por favor dedíqueno ó que o teñan que dedicar e non nos veña con leccións de demagogia de se a Xunta fai ou non fai. A Xunta axilizou 1.550 expedientes mensuais e vostedes tiñan unha media de 466; iso está aí. Nós non temos unha política de escurantismo como todas as estatísticas que tiñan vostedes de dependencia que nolas viamos e desexábamnos para as poder estudar. Hoxe en día está todo claro e non ten máis que entrar na páxina web da Xunta de Galicia.

Tamén lle podemos sacar o tema dos “*chiringuitos*” que montou Vicepresidencia xa que quere abrir o abano do Consorcio, fálolle de Sogaserro, quen era o Xerente do Consorcio, Sra. Méndez? Onde colocaron 2.000 empregados afíns á súa coalición, por non dicir só ó Bloque Nacionalista Galego?

Ademais diso falou de que se contratou agora mesmo unha empresa, falou de que se ofreceron 13,32 a hora e Cruz Vermella 16,60. Paréceme que a diferenza entre unha e outra é abismal e non hai máis que ver todas as queixas dos usuarios e as denuncias mesmo nos Xulgados polos traballadores á empresa. Vostede non se decata pero por favor deixe de insultar porque non son unha embusteira, reúnome cos profesionais, cos usuarios e leo as normativas, Sra. Méndez. Non sei se ten vostede a Orde do luns, 2 de febreiro de 2009, pola que se regula o Servizo de axuda no fogar. Nas súas disposicións transitorias dise. “Os concellos disporán dun prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ó da súa publicación, para a adaptación das súas ordenanzas municipais ó disposto nesta Orde”.

Non sei se sabe que mesmo o Concello de Bueu no mes de xullo convocou un Pleno extraordinario para aprobar este novo regulamento, para non se saltar en tempo e forma o establecido pola Lei. Temos concellos como o de Oleiros, Culleredo, Ourense, Marín, Verín e Bueu que xa lle digo que tiveron que realizar un Pleno extraordinario para poder aprobar o regulamento en tempo e forma. Aquí, ademais da desidia dos dous anos de incumprimento por parte da Xunta de Galicia do bipartito, no Concello de Vigo tardouse oito meses e así nos poñemos en tres anos. É esta a súa política de interese cando levamos tres anos de atraso para que estas persoas poidan ter unha

vida digna? Sígame chamando embusteira, Sra. Méndez.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Sorpréndeme, non sei que dicir porque chamarlle ignorante a unha persoa non é o meu estilo, pero é que resulta que a Sra. García está confundindo regulamento con ordenanzas. As ordenanzas trouxéronse a este Pleno precisamente hai dúas sesións plenarias e cumprimos estritamente o prazo da Xunta. Eu non podo loitar contra os elementos. Se a Sra. García Míguez se empeña en que as ordenanzas non se trouxeron a este Pleno cando así foi...

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Xa lle dixen que me equivoquei. Perdón.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Estamos cumprindo en tempo e forma o que atinxe ó regulamento e ás ordenanzas. O regulamento tense que traer logo de aprobadas as ordenanzas e estas aprobáronse hai dous meses en tempo e forma. Logo da ordenanza da Xunta aprobámolas ós cinco meses e tiñamos seis meses de prazo. A Sra. García confunde e nós tiñamos que aprobar o regulamento logo das ordenanzas e así un ou dous meses despois o traemos. Non sei como lle dicir as cousas.

Non sei como non están xa cansos de tanto meter a Universiada porque é o único que teñen que dicir, Universiada na que vostedes, representados pola actual delegada da Xunta de Galicia, estiveron presentes e apoiando a Universiada, apoiando o Partido Popular esa Universiada. Se tanto estaban en contra e coidaban que se gastaba inutilmente, por que non votaron en contra daquela? Eu teño a resposta: porque a partir de aí lles deu resultados a política da mentira e da calumnia que practicaron e gracias a ela conseguiron a Xunta de Galicia.

En Madrid actualmente estanse gastando milleiros de millóns das antigas pesetas para promocionar esa cidade para as Olimpíadas e sentino polos madrileños e por Madrid porque coido que todo este tipo de acontecementos é positivo pero nestes momentos levan todas as de perder, son os últimos da cola e mire que están gastando cartos. Todo iso non o dixemos nós, quen o dixo foi precisamente o Comité Olímpico. En troques vostedes nunca dixeron nada do que se está gastando para que Madrid opte ás Olimpíadas pero si din que a súa cidade, esta cidade, gastou diñeiro para optar á Universiada.

A Xunta non montou “chiringuitos”, montou o Consorcio Galego de Servizo de Igualdade e Benestar que vostedes, malia dicir que o quería pechar, non o fixeron

porque viron que era absolutamente útil, que era necesario e que gracias ó Consorcio os concellos dirixidos por vostedes teñen galescolas e centros de día. Non o pecharon o porque os seus alcaldes se lles sublevaron e dixeron que non porque senón terían que pagar eles todo o que está a pagar a Xunta de Galicia, porque senón serían os cartos do Concello os que se terían que investir en galescolas e centros de día e así son cartos da Xunta de Galicia e os seus alcaldes, que son intelixentes, aforran. Esa é a realidade do Consorcio e por iso vostedes non o pecharon.

Evidentemente pecharán Sogaserse porque lle van dar ás empresas privadas, como fixeron toda a vida da época de Fraga, a construción de residencias, porque hai unha serie de empresas que traballan en xeriatria que están interesadas en seguir mantendo residencias privadas para concertar coa Xunta de Galicia e vostedes, que son amigos delas, vanllas dar e por iso van pechar o que antes era público na Xunta de Galicia. Por iso vostedes van pechar Sogaserse e todo o que se lles presente por diante, por iso vostedes están facendo política de concertación coas garderías e escolas infantís de 0 a 3 en troques de se dedicar a construír escolas infantís ou galescolas de 0 a 3; por iso vostedes están facendo política de concertación cos centros de día privados en troques de seguir construíndo centros de día públicos como os que construíu o bipartito. Esa é a súa política, a política de privatización, do *amiguismo*, a que non prima a equidade como a primaba a anterior Xunta.

Non ten nada que dicir a respecto do concurso que se fixo no mes de maio do Servizo de axuda a domicilio. Non sei como fan vostedes os concursos, ou é que teñen prioridades? Ó mellor é que vostedes están acostumbrados a teren uns concursos moi especiais porque fíxese que este Concello prima que o servizo chegue ó máximo número de xente posible, primou o concurso e fíxose un concurso absolutamente transparente e xusto se lle deu á empresa que ofertaba en mellores condicións e por menos cartos. Esa é unha política de austeridade que vostedes tanto predicán, política de austeridade, de calidade e de oferta de servizos ó maior número de persoas.

É certo, Sra. García, ó mellor vostedes tiñan algunha *empresíña* que se presentaba que era a súa favorita, ou ó mellor non llo demos á empresa que vostedes querían, pero mire por onde, como este goberno é transparente, actúa como ten que ser que e déuselle á empresa que o merecía, a empresa que está actuando correcta e coherentemente segundo o que di o concurso, nin máis nin menos.

Esas son entre outra as diferencias que existente entre o Partido Popular e este goberno.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o novo Regulamento do servizo de axuda no fogar co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para presentación de reclamacións ou suxestións.

Terceiro.- Declarar que, consonte co establecido no artigo 49.c) da LRBRL (L.7/1985), de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto integro do Regulamento no BOP, entrando en vigor transcorridos 15 días da súa publicación completa

REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE VIGO

O presente regulamento ten por obxecto o desenvolvemento do servizo da prestación da axuda no fogar deste Concello, no marco da lexislación vixente.

Este regulamento inscríbese dentro do ámbito de aplicación da Lei 13/2008, de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, a normativa de carácter autonómico constituída pola, Decreto 176/2007, de 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema na comunidade autónoma de Galicia, Orde de 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención (PIA), Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que regula o servizo de Axuda no Fogar e a Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) no concello de Vigo.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, ten por obxecto estruturar e regular como servizo público os servizos sociais de Galicia para a construción do sistema galego de Benestar. A dita lei ordena o sistema en dous niveis de atención, servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados; correspondéndolles aos concellos a creación e xestión dos servizos sociais de atención comunitaria, entre os que figura o servizo de axuda no fogar, sen prexuízo das funcións de coordinación e ordenación normativa, así como de homologación, rexistro e control de centros e servizos, competencias

que residen na Xunta de Galicia. Esta ordenación normativa é a regulada na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, que inscribe a prestación dos servizos sociais dentro do ámbito das competencias propias dos concellos.

ARTIGO 1.- OBXECTO

O presente regulamento ten por obxecto o desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (en diante SAF) no concello de Vigo.

ARTIGO 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este regulamento é de aplicación a todos os programas de axuda no fogar que se desenvolvan no concello de Vigo.

ARTIGO 3.- COMPETENCIA

Correspóndelle en todo caso ao concello de Vigo a planificación, programación e dirección técnica do servizo, a coordinación, seguimento, supervisión e control do SAF, así como o análise, avaliación e aprobación de altas e baixas do servizo na modalidade de acceso ao servizo en concorrencia competitiva.

O Concello poderá contratar a execución do servizo de SAF a través das fórmulas previstas na Lei de Contratos do sector público, sen prexuízo dos convenios que conforme a dereito poidan subscribirse con entidades públicas ou privadas.

ARTIGO 4.-DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS

O SAF é unha prestación básica dos Servizos Sociais Comunitarios dirixido a todos os cidadáns no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal e nos casos de desestruturación familiar. A prestación deste servizo ten carácter de reforzo e non substitúe ás propias capacidades da persoa usuaria e doutras persoas do seu contorno inmediato nin exime en ningún caso á familia das súas responsabilidades.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

ARTIGO 5.-CONTIDO DO SERVIZO

De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais comunitarios básicos do concello, poderán prestarse os seguintes tipos de atención:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
-
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

e) Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- Adaptacións funcionais do fogar.

En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- Actuacións que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

f) Outros servizos non considerados nos apartados anteriores que poden ser incluídos con carácter específico para cumprir os obxectivos perseguidos no SAF.

ARTIGO 6.- PERSOAS DESTINATARIAS

Os/as cidadáns ou unidades de convivencia do concello para as que sexa un recurso idóneo de atención, segundo a valoración técnica do/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios básicos.

O SAF atenderá a persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, e fogares con menores en que se observe necesidade doutra intervención de carácter socio-educativo.

Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

En todo caso terán prioridade no acceso ao servizo as persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

ARTIGO 7.- DEREITOS DAS PERSOAS USUARIOS

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- 1.- A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade
- 2.- A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
- 3.- A coñeceren a organización e o regulamento do servizo
- 4.- A coñeceren a situación do seu expediente.
- 5.- Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- 6.- A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.

- 7.- A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

ARTIGO 8.- DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.
2. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
3. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
4. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
5. Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
6. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
7. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo

ARTIGO 9.- CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO

- 1.- Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:
 - a) A renuncia da persoa usuaria.
 - b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
 - c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
 - d) Falecemento da persoa usuaria.
 - e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
 - f) A falta reiterada de pagamento do servizo.
 - g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
 - h) Falseamento, ocultación de datos ou documentación.
- 2.- Con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social

3.- Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención (en diante PIA), consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

ARTIGO 10.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

ARTIGO 11.- MODALIDADES DE ACCESO E INTENSIDADE DO SERVIZO

O servizo de axuda no fogar esta integrado nos servizos sociais de atención primaria de titularidade municipal e será coordinado por un/unha profesional do equipo técnico dos servizos sociais do Concello de Vigo.

O acceso ao servizo producirase de acordo coas seguintes modalidades:

1. O acceso ao servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de **dependencia**, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a

consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.

Non se realizará avaliación por parte dos/as traballadores/as sociais dos servizos sociais comunitarios do Concello de Vigo por vir deseñado o proxecto técnico no PIA, debendo formular estas profesionais só a proposta de proxecto de atencións (distribución, horario etc.).

A extensión e intensidade do SAF será a que se estipule no acordo de servizo ou contrato que se asina coa persoa usuaria.

O tempo de atención para cada usuario nesta modalidade será o establecido na resolución do PIA, coa flexibilidade que en cada tramo permita a administración autonómica.

O horario de prestación do servizo será de luns a domingos de 07:30h. a 22:00h. en tres franxas horarias -maña, tarde e noite-. En casos extraordinarios de urxente necesidade debidamente xustificada poderá prestarse o servizo desde as 22:00h. ata as 07:30h. da mañá.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo de prescrición técnica favorable dos servizos sociais de atención primaria, resolverase en réxime de **libre concorrencia** de acordo cos criterios establecidos no baremo do anexo II deste regulamento.

A extensión e intensidade do SAF que poida recoñecerse, virá condicionada pola limitación dos orzamentos municipais dispoñibles para este servizo.

No acceso en libre concorrencia será de aplicación o seguinte:

- a) O procedemento iniciarase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común, (modelo de solicitude no Anexo I)
- b) Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustificuen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.
- c) As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas (baremo no anexo II) en todo caso por un traballador ou traballadora social dos servizos sociais de atención comunitaria do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante informe preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto. A/o responsable do SAF elevará proposta de resolución conformada polo xefe de área ao órgano competente.
- d) O órgano competente para ditar a resolución será o/a alcalde/sa, que poden delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 124.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

- e) No suposto de ter máis demanda da que sexa posible atender, fixarase unha lista de agarda por orde da puntuación obtida no baremo aplicado para valoración do expediente. En caso de igualdade de puntuación a prioridade establececese por orden de entrada no rexistro xeral do Concello.
- f) Por razóns excepcionais poderase prestar atención inmediata cando unha situación sexa considerada urxente, segundo establece o art. 14.5 da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar na Comunidade Autónoma.

O tempo de atención para cada usuario/a nesta modalidade non será inferior a 8h/mensuais nin superior a 40h/mensuais agás casos con circunstancias excepcionais de carácter temporal debidamente xustificadas.

O horario de prestación do servizo será de luns a venres de 07:30h. a 22:00h. en dúas franxas horarias. Os sábados, domingos e festivos non se prestará o servizo agás en casos extraordinarios de urxente necesidade nos que se poderá prestar o servizo en festivos e en horario nocturno desde as 22:00h. ata as 07:30h. da mañá.

3. De igual maneira á expresada no punto anterior procederase nas situacións en que a problemática principal este relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.

ARTIGO 12.- FINANCIAMENTO DO SERVIZO

O SAF municipal é unha prestación básica dos usuarios sociais comunitarios, que se cofinancia con achegas, do Estado, Xunta de Galicia, do Concello e das persoas usuarias dependentes, e da Xunta de Galicia, Concello e persoas usuarias na modalidade en libre concorrència.

O Concello poderá prestar o servizo público de axuda no fogar ben directamente ou a través das modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas pola administración autonómica para a prestación deste servizo.

En todo caso o SAF terá un carácter contractual entre o Concello e a persoa usuaria polo que será imprescindible a sinatura dun contrato ou acordo de servizo (Anexo III) entre ámbalas dúas partes que conterá cando menos a data de inicio e remate da prestación do servizo, horas semanais e horario de prestación, atencións e tarefas específicas que realizará o persoal auxiliar do servizo e aquelas que a persoa usuaria e/ou a súa familia ou persoas achegadas se comprometan a levar a cabo, así como a achega mensual da persoa usuaria como contribución ao custe do servizo, entre outros.

Os usuarios do servizo do SAF municipal concedido pola modalidade de libre concorrència, aboarán a cota establecida na ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do SAF vixente no momento da concesión.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Queda derogado expresamente o anterior regulamento de data 15 de abril de 1999 (BOP número 100, de 28 de maio de 1999).

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

O presente regulamento entrará en vigor transcorridos quince días de súa completa publicación no Boletín Oficial da provincia e tramitarase segundo o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local

O Regulamento consta dos seguintes anexos:

- I. Solicitud de do Servizo de Axuda no Fogar.
- II. Baremo para determinar a asignación do Servizo de Axuda no Fogar en réxime de libre concorrencia.
- III. Informa Social SAF.

Os devanditos anexos atópanse no expediente debidamente dilixenciados.

23.- (187).- SOLICITUDE DE CAMBIO DE USO DOTACIONAL DUNHA PARCELA MUNICIPAL NA RÚA RAMÓN NIETO. EXPTE. 4724/401.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala en informe emitido en data 3 de agosto de 2009 polo técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión, coa conformidade do arquitecto director da área e máis do xerente de Urbanismo:

“1.- En informe do técnico que subscribe de data 29.07.2009, obrante ós folios núms. 34-38 do Exp. nº 4724/401, manifestamos a nosa opinión sobre a necesidade de completar o expediente instruído en relación co pretendido cambio de uso dotacional, de escolar a zona verde, para a parcela municipal situada entre as rúas Curros e Ernesto Lecuona desta cidade, adquirida en virtude do proxecto de compensación da UE IV - 12 Ramón Nieto - 6 do PXOU-93 (hoxe: «API-18 Ramón Nieto - 6» do PXOM), no sentido de xustificar plenamente que a dotación escolar proposta non respondía a necesidades reais e, en consecuencia, podía ser modificado o seu uso.

Con posterioridade a ese informe, o Xefe da Área de Benestar Social manifestou, por solicitude do concelleiro delegado da Área de Distritos, que e o seu Servizo carece de competencias en materia de planificación escolar e, en data 03.08.2009, a concelleira delegada da Área de Educación, Sra. López Atrio,

S.Ordinaria 28.09.09

informou que: «...este Servizo de Educación considera neste intre a actual rede de equipamentos educativos da zona de Lavadores cobre as necesidades de escolarización nos distintos niveis de ensino non universitario».

Dispón o art. 47.4 da LOUGA que o Concello Pleno, por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do Plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. En termos semellantes exprésase o art. 5.5.4.3 das NNUU do vixente PXOM.

Á vista do exposto, de considerar o Pleno da Corporación (Art. 47.4 LOUGA) suficientemente xustificado o cambio de uso dotacional promovido pola Concellería de Distritos podería, previo informe da Secretaría xeral (Arts. 122.5.e).2º] LRBRL e 54.1.b] TRRL) e por proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (Art. 8.m] Estatutos XMU), adoptar o seguinte...,”

Polo exposto o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

No expediente figuran os preceptivos informes do interventor xeral accidental de data 5 de agosto e da Secretaria Xeral do Pleno de data 6 do mesmo mes.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 24 de setembro, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da citada proposta.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Indicar que imos votar a favor pero sempre e cando este goberno, que nestes momentos preside o Partido Socialista Obreiro Español e o Bloque Nacionalista Galego, nos afirme que se vai garantir no momento en que este Alcalde, Sr. Caballero, empece realizar esas corenta e sete tan ansiadas garderías que no seu momento prometeu na campaña electoral, xa que ata a data non realizou nin unha, só inaugurou unha para a que había un maior número de solicitudes que de prazas que é a da rúa Palencia, nese momento imos atopar solo para as poder realizar xa que calquera modificación que se produza, es dicir, que nestes momentos temos esta parcela que ten zona educacional pasa a zona verde, é dicir, zona educacional que corresponde a garderías ou calquera outro colexio entre 3 e 6 anos, o que está claro é que nese momento imos ter terreos pola modificación en calquera momento do Plan Xeral. O Plan Xeral é un documento xeral, como ben indica o seu nome, que afecta a toda a localidade de Vigo e cando se prognostica algo nalgunha zona co Plan Xeral, neste caso a zona educacional, estase dando unha cobertura non

só á zona onde se sitúa, senón á totalidade deste Concello. Se cando isto suceda, esa insuficiencia creada no Plan Xeral a temos dalgún xeito cuberta e remediada, é dicir, que no momento no que se produza a carencia das garderías, que xa está en si, ata que este Alcalde decida a creación dalgunha máis ou dalgunha que prometeu en campaña electoral, non imos ter problemas de terreos que en principio e no seu momento se suxeriu.

O que está claro é que nesta cidade de Vigo temos un problema actual, temos unha demanda de 1.400 alumnos de 0 a 3 anos que se van quedar sen prazas nesta cidade por falla de garderías.

A min paréceme estupendo a creación das zonas verdes, é máis, cos fillos que teño para min sería moi satisfactorio que se fixera esta zona verde, parques e demais coma prometeron, pero o que tamén entendo é que o meu fillo ten que ir a unha gardería e o que estou vendo é que vai pasar ás listas deses nenos que nestes momentos non teñen prazas en ningunha gardería de Vigo e mesmo estamos falando de privadas, porque de acordo que existen pero o que está claro é que tampouco satisfán a total necesidade. É dicir, en Galicia temos unha vacante por cada cinco, isto é no sentido de que hai un alumno por cada cinco prazas. Iso é, bastante sangrante pero neste Concello de Vigo vemos que iso non importa para nada, aínda que o Sr. Alcalde prometera en campaña electoral que ía reforzar o número de garderías para así poder dar cobertura a toda a nosa poboación de nenos.

O que vemos é efectivamente esa necesidade de crear máis prazas de gardería que indicamos que o Sr. Alcalde as comprometeu na súa campaña electoral, pero o que non vemos é que haxa a iniciativa por parte deste goberno de crealas, si de facer zona verde, de transformar zona educacional en zona verde. Pero iso levará a unha controversia porque no mesmo instante que xurda esa necesidade de 0 a 3 anos que nestes momentos temos e que vostedes non queren ver, onde imos crear esas zonas dotacionais para remediar esa necesidade que temos.

O que está claro é que xustamente nese lugar hai zona verde de 4.051 m², paréceme considerable e se a maiores queremos crear esta paréceme aceptable, pero o que si está claro e o que dende o noso partido queremos facer ver a este goberno é que non só está o feito de crear zona verde dentro dunha localidade, hai que crear un plan educacional, plan que non temos e por ese motivo temos a actual problemática. Temos unha poboación de 0 a 3 anos con necesidade de ocupar praza que neste momento non ten e no futuro teremos tamén unha poboación de 3 a 6

anos que tampouco vai ter praza.

Isto sucede porque a poboación da provincia de Pontevedra vai aumentando ós poucos e por iso hai unha necesidade de 1.400 prazas para a poboación de 0 a 3 anos, pero cando pasen outros tres anos demandaremos prazas para a poboación de 3 a 6 anos e entón si que haberá maior necesidade.

Nós imos votar a favor sempre e cando vostedes garantan que as necesidades presentes e futuras da nosa cidade van estar totalmente cubertas. Lémbrense do que lles estou dicindo, que a modificación en calquera momento do Plan Xeral afecta non só ó presente, senón ó seu futuro porque se poden prever determinados asentamentos en determinados lugares.

SR. MARIÑO MENDOZA: Aclararlle en primeiro lugar que non é unha modificación do Plan Xeral, é unha modificación de uso; o Plan Xeral non se modifica.

Falou tamén de que os plans xerais sitúan determinados usos dotacionais porque son necesarios. Lémbrolle que no que tramitaron vostedes durante catro anos con 480 ámbitos, non se planificaba absolutamente nada do uso dotacional de cada parcela resultante neles. Iso é porque, como todos ben sabemos, os usos e as necesidades en determinadas zonas van xurdindo, vanse alterando e van variando ó longo do tempo.

O que está claro é que cando gobernaban esta cidade vostedes recibiron unha petición á que non deron resposta dunha necesidade dos veciños de converter uns terreos que a día de hoxe os informes din que non son necesarios para uso educativo, mentres tanto en zona verde. Pero vostedes non fixeron caso da petición destes veciños, claramente preferiron que aquela parcela estivese tal e como está na actualidade, sen ningún tipo de uso nin goce para os veciños.

Por suposto que son necesarias as dotacións para garderías. Se vostede coñece a zona coma estou seguro, saberá que este Concello posúe máis parcelas nesa zona de uso dotacional educativo e que o día que chegue a necesidade de creación de garderías está completamente cuberta. Pero é máis, se mañá mesmo esa parcela fose necesaria para un centro de saúde ou para unha gardería non existe ningún problema en que ese uso volva ser o que ten a parcela. O que está claro é que non ten sentido que unha parcela que está alí, a moi poucos metros de moitos veciños, estea completamente sen uso.

Pero tamén lle digo que abriremos esta e todas as garderías que sexan necesarias e

que demanden os cidadáns en canto a Xunta de Galicia nos transfira as partidas económicas para as crear. Iso é así de claro. Falen cos seus socios, digan na Xunta de Galicia que nos transfiran as partidas económicas e non abriremos dez, abriremos mil garderías, todas as que sexan necesarias.

Quero lembrarlle que as parcelas de uso dotacional son para uso e goce dos cidadáns e para as súas necesidades de cada momento. Pero vostedes prefiren que aquela parcela quede na situación na que está a día de hoxe, sen ningún tipo de uso. Non existe uso educativo nestes momentos alí, non é necesario e así o din os informes dos técnicos claramente, pero vostedes prefiren que siga tendo o aspecto actual. Nós preferimos que todos os cidadáns desta cidade poidan gozar desa parcela que non é do Concello, é de todos e de cada un dos cidadáns.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Reafirmar o que acaba de dicir o Sr. Mariño. Precisamente interveño porque acabamos de falar do tema do Consorcio, é dicir, din que queren desmontar o "*chiringuito*" que nos montamos, pero precisamente o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar encargábase de crear e de poñer partidas para que esas escolas infantís de 0 a 3 anos se creasen.

Precisamente están aínda sen comezar as obras da escola infantil do Parque Tecnolóxico Beade-Valladares licitada polo goberno bipartito, cun 1.300.000 para galescola e 1.200.000 euros para centro de día, está aprobada a licenza neste Concello, licitadas as obras, hai orzamentos e a empresa coa que aínda falei o outro día di que están agardando ordes da Xunta. Sabe cantas prazas ten a galescola do Parque Tecnolóxico de Valladares? 105 prazas. Ó mellor vostedes fan como van facer co hospital e en troques de 105 facemos 25, porque co hospital tamén as necesidades e o plan funcional eran de 1.423 camas e vostedes as queren deixar en 900. Ó mellor resulta que nos atopamos con que as nais e pais que traballan no Parque Tecnolóxico de Valladares non teñen onde levar os seus nenos porque capaces son nesa súa política de "austeridade social" retirarlle precisamente o número de prazas previstas nas galescola do Parque Tecnolóxico de Valladares. Eu pasei hai quince días por alí, ó mellor de quince días para acá a cousa empezou, non digo que non porque a empresa só estaba esperando a orde para ir para alí. Espero que xa estean alí.

Esa galescola e ese centro de día son precisamente eses logros do bipartito que vostedes tanto critican. En troques, a Sra. Porro, co goberno do Sr. Fraga non fixo

precisamente escolas. As escolas que se fixeron aquí fixéronse cando estaba gobernando o Bloque Nacionalista Galego nesta cidade e a única escola infantil que se fixo na época da Sra. Porro, que foi a de Saiáns, quedara iniciada polo goberno do Bloque e do Partido Socialista do 1999 ó 2003. Esa si era unha aposta polas escolas. Agora non nos digan que nós non facemos apostas polas escolas, son vostedes os que as teñen que facer.

Eu pedín unha entrevista coa Sra. Directora Xeral de Servizos Sociais para falar precisamente deses temas, de se queren que lle poñamos terreos a disposición, de cando os imos poñer, de onde os queren. Non tivo a ben recibirme. Iso é o que vostedes se interesan polas escolas e polos nenos de 0 a 3 anos. Dende o mes de maio que ten a miña carta non tivo a ben recibirme. Ese é o interese que vostedes teñen. Vaia por Deus.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Paréceme ata sangrante que vostede se poida pronunciar sobre unha actitude dun bipartito que hai pouco gobernou, un orzamento que aprobaron e, onde está todo o que vostede está dicindo? Fálame dunha gardería. Efectivamente, unha gardería que a Sra. Porro no seu momento xa deixou pero, onde están as outras corenta e seis?

Sra. Méndez, fálame de 0 a 3 anos pero é que nin sequera ve os informes. Estívose agardando de Vicepresidencia o informe pertinente para veren a necesidade que hai en Vigo de 0 a 3 anos. Non chegou.

Sra. Méndez, dáme a impresión que vostede non le nada. Acusaba á miña compañeira de equivocarse co regulamento pero coido que vostede nin sequera sabe do que estamos a falar,ponse a falar e falar, que se garderías, etc., pero non sabe que Vicepresidencia non mandou o informe pertinente, tívoo que facer unha concelleira de aquí porque Vicepresidencia non mandou nada. Iso é o que se preocupaba Vicepresidencia.

Así que, Sra. Méndez, deixe de facer demagogia porque vostedes fan moita neste Concello pero as realidades son cero. O orzamento que está aprobado por vostedes en Vigo, cero. Así que por favor deixe de dicir que hai ou que fan garderías porque a realidade é que hai corenta e seis garderías sen facer. Hai máis de 1.400 nenos que o ano pasado quedaron sen se poder escolarizar na pública.

Con relación a vostede coido que xa lle deixei bastante claro a pouca, digamos dignidade política que ten cando nos fala de cousas que non fai.

Sr. Mariño, sorpréndeme porque sabe perfectamente que cando se modifica unha zona dotacional o Plan tense que modificar porque deixa de ter zona educativa, verde ou a que corresponda porque o uso cambia e isto é algo que non digo eu senón os técnicos.

Maxino que cando fala vostede farao por moitas persoas, pero eu falo en favor dos técnicos que fan os seus informes pertinentes aínda que lles esixen determinadas circunstancias *a posteriori*.

Falou tamén que se cambiamos hoxe a zona verde. Volvo outra volta ó informe técnico e lémbrolle que o artigo 44.4 da LOUGA esixe se se quere cambiar esa zona verde “un informe preceptivo e vinculante do Comité Superior de Urbanismo de Galicia”. Non é coma vostede di: hoxe unha cousa e mañá outra. Non, eu non minto, se menten, menten os técnicos pero como eu estou acostumado a que vostedes digan que os técnicos menten sempre non me sorprendería que vostedes dixeran iso. Perdoe, Sr. Mariño, lembro que o compañeiro que ten ó seu carón dixo que un técnico lle mandara firmar. Non se moleste vostede tanto cando me está a dicir que non e un técnico está a dicir que é necesario.

Insístolle en que o máis importante é o cambio de zona educacional a zona verde e só me quero remitir a iso pero insisto en dicir que lles imos votar a favor sempre e cando vostedes se comprometan. É sinxelo, vostedes comprometéronse en campaña electoral a corenta e sete garderías, nestes momentos nós imos votarlles a favor pero o único que lles estamos pedindo é que cando se produza este cambio non altere as previsións porque diga o que diga vostede o goberno ten unhas previsións cando fai o documento do Plan Xeral, se vostede quere dicir que non as ten eu coido que as debería ter.

Insisto: dende todos os estamentos estase indicando que no futuro pode haber problemas de 3 a 6 anos. No presente vemos que os hai de 0 a 3 anos. Se efectivamente queremos ser reais co que temos, teremos que facer as garderías. Paréceme estupendo a previsión de seu de modificar o uso desta parcela, estou de acordo posto que teño fillos e terei un lugar verde máis para pasear, pero entendo que a previsión de futuro que vostedes están facendo é dotar a Vigo de garderías a maiores e de uso educacional para evitar iso. Non me cambie á teoría de que se pode cambiar o uso cando se queira cando todos sabemos que para cambiar posteriormente a zona verde se precisa un informe que é vinculante e preceptivo.

Insisto: Precisamos as corenta e sete garderías, que se cubran as prazas para os

1.400 nenos que nestes momentos quedaron sen escolarizar polo goberno actual xa que o Sr. Caballero prometeuno en campaña electoral e dixo que o ía facer. Nestes momentos levamos xa dous e anos e medio de goberno e aínda non o fixo.

Imos votar a favor pero sempre e cando vostedes dalgún xeito se comprometan a que esas zonas educacionais as imos ter. Déixense de debates absurdos que non nos conducen a nada, senón a nos distraer da realidade que son esas prazas escolares.

SR. MARIÑO MENDOZA: Falou dun informe vinculante. Non sei se o que nos intenta dicir é que a Xunta de Galicia non emitiría ese informe vinculante para construír unha gardería caso de que se lle solicitase. Ó mellor é que me está intentando dicir, que se algún día queremos converter isto nun espazo educativo para crear unha gardería a Xunta de Galicia nolo vai negar mesmo cando existe unha demanda. A verdade é que increíble o que me está dicindo.

Falou tamén dos técnicos. A verdade é que me gusta que fale dos meus técnicos porque lle podo asegurar que son os mellores técnicos de Urbanismo de toda Galicia. O outro día lin unhas declaracións do Sr. Figueroa nun xornal nas que dicía que os técnicos de Urbanismo eran inoperantes. Os mesmos técnicos que traballaban con el.

Ademais teño tamén que dicir, xa que vostedes falan dos informes, de canto respectan vostedes estes informes técnicos porque de non se solucionar o problema a cidade vai ter que pagar unha indemnización millonaria porque vostedes cando gobernaban non respectaron os informes técnicos. Esa é a credibilidade que vostedes teñen nos informes técnicos.

Para vostedes o importante do Urbanismo é o beneficio duns poucos, vímolos nese caso e volvémolos ver con D^a Corina Porro no Porto de Vigo. O que interesa é o beneficio duns poucos e cando estamos a falar dunha zona verde para todos os cidadáns, que iso é o que nos interesa a nós, vostedes veñen con esta ringleira de modificacións e pretensións sobre o Plan Xeral. Estamos falando dunhas necesidades que queremos cubrir, dunha parcela que está vacante e, por suposto que esta e calquera parcela municipal cubrirá as necesidades de todos os cidadáns, non duns poucos. Vostedes dedícanse a facer modificacións do Plan Xeral para o beneficio duns poucos cidadáns. Nós non, nós compartimos a loita que teñen todos os cidadáns e as necesidades cotiás. Vostedes prefiren que esa parcela siga quedando vacante.

Por suposto que están cubertas todas as necesidades, os informes así o din e dende logo nós sempre imos ir apoiando os informes dos técnicos de Urbanismo que, volvo repetir, son os mellores técnicos de Urbanismo de toda Galicia. Non o ven así vostedes ou sexa que non diga que nós non cremos nos informes. Móstrame unha decisión que se tomara na Xerencia de Urbanismo contraria ós informes técnicos, unha soa. Eu pódolle mostrar unhas cantas de seu e de feito están gañadas no Xulgado. Iso é o que vostedes respectan os informes técnicos. Non faga demagogia con isto porque todos sabemos cales son as artes das modificacións puntuais dos documentos dende o Partido Popular que é o beneficio duns poucos en detrimento de todos os cidadáns desta cidade.

Estamos falando dunha zona verde. A verdade é que polo ton, cando vostede reitera unha e outra vez que van votar a favor deste punto, cústame crelo porque senón non entendo a súa argumentación. Os informes din claramente o que din, que nestes momentos non é necesario e imos coller unha parcela para o uso e goce de todos os cidadáns e esta e calquera parcela estará o servizo de todos os cidadáns no momento que sexa necesario.

Vólvolle lembrar que fale cos seus amigos de Santiago para que nos ingresen as partidas para poder montar as garderías que as faremos de inmediato porque esta cidade dispón de solo e os cidadáns están desexándoo. Agora ben, o que non imos permitir é que a parcela, como aconteceu durante o seu mandato, quede aí sen uso para os cidadáns, porque ó mellor vostede coñece moitas zonas verdes nesta cidade pero eu non e ó mellor parécenlle demasiadas, a min non mo parece, a min paréceme que cantas máis poidamos crear moito mellor.

A vostedes preocúpalles outra cousa do Plan Xeral: as edificabilidades, os contactos e acordos con algunhas persoas.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Coido que se está indo por outros temas que non son os cuestionados. Estábamos falando de garderías e de repente está falando de Urbanismo.

A PRESIDENCIA: Sr. Martiño, estamos falando dunha proposta que aparece co epígrafe de Urbanismo.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Perdoe, Sr. Alcalde, pero eu me cinguín completamente ó tema

das garderías e de repente acúsannos a nós de facer cousas que non sabe...

A PRESIDENCIA: Vostede falou de Urbanismo, de Plan Xeral, de modificacións. El está contestando. Prégolle que sexa breve e remate, Sr. Mariño.

SR. MARIÑO MENDOZA: Non estou falando de cousas que non sei. Falo de Sentenzas xudiciais sobre as súas decisións contrarias ós informes técnicos. Non estou opinando sobre un tema, estou a falar de Sentenzas firmes que poden ocasionar danos incalculables para esta cidade e a vostedes o que lles preocupa é que cremos unha zona verde para os cidadáns. Garántolle que o día no que en calquera parcela deste Concello se queira construír unha gardería ou un centro de saúde, algo básico e necesario para os cidadáns desta cidade, calquera parcela estará disposta sempre e cando cumpra a lei. Lémbrolle tamén que o Plan Xeral di perfectamente de que uso a que uso se pode cambiar sen modificación do Plan, pero non todos os cambios están permitidos aínda que si están regulados e polo tanto non é unha modificación do Plan, é unha modificación de uso que permite o Plan Xeral. Está documentado. Isto é triste porque vostedes colaboraron con este documento e debían coñecelo un pouco máis.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, fun aludido.

A PRESIDENCIA: Non a vostede se lle mencionou por unha cita dun xornal sen ningunha apertura de debate. Sinxelamente leouse unha cita dun xornal que aparece co seu nome, non creo que sexa alusión e vostede sabe que teño razón, Sr. Figueroa.

SR. FIGUEROA VILA: Acaba de facer unha afirmación grave sobre unhas verbas miñas con respecto ós funcionarios, coido que merece...

A PRESIDENCIA: Non, quen fixo afirmacións en relación con funcionarios e negar a capacidade dun funcionario foi o seu voceiro.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Non, iso non é certo, en ningún momento posto que o que dixen constantemente foi que por parte do seu goberno están totalmente... ós funcionarios en todo momento e remítome á hemeroteca do meu Concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar, ó abeiro do disposto no artigo 47.4 da L.9/2002, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia (LOUGA), o cambio de uso dotacional, de escolar a zona verde pública, da parcela municipal situada entre as rúas Curros e Ernesto Lecuona (Lavadores), obtida en virtude da aprobación do proxecto de compensación da Unidade de Execución UE IV-12 Ramón Nieto-6 do PXOU-93. Ten unha superficie de 2.352 m² e foi cedida ó Concello de Vigo en pleno dominio e libre de cargas e gravames para uso dotacional escolar. Figura inscrita no Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo como finca nº 64615, ó tomo 2105, libro 1064, folio 147, inscrición 1ª.

Segundo.- Instar do Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo a modificación, no sentido exposto, da descrición da finca rexistral de referencia; modificación que tamén deberá reflectirse no Inventario Xeral Municipal de Bens e Dereitos.

Terceiro.- Publicar este acordo no BOP e notificalo, para o seu coñecemento, ós veciños que demandaron o cambio de uso dotacional e ás Concellerías de Área e Xefaturas dos Servizos municipais responsables de Distritos, Servizos Xerais - Vías e Obras, Educación, Montes, Parques e Xardíns, Patrimonio e Cartografía.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todos os presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas de la violencia doméstica.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Pasamos ó apartado de mocións. Como ven sendo cotiá temos nove mocións e co tempo habitual de debate significa que imos ter debate durante catro horas e media. Dado que son as 12, se as cousas van ben o Pleno rematará ás 4,00 ou 4,30. Digo o de van ben en termos de utilización de tempos. Non é que lles queira pedir que renunciem ós seus tempos pero se tratamos de comprimir o debate remataremos en hora un pouco máis razoable, senón seguiremos ininterrompidamente ata que se remate a orde do día.

SR. FIGUEROA VILA: Dende o noso grupo dixemos na Xunta de Voceiros que estamos agardando pola proposta do goberno para tratar o Regulamento de funcionamento do Pleno. Reiterámolo hoxe unha vez máis, farémolo todos os Plenos ata que o goberno teña a ben facer unha proposta concreta. Nós dixemos que en vinte e catro horas faríamos as correspondente alegacións. Aquí hai maiorías para que cada un dos grupos decida como ten que ser o funcionamento do Pleno, pero o que non nos parece de recibo e si absurdo que sexa unha decisión única e exclusivamente do Alcalde á que o noso grupo está en contra.

Coido que hai un mecanismo que se chama Regulamento de funcionamento do Pleno. Haberá maioría, como en todos os demais temas, e os que teñan a maioría farán a proposta. Parécenos absurdo que esteamos unha vez máis con este xeito de funcionar de maneira unilateral, tomando vostede a decisión.

Coido que estamos facendo unha proposta coherente e razoable. Díxonos o 19 de xullo que en cuestión de días se faría a proposta do regulamento e parécenos o máis correcto porque deste xeito rematan os problemas, os que teñan maioría vótano e os que teñamos minoría, se non temos os votos suficientes teremos que acatar as decisións da maioría pero evidentemente coas alegacións correspondentes e sabendo todo o mundo o posicionamento de cada un dos grupos.

Coido que é o razoable, non estamos pedindo nada que non estea axustado á legalidade. Paréceme que é o correcto.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. Figueroa, trataremos que a proposta do novo regulamento efectivamente se presente o máis axiña posible.

Preguntáballe á Secretaria de cando é o regulamento anterior e dime que do ano 88. Se este Pleno leva vinte e un anos esperando, pode agardar un mes máis a que efectivamente a eficacia deste goberno resolva a cuestión.

En todo caso, Sr. Figueroa, eu estiven vendo os tempos de duración de Plenos en todos os concellos dunha certa poboación de toda España e en ningún teñen estas duracións. Quere dicir por tanto que no peor dos casos somos o Concello que permite unhas duracións de plenos que chegan ata as catro, cinco e algunhas veces ata as seis da tarde. Isto efectivamente deberíase resolver cun regulamento, pero en todo caso ese regulamento o que non pode facer é limitar as actuacións do Concello de xeito que non sexa o que estamos facendo agora, porque se o regulamento o que implica é que os Plenos van durar máis, irémonos ás dez da noite.

Pero en todo caso eu dígolle que sen regulamento está habendo un número elevado de mocións da oposición, practicamente todas, sete de nove, isto non sucede nin no Parlamento de Galicia, nin noutros concellos e nós aplicamos os tempos de forma xenerosa.

En todo caso trataremos efectivamente de presentar o máis axiña posible unha proposta de regulamento que reformando o que leva vinte e un anos en vigor, determine a forma de proceder nos Plenos.

24.- (188).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á RECOLLIDA DE RESIDUOS VOLUMINOSOS DOS MUNICIPIOS POLA EMPRESA SOGAMA. DOC. 90131789.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de setembro, número 90131789, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“A Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ven de comunicar que a partir do 1 de setembro de 2009 procederase ao cesamento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos concellos adheridos.

O cesamento na prestación do servizo de retirada de residuos voluminosos por parte de SOGAMA, para o seu posterior tratamento, prodúcese de xeito unilateral, sen ningún tipo de negociación previa cos concellos afectados, que a partir do 1 de setembro terán que facerse cargo, individualmente, da recollida e entrega deste tipo de residuos a un xestor autorizado.

Con este anuncio, a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) podería estar a incumprir as condicións pactadas cos concellos no momento da súa adhesión, sen que nin a Xunta nin a propia SOGAMA ofrezan ningunha solución alternativa e viábel aos Consellos afectados, que, ademais de ter que artellar sistemas de recollida, verán como os custes do tratamento destes residuos se incrementan de xeito exponencial.

A falla dun sistema homoxéneo para a retirada destes residuos, xunto co incremento significativo dos custes, precisamente nun momento no que como consecuencia da crise económica e das deficiencias do sistema de financiamento local as facenda municipais están a pasar por situacións moi difíciles, podería derivar na proliferación de vertedoiros incontrolados ou, no mellor dos casos, cando o tratamento se faga conforme á legalidade e por un xestor autorizado, no

traslado do incremento dos custes ao recibo do lixo que terán que soportar os/as veciños/as dos concellos afectados.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia e á Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ao mantemento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos municipios adheridos, nas condicións que o viña facendo até agora, para o seu posterior tratamento por un xestor autorizado e conforme á normativa vixente.

Segundo.- No seu defecto, instar á Xunta de Galicia a que aporte unha solución alternativa e viábel, que non supoña un incremento do recibo do lixo dos concellos afectados.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Vou tratar cinguirme exactamente ó contido da moción, porque coido que é o xeito de reducir esta extemporánea duración dos Plenos e sobre todo seren responsables coa cidadanía porque nos pagan e nos teñen aquí para traballar, para falar dos temas, pero para ordenar os debate e non cansar a ninguén con disertacións que ó mellor non teñen nada que ver co asunto que nos trae.

Esta moción ven dar conta dunha situación que están a vivir os concellos galegos que teñen que asumir a responsabilidade dende o 1 de setembro deste ano da recollida dos residuos voluminosos. A Sociedade Galega de Medio Ambiente, SOGAMA, ven de comunicar que a partir do 1 de setembro de 2009 procederase ó cesamento da recepción dos residuos voluminosos procedentes dos concellos adheridos.

O cesamento na prestación do servizo da retirada de residuos voluminosos por parte de SOGAMA para o seu posterior tratamento, produciuse de xeito unilateral sen ningún tipo de negociación previa cos concellos afectados que a partir do 1 de setembro terán que se facer cargo individualmente da recollida e entrega deste tipo de residuos a un xestor autorizado.

Con este anuncio a Sociedade Galega de Medio Ambiente podería estar a incumprir as condicións pactadas cos concellos no momento da súa adhesión sen que nin a

Xunta, nin a propia SOGAMA ofrezan ningunha solución alternativa e viable ós concellos afectados que, ademais de ter que artellar sistemas de recollida, verán como os custos de tratamento destes residuos se incrementan de xeito exponencial. A falla dun sistema homoxéneo para retirar estes residuos, xunto co incremento significativo dos custos precisamente nun momento no que, como consecuencia da crise económica, de deficiencias dun sistema de financiamento local, as facendas municipais están a pasar por situacións moi difíciles, podería derivar nunha proliferación de vertidos incontrolados ou no mellor dos casos, cando o tratamento se faga consonte coa legalidade e por un xestor autorizado, nos trasladen o incremento de custes ó recibo do lixo que terían que soportar os veciños e veciñas dos concellos afectados.

O BNG sempre apoiou e apoia os procesos de reciclaxe de todos os residuos e acreditámolo no proceso de tratamento histórico que se viña desenvolvendo por parte de SOGAMA. Agora ben, dadas as circunstancias dos procesos de contratación que SOGAMA realizou, lembramos aquí toda a historia de adhesións dos distintos concellos ó proceso de incineración que SOGAMA mantiña, entendemos que despois dunha dilatada conflitividade na formalización destes contratos parecería razoable establecer acordos previos cos concellos, primeiro que resolvesen os problemas de contratación entre os concellos e SOGAMA e por outra banda establecer un sistema xeral, único para todos os concellos de Galicia que permitira, sen aumentar os custos e polo tanto sen aumentar a repercusión no recibo dese lixo, permita que fixeramos unha xestión razoable e sostible tanto medioambiental como economicamente.

Por iso formulamos diante do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: Instar á Xunta de Galicia, á Sociedade Galega de Medio Ambiente, ó mantemento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos municipios adheridos nas condicións que viña facendo ata agora para o seu posterior tratamento por un xestor autorizado e conforme coa normativa vixente. No seu defecto, instar á Xunta de Galicia a que aporte unha solución alternativa e viable que non supoña un incremento do recibo do lixo dos concellos afectados.

A PRESIDENCIA: Non vai haber intervencións por parte deste goberno, polo tanto intervirá agora o Grupo socialista, logo o Grupo do Partido Popular e rematará o debate o propoñente.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Nesta actuación de SOGAMA vese unha vez máis a actitude do Partido Popular porque unha vez que conseguiu o acceso á Xunta e gañou as eleccións arramplou con todo, entrou coma un elefante nunha cacharreiría e empezou a desmontar todo o que estaba desmontado antes como é o caso de SOGAMA.

De xeito unilateral, como ben dicía o Concelleiro de Patrimonio, de súpeto un día comunícasenos que a partir de agora SOGAMA deixa de recibir o que nós chamamos os trastes, os residuos voluminosos, e deixaron a todas as cidades de Galicia vendidas, pero sobre todo á cidade de Vigo que é unha das que xera máis residuos sinxelamente por volume de poboación.

Así, de súpeto, chegounos un día unha comunicación que nos di, como dicía o Concelleiro de Patrimonio, que a partir de agora xa deixan de recibir residuos e de feito o 1 de setembro esta concelleira seguiu ordenando, porque temos un contrato, que os trastes se dirixiran a SOGAMA e o camiión veu de volta dicindo que non recibían máis residuos voluminosos.

SOGAMA esquece que ten un contrato co Concello de Vigo. Lémbrolles un informe técnico que solicitei no que se di claramente que o obxecto do contrato do 30 de xuño de 2008, concluído entre o Concello de Vigo e SOGAMA para a xestión do servizo de tratamento dos residuos sólidos urbanos, inclúe a xestión e tratamento dos residuos urbanos voluminosos. Polo tanto SOGAMA ten que cumprir o seu contrato, ten que recibir estes residuos e como non o fai os técnicos municipais, ós que nós tamén facemos caso, din o seguinte: "Así as cousas, esta administración municipal poderá optar pola resolución parcial do contrato con incautación da garantía e indemnización (é dicir, podemos pedir unha indemnización por incumprimento do contrato), ou ben esixir o cumprimento por equivalencia da prestación". É dicir que nos garantan dalgún xeito o cumprimento pero non o está a facer. Somos os concellos quen nos temos que buscar a vida pola nosa conta.

Eu teño que dicir que os técnicos de Limpeza e eu mesma tivemos que decidir en cuestión de días que facer cos trastes voluminosos e de súpeto atopamos unha solución. Consequimos solucionar o problema dos trastes porque senón nestes momentos as nosas rúas estarían con colchóns, mobles e un montón de trastes.

Polo tanto este Concello se moveu porque tiña esa obriga, pero SOGAMA ten a obriga de recoller os nosos residuos. Iremos pola vía que corresponda por incumprimento de contrato para lle esixir danos e perdas porque é o que lle está ocasionando nestes

momentos SOGAMA a toda a cidade de Vigo.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Vou comezar case polo final, pola Sra. Díaz e por esta moción que presentan os señores do Bloque Nacionalista Galego.

Citando a un dos seus compañeiros, ó que ten ó seu carón sen ir máis lonxe, esta é unha moción que é todo fume. Deberían retirala porque é unha vergoña que presenten isto a estas alturas.

Falaba vostede do “proceso de tratamento que se está desenvolvendo por SOGAMA”. Vostedes do Bloque Nacionalista Galego como poden falar disto? Vostedes que se sempre se opuxeron á xestión de SOGAMA, que non fixeron nada durante estes catro anos nos que estiveron no goberno bipartito da anterior Xunta. Non conseguiron ningunha solución.

Sra. Díaz, tanto vostede como o Bloque Nacionalista Galego que presenta esta moción que é fume e que é vergoñosa, debería retirar, como poden instar á Xunta a que cometa unha ilegalidade, a que siga actuando ilegalmente? Como é posible? Eu tamén teño ese informe, Sra. Díaz, e agora lle imos facer un repaso bastante completo. É absolutamente vergoñento porque esta paralización e este problema de agora xorde dos catros últimos anos de goberno do anterior bipartito no que por certo vostede estaba presente, traballando na Xunta. Evidentemente non significa iso que tivera que saber de todo pero que si que estaba alí e polo tanto sabe moi ben como funcionaban as cousas e é lamentable a paralización que se produciu.

Por certo, a Sra. Mendez que foi quen presentou esta moción, semellaba un pouco alterada esta mañá. Non se altere, deberían retirar a moción porque como di o dito “o pesimista queixase do vento, o optimista espera que cambie e o realista axusta as velas”. Isto último é o que está a facer a Xunta; vostedes inventaron unha figura nova que é a do optimista-pesimista e isto por dúas razóns: optimista porque non fixeron nada e agardaron durante catro anos a que cambiase o vento e pesimista porque por riba se queixaban do vento. Iso é o que ocorreu durante os últimos catro anos e a verdade é que analizar en profundidade esta moción é absolutamente lamentable e patético. Empezarei polo principio.

Falouse de que “prodúcese de xeito unilateral”. Claro, porque na Xunta a través da actual Xerencia de SOGAMA se sabe que se está cometendo unha ilegalidade. Vostedes sabíano porque deron esa concesión medio ambiental integrada hai xa máis dun ano, no 2008, e dous meses despois negociaron con este Concello un

convenio que non se podía cumprir. Ese é o problema. Vostedes, a través da Xunta do bipartito anterior, estaban raiando na prevaricación. Ese é o problema real e agora queren que dende a Xunta e dende SOGAMA se continúe con ese raiar a prevaricación, ó límite, ó bordo, cometendo unha ilegalidade porque esa autorización medioambiental integrada impide que dende SOGAMA sigan xestionando do mesmo xeito os materiais voluminosos.

Haberíase que preguntar unha cousa: ou a Xunta anterior á mantenta, sabendo que non podería cumprir ese convenio que asinaba con este Concello, asinouno, co que como dixen estaba raiando a prevaricación, ou doutro xeito son tan malos xestores, tan nefastos, tan incompetentes e tan incapaces de coñecer a lei... Por certo, o descoñecemento da lei non impide a súa aplicación, nin que vostedes estivesen tamén obrigados a cumprir con esa lei. Esa é a cuestión desta situación na que nos atopamos agora e vostedes téñenos que explicar se co anterior bipartito da Xunta o sabían ou se non o sabían, pero calquera das dúas cuestións é bastante grave, a unha por incompetencia e a outra por raiar nesa prevaricación. Agora a cuestión é que nos atopamos coa imposibilidade de xestionar correctamente estes residuos voluminosos.

Por certo, insisto en que cando estaban no bipartito, no goberno da Xunta, estiveron paralizados en SOGAMA durante catro anos, non deron ningunha alternativa, non propuxeron nada, nin ampliar as instalacións, nin ampliar a xestión que se estaba realizando. Dende o Bloque Nacionalista Galego sempre se opuxeron e logo vou citar algúns casos salientables nos que quedaron demostradas as contradicións que vostedes teñen acotío e que continúan ó longo do tempo.

Vostedes non presentaron ningunha alternativa pero iso si, puidemos ver moitos titulares dos xornais relativos á nefasta e nula xestión. Pero realmente retiro o de nefasta porque non era nin nefasta nin boa; non había xestión e ese é o problema. Sen embargo si que apareceron moitos titulares na prensa, por exemplo coma este referido ó vertedoiro que SOGAMA xestiona en Areosa-Cerceda que verte residuos tóxicos ó río Lengüelle, afluente do Tambre augas arriba da captación dende a que se abastece a cidade de Santiago e outras localidades. A isto dedicáronse vostedes, a un total desleixo das funcións que tiñan que levar a cabo e das cousas que tiñan que xestionar. Como di aquí: “Xa denunciámos dende o Partido Popular que Medio Ambiente almacenaba en Areosa 500.000 toneladas de lixo sen tratar cada ano”. Agora dirán que SOGAMA montouna o Partido Popular. Si, para dar solucións que logo

se tiñan que ir ampliando e se tiñan que ir buscando alternativas, pero vostedes nin buscaron nin atoparon ningunha ó longo deses catro anos. Por iso e como dicía o principio, isto que nos traen hoxe a este Pleno é fume.

Tamén teño aquí, Sra. Díaz, o amplo informe que nos leu, pero nel tamén se di: “Debería adaptarse a dita norma antes do 30 de outubro de 2007, data na que debería contar coa pertinente autorización ambiental integrada para as ditas instalacións”. Evidentemente fálase de SOGAMA e esa autorización ambiental integrada que se concede o 30 de abril de 2008 e, posteriormente, dous meses despois, é cando dende o Concello de Vigo acordan ese convenio e como dicía antes, ou á mantenta de que tiñan que incumprir tarde ou cedo por estaren cometendo unha ilegalidade, ou aínda peor, sen o saber o que xa sería un indicativo moi claro desa nefasta capacidade de xestión de seu.

Teño aquí o informe, Sra. Díaz, pero o que non poden esixirille vostede á Xunta é que siga facendo unha ilegalidade. Sabe o que tería que facer, Sra. Díaz? Ir reclamarlles ós membros do anterior goberno da Xunta as negligencias que cometeron neste sentido e ir reclamarlles por danos e perdas. Iso é o que terían que facer porque toda a responsabilidade é do anterior bipartito. Ese é o problema e agora xorden estas cuestións que logo xa lles comentarei que a Xunta está tentando solucionar. É absolutamente lamentable ter chegado a isto gracias á esa negligencia, a esa incompetencia que vostedes tiñan.

Dise logo na moción: “Os custos de tratamento destes residuos se incrementan de forma exponencial”. O que se incrementa de xeito exponencial, o que é exponencial ou excesivo son, como dicía un compañeiro hai un bo rato, as taxas de lixo que se cobran neste Concello, máis elevadas aínda que noutras cidades. Iso é o que é excesivo.

Falaron tamén de solucións alternativas, pero cales foron as que deron vostedes? Que solucións alternativas se deron dende este Concello cando lles estamos avisando? A vostede tamén lle van interesar, Sr. Domínguez Olveira.

Voulles ler unha moción que presentei eu mesmo aquí e que amosa o seu absoluto interese (dígoo ironicamente) pola xestión dos residuos voluminosos. Logo lereina para que vexan o que votaron vostedes neste mesmo Pleno e o que fixeron e están facendo nesta cidade que é cero, porque teríamos que falar dos puntos limpos e antes o Sr. Mariño dicía que nós non lemos o Plan Xeral, pero eu lin os trescentos folios do Plan Xeral relativos a Medio Ambiente e algún de vostedes, vou citar que

non nomear a unha concelleira do Partido Socialista que non sabía tampouco cantos puntos limpos viñan no Plan Xeral. Estouna citando, estou lembrando certas frases que se comentaron neste Pleno. Hai un ano e medio, no debate dunha das primeiras mocións que eu mesmo presentei neste Pleno, non sabía cantos puntos limpos había redactados no Plan Xeral. Lémbrollo: oito.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, esgotou o seu tempo e polo tanto lle prego que vaia rematando. Non lle digo que remate, dígolle que vaia rematando.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Non fixeron nada respecto ós puntos limpos, non hai absolutamente nada xestionado nos dous últimos anos. Falan dun sistema homoxéneo para a retirada destes residuos pero onde está aquilo do que falabamos nós, deses puntos limpos e dos 80.000 metros dos que nós faláramos no anterior goberno da Sra. Porro para facer unha planta de reciclado de residuos en Bembrive. Vostedes non fixeron absolutamente nada ó respecto.

Voulles ler esta moción relativa a unha xestión máis eficiente de reciclaxe dos residuos urbanos. Estabamos falando precisamente disto e sobre as carencias dicía nun parágrafo desta moción que presentei: “Ocorre igualmente con outro tipo de residuos como son os trastes, residuos metálicos, etc., apreciándose en moitos casos un claro descoñecemento pola parte dos cidadáns respecto á súa xestión e o procedemento a seguir para o seu reciclado. Por outra banda a empresa FCC, responsable da recollida e almacenamento atópase saturada”. Instábamos a facer unha campaña de coordinación á vez que un manual, unha cousa sinxela para informar ós cidadáns e evitaren precisamente eses vertedoiros incontrolados que din vostedes que van xurdir por todas partes. Vostedes votaron en contra. Esta moción está aquí, queda para os anuarios, está rexistrada. Rexeitouse, Sr. Domínguez Olveira, vostedes tamén votaron en contra. A moción formulouse “polo concelleiro do Grupo municipal popular propoñendo medidas relativas a unha xestión máis eficiente de reciclaxe dos residuos urbanos, co texto que se transcribe”. Vostedes votaron en contra, ese é o interese que mostraron vostedes nos dous últimos anos neste Concello.

Isto vai para vostede, Sra. Díaz, porque ó final seguro que todos estamos a favor de reciclar máis correctamente os residuos, o que pasa é que hai que explicar ós cidadáns que iso non é gratis, pero vostedes non queren.

Falando deses vertidos incontrolados e como unha mostra máis do seu falso interese, nós denunciámolo dende abril deste ano en varias ocasións, con roldas e notas de prensa e mesmo cunha moción, denunciámos que vostedes non estaban facendo nada para facer o seguimento da xestión dos residuos que se estaban producindo nas obras desta cidade e foron aparecendo vertidos incontrolados por todas as zonas e en todas as parroquias da cidade. Ese é o problema e aquí están os titulares que falan de máis de cincuenta vertedoiros ilegais. Esa é a situación pero vostedes non fixeron absolutamente nada.

E iso por non falar dos seus programas electorais...

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, ten exactamente dous minutos para rematar. Leva o dobre do tempo que ten asignado.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Aquí houbo intervencións de máis de trinta minutos e vostede estame negando a palabra. Ese é o problema. Non hai ningún tipo de regulamento.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, chámoo á orde. Ten dous minutos para rematar.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Faga o que queira, Sr. Alcalde, faga o que lle dea a gana que está no seu dereito e eu vouno respectar, pero non hai ningún regulamento e teño todo dereito a expoñer porque só me deu unha intervención.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, unha intervención é o que o informe da Secretaria di que se debe aplicar coas normas cotiás. Vostede non respecta nin as normas que estamos aplicando.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Cando rematou o tempo dos meus compañeiros tanto desta como daquela bancada deulles máis tempo porque vostede o coidaba oportuno e isto moléstalle. Este realmente é o problema, que cando lle molesta algo quita a palabra.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, atéñase ás normas porque está vostede

rozando a rotura das normas deste Pleno.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Coma sempre. Sempre me acusa do mesmo.

A PRESIDENCIA: Sucédelle a vostede case sempre, pero só a vostede. Remate nun minuto, por favor.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Porque sempre lle molesta o que lle digo. Pero mire, nin me vai amedrentar, nin me vai botar para atrás en todo o que teño que dicir.

A Xunta claro que está poñendo solucións a todo isto. Vou facer o resume porque isto é importante. A Xunta púxose mans á obra. Efectivamente, xa o 1 de setembro dixo a Consellería de Medio Ambiente que deixa de recoller os residuos voluminosos cumprindo cos termos da autorización ambiental integrada que tramitou o goberno anterior. “O día 11 de setembro Hernández indicou que o seu departamento está en contacto coa FEGAMP para atopar solucións ó problema dos voluminosos e lembrou que se porá especial atención na xestión dos refugallos que se xeren nas execucións das obras tendo en conta os procesos de reciclaxe, reutilización e minimización dos residuos. Con referencia ós voluminosos, estamos en contacto coa FEGAMP para atopar unha solución a un problema que foi consecuencia da autorización ambiental á planta de Cerceda que nós herdamos, para axudar ós concellos e tamén para atopar unha solución á débeda actual”. Por certo, o Concello de Pontevedra ten unha débeda de case tres millóns de euros que aínda lle ten que pagar a SOGAMA.

O día 15 de setembro volven falar dende a Consellería dicindo que “O final do ano establecerase unha liña de colaboración que permita de cara ós orzamentos de 2010 abordar de xeito xeral, global a optimización dos puntos limpos”.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, remate inmediatamente, por favor.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: “O día 21 de setembro indicou que se establecerán criterios obxectivos que permitan establecer unha liña permanente de axudas a todos os concellos para este tipo de gastos, estas subvencións, que estarán suxeitas ás posibilidades orzamentarias (porque vostedes deixaron a Xunta a cero), estarán vinculadas tamén a adecuada xestión dos puntos limpos”. Isto é para vostedes porque se tanto lles interesa se teñen que poñer mans á obra.

Por certo, Sra. Méndez, vostede di que non foi recibida pola Directora xeral de Benestar Social pero o Sr. Louzán foi recibido unha soa vez en catro anos polo anterior Presidente da Xunta. Só lle digo isto.

Vostedes, señores do Bloque Nacionalista Galego, que presentan esta moción, que falaban das tres erres -residuos, reutilización e reciclaxe- non fixeron nada, os seus programas electorais son iguais no 2005 e no 2009.

Eu dediqueime a facer onte, que por certo foi moi entretido, é como facer un encrucillado, tés que ligar unha idea coa outra. Aquí, só un exemplo...

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, isto está superando todo o imaxinable, a súa intervención en tempo está superando todo o que un pode permitir. Remate exactamente en quince segundos.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: “Durante a vindeira lexislatura porase en marcha o Plan Galego de Compostaxe de Fracción Orgánica do RSU”. Isto está ligado co punto 3 do actual programa electoral que vostedes presentaron este ano. Así ocorre en todos os puntos, só hai que facer o encrucillado porque é exactamente igual.

A PRESIDENCIA: Para rematar o debate, Sr. Concelleiro de Patrimonio, dado que o Sr. Sagarra, rompendo todas as normas imaxinables, utilizou trinta minutos, en troques dos dez ós que ten tempo, nunha moción... Si, hai normas, Sr. Concelleiro, parece mentira que sexa vostede quen diga iso, parece mentira que sexa un profesor de Dereito Civil quen diga que aquí non hai normas, é increíble.

Sr. Concelleiro de Patrimonio, ten entre cinco e dez minutos.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Podemos falar dos residuos, de moitas cousas, podemos falar de case todo; podemos estar falando dúas ou tres horas, o certo é que a moción é moi clara e os cidadáns deben saber exactamente de que se trata. Trátase de que existen concellos como o de Vigo, hai moitos outros, que tiñan un acordo coa Sociedade Galega de Medio Ambiente que é quen trataba os residuos sólidos urbanos e tamén aqueles que lle chamaban voluminosos que teñen unhas características especiais. Eses contratos que estaban asinados, no caso do Concello de Vigo dende hai un ano, prevían precisamente o tratamento deses residuos sólidos urbanos. Acontece que efectivamente a Xunta de Galicia tería que ter tomado neste

ano en curso unha serie de decisións a respecto de que maneira faría esa xestión de residuos voluminosos e poñerse de acordo cos concellos para que, en primeiro lugar non se incumpriran os contratos, *"pacta sunt servanda"*, os contratos hainos que cumprir, e por outra banda non crear un problema ó que logo será moi difícil darlle solución.

Eu non dubido neste momento de que o Conselleiro de Medio Ambiente sexa consciente de que hai un problema. Seguramente de seren o proceso ó revés, se primeiro se falara cos concellos de que solución se lle podería dar a ese tratamento de residuos, hoxe non estaríamos a falar dun problema que acaba de empezar.

Para que todos nos entendamos, a cousa é sumamente fácil. Hai uns residuos que polas súas características é moi difícil de tratar mesmamente polos concellos, non é un problema de puntos limpos ou doutras alternativas, é un problema difícil porque son residuos moi voluminosos dunhas características especiais e que é necesario entre todos, Xunta de Galicia e concellos, darlle solución máis aló de debates a respecto dos cumprimentos ou incumprimentos de contrato.

Neste caso o que estamos presentando nós para a Xunta de Galicia é que se poña en marcha ese mecanismo de colaboración entre os concellos e a Xunta que permita precisamente dar solución a ese problema. Antes falaba de que non dabamos alternativas pero a alternativa é moi sinxela, poderíamos pensar ben nunha autorización a SOGAMA para facer un tratamento deses residuos ou tamén a alternativa de buscar unha empresa conxunta entre os concellos e a Xunta de Galicia que dese un tratamento a eses residuos e existen algunhas empresas que o poden facer.

A cousa é sinxela, abonda a vontade política. Agora ben, todo parece indicar que a cuestión está en desfacerse de servizos e de problemas. Pero se nos desfecemos de problemas e de servizos dígolle a vostedes que é innecesario recadar, non é necesario ingresar cartos.

Polo tanto isto é o que estamos votando. En troques de dar solución a un problema dilátano ou neste caso encárganlle ós concellos que o asuman. Isto é o que a nova Xunta de Galicia parece estar facendo e o que convén que todo o mundo saiba.

A solución é moi sinxela, a alternativa é moi fácil: como di a moción que se poñan de acordo entre os concellos, a Xunta de Galicia e SOGAMA para facer un tratamento ós residuos sólidos urbanos e ós voluminosos con carácter urxente e definitivo e poidamos saber todos onde van eses residuos, como se tratan, etc. Por certo, eses

residuos poden derivar tamén ingresos para as arcas públicas autonómicas porque algúns deles son residuos que se poden reciclar e vender con posterioridade.

Isto é nin máis nin menos o que propón esta moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Oliveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, relativa ó cesamento da recollida de residuos voluminosos dos municipios pola empresa SOGAMA, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

25.- (189).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOLICITANDO INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A POSTA EN MARCHA DO PLAN DE MODERNIZACIÓN DOS COLEXIOS PÚBLICOS DE INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO E AMPLIACIÓN DOS COMEDORES. DOC. 90132607.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de setembro, número 90132607, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. López Atrio, formula a seguinte moción:

“A Concellería de Educación de Vigo encargou, no ano 2008 a un equipo de arquitectos, un procedemento de recollida de datos e caracterización da situación material dos Centros Públicos de Infantil e Primaria. Este instrumento permite, tralo estudo sistemático de campo, coñecer de xeito pormenorizado e descritivo o estado de conservación dos colexios e facer unha estimación razoada do custo de investimentos.

Elaborado este instrumento, o mesmo equipo técnico comezou a recollida de datos da totalidade dos colexios públicos vigueses. Estableceu un diagnóstico do estado construtivo de todos eles nos seguintes apartados: cubertas, paramentos exteriores, paramentos interiores, pavimentos exteriores, pavimentos interiores, carpintería exterior, carpintería interior, elementos de peche, delimitación e accesos e varios (nomeadamente urbanización da parcela).

Paralelamente, os servizos técnicos municipais, elaboraron unha ficha por centro, informando do estado das instalacións: eléctrica, calefacción, alarma, ascensor, pararraios, sistema contra incendios, e comedores escolares.

Por outra banda está a casuística dos comedores escolares. Vemos que aínda tendo dobre quenda de funcionamento, non poden atender toda a demanda existente da súa comunidade educativa. Están ao máximo da súa capacidade e, se non se amplían urxentemente, non poderán acceder máis solicitantes aínda que conten con beca. Ademais considérase antipedagóxico é inviable a posta en marcha dunha terceira quenda.

O estudo, xa rematado no mes de xuño de 2009, representa un documento de vital importancia para enfrontar con rigor un plan de investimentos que persiga a posta ao día das instalacións escolares.

Estamos ante unha auténtica guía para enfrontar a ineludible modernización de instalacións, que non cumpren, en xeral, as importantes funcións para as que foron creadas. E debemos iniciar ademais a ampliación imprescindible dalgúns comedores.

Unha primeira estimación económica que deixe ós centros públicos de Vigo en condicións aceptables, acada unha media entre 300 e 400 mil euros de investimento por centro. Estamos falando de 20 millóns de euros, que son de competencia autonómica.

Trátase de actuacións encamiñadas á mellora e modernización de elementos que finalizaron a súa vida útil, actuacións que o artigo 106.3 da Lei de Contratos das Administracións Públicas define como de reforma. Segundo este artigo “*O concepto xeral de reforma abrangue o conxunto de obras de ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente*”. O citado artigo fai evidente que esas reformas corresponden á Xunta de Galicia e non ó Concello.

Non significa isto que o Concello se sitúe de costas a esa urxente problemática. Proba diso é a contratación por parte da Concellería de Educación deste completo estudo e o enorme esforzo económico anual que a nosa administración fai en labores de conservación, limpeza, vixilancia, investimentos e subministro aos centros públicos. Achega que supera os 7 millóns de euros.

Corresponde á Administración Educativa da Xunta de Galicia, enfrontar de xeito

planificado estes investimentos, en estreita colaboración co Concello de Vigo, propietario legal dos colexios, que sen embargo ten sobre eles moi escasas competencias, pese ó enorme gasto.

O Concello de Vigo está disposto a un convenio coa Consellería de Educación para modernizar os centros públicos de Educación Infantil e Primaria.

Ante a situación descrita, o grupo Municipal do Partido Socialista presenta, para ser aprobados polo Pleno Municipal, os seguintes acordos:

Primeiro.- Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a poñer en marcha de forma inmediata o Plan de Modernización dos Colexios Públicos de Infantil e Primaria de Vigo. Nel contemplaranse de xeito temporalizado as actuacións de reposición e reforma e o seu financiamento.

Segundo.- Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a ampliar urxentemente oito comedores, buscar noutros casos espazos alternativos ou executar obras novas, tal como se propón no documento entregado pola Concelleira de Educación de Vigo ó Delegado Territorial de Pontevedra.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. LÓPEZ ATRIO: Malia a súa amplitude espero poder desenvolver esta moción que é ademais informativa para o público e dende logo moi importante para este goberno e para esta concelleira.

Esta concelleira no ano 2008 encargou a un equipo de arquitectos un procedemento de recollida de datos e caracterización da situación material dos centros públicos en educación infantil e primaria. Este instrumento permite tratar o estudo sistemático de campo, coñecer de xeito pormenorizado e descritivo o estado e conservación dos colexios e facer unha estimación razoada do custo e de investimento.

Son dous tomos coas páxinas escritas polas dúas caras e letra pequena. O estudo contén detalladamente a situación dos colexios públicos, o seu estado tanto construtivo como de servizo.

Este estudo contén “Actuacións encamiñadas á mellora e modernización dos elementos que finalizaron a súa vida útil”, “Ampliación e creación de comedores escolares”, “Axardinamento e ornamentación dos espazos escolares”. Alguén pensará que isto último é unha frivolidade pero non é así de ningún modo porque os rapaces hoxe en día, pola situación da maioría das familias pasan máis de dez horas dentro dos espazos escolares e isto fai que sexa dunha grande importancia que os

espazos sexan axeitados, que non sexan sinxelamente para pasar o tempo ou estaren nas aulas porque empezan almorzando, logo estudan, logo comen, fan actividades extra-escolares... Están dende as oito da mañá ata as seis ou oito da tarde dentro dos centros educativos. Polo tanto precisan que as instalacións sexan axeitadas tanto nas aulas, como nos espazos externos, como nos comedores escolares.

Unha primeira estimación deste estudo dá que se precisa un investimento de entre trescentos e catrocentos mil euros en cada centro público desta cidade. Estoume a referir a infantil e primaria, non a secundaria. Precísase un investimento aproximado duns vinte millóns de euros.

Chegamos a este punto porque imos deixando, facemos parches nos edificios pero non lles damos as solucións ós problemas, de feito moitas das cousas que chegan ó final da súa vida útil é polos anos de servizo que teñen, de vinte e cinco ou menos, ata cincuenta ou sesenta anos que cumprirá algún neste ano.

Polo tanto non hai tempo de mirar cara outro lado, de dicir que xa se arranxará ou non hai tempo de dicir que non hai cartos porque non llos pido para este ano, pídoos, como é a súa obriga, para o próximo e o seguinte ano facendo investimentos pero de xeito ordenado e para isto fixemos o traballo, para que poidan basearse se así o desexan neste estudo, que é un estudo serio, ordenado, planificado e que paga a pena ter como base de traballo.

Por outra banda nos atopamos cun grande problema que é o dos comedores escolares. Recentemente temos solicitados oito á Xunta e non me poden dicir que non estaban previstos porque en primeiro lugar un tomo destes que corresponde a vinte e oito colexios estaba entregado ó delegado provincial do anterior grupo de goberno. O tomo e o informe correspondente ós comedores escolares entregueillo eu en man ó delegado territorial e atopámonos coa grata sorpresa de que tamén estaba xa no goberno anterior e así tiñan a relación de todos os comedores para arranxar, as necesidades destes oito comedores que non teñen tempo para agardar porque a cantidade de alumnos que solicitan o comedor é moita e nesta ocasión mesmo con posibilidades de ter bolsas recibidas polo Concello ou dadas pola propia Xunta. En troques non temos espazo para eles.

Polo tanto non lle queda máis remedio á Xunta de Galicia de enfrontar esta situación e poñer mans á obra e non dicir que non hai cartos. Como máximo poderemos admitir que non haxa cartos ata o próximo ano que supoño que o presupostarán por

longo e que contaremos cos medios necesarios para o levar adiante.

Por unha banda o Concello de Vigo e o Alcalde deste goberno asume en principio iniciar as obras destes comedores para facer posible que estes nenos, que mesmo teñen bolsa, queden sen comedor escolar. Pola outra asume tamén un compromiso, a posibilidade de facer un convenio coa Xunta de Galicia para investir no arranxo dos centros educativos públicos porque cando os cartos non se dedican ó que se debe, cando se arranxan os problemas das empresas, neste caso dos centros concertados que son empresas privadas, non se pode dicir que non hai cartos para o ensino público porque é a primeira obriga que ten todo o goberno, atender ás necesidades dos centros públicos antes que as dos centros concertados ou privados. Non pode ser que se desculpe un con que fan un servizo porque si fixeron e fan un servizo e eu non teño nada en contra dos centros concertados, pero primeiro os públicos.

Hai que atender primeiro ás necesidades dos centros públicos porque hai algunhas, como na educación especial que tiven a ocasión de ver este venres pasado nun centro educativo público, os nenos están atendidos pola pública e non pola concertada; estes nenos precisan dunha educación especial individualizada, están en cadeira de rodas, con dificultades intelectuais moi graves, nenos de catro e cinco anos con catro ou cinco meses de capacidade intelectual, nenos con hidrocefalia, con dificultades de visión tan graves como a de ter un 0,3 de visión, etc.

Eses nenos só teñen a súa acollida nun centro público porque como sabemos os centros concertados, agás aqueles privados específicos de educación especial como poden ser ASPANAEX ou AMENCER ou outros así, non recollen estas dificultades. En primeiro lugar, porque se negan a aceptar a educación especial nos propios centros e de seren posible desvían o alumnado ós centros públicos porque din que alí si teñen profesorado de educación especial.

Atendendo a todo isto eu diría que o informe que teño aquí recolle datos xerais, estado de conservación, obras necesarias, nivel necesario de investimento, melloras das condicións de urbanización interior e exterior e sobre todo centros con maior potencial de futuro. Tamén estudamos as instalacións eléctricas que precisan de moitos cartos para as arranxar na súa totalidade uns 2.600.000 euros. As zonas deportivas dos centros educativos están en estudo, quen nos dera que ademais da Xunta de Galicia, mesmo a Deputación axudara a que estes centros deportivos ou estes colexios tiveran axudas económicas. O mesmo pasa cos patios do recreo, etc.

Os comedores escolares urxentes son o do Colexio O Pombal, que ademais non

sabemos por que esta Xunta suspendeu a súa ampliación que xa estaba informada e aprobada pola Delegación de Pontevedra. Necesitamos centros novos en Altamar, Virxe do Rocío, Caixanova, Vicente Risco e Hernán Cortés. Iso para dicir as necesidades de Vigo. Queremos que a Xunta de Galicia mire cara Vigo e pense que aquí ten moito que facer.

É máis, direilles que a información que temos a través dos xornais é verdadeiramente angustiada. Dende que temos democracia en España a verdade é que non lembro nada semellante na educación. Un titular que lle corresponde ó Conselleiro de Educación di: “Hai un ataque ó ensino público que non se lembra en Galicia”. Estas son palabras textuais do Conselleiro de Educación. Efectivamente, pero quero dicir que este ataque xustamente é dende a Consellería de Educación. É tan brutal que nos ten asustados a toda a comunidade educativa.

Empezaron por se poñer en contra da lingua galega, despois continuaron coa supresión da gratuidade dos libros de texto co pretexto de que o outro era préstamo e isto gratuidade. Non señores, os pais teñen que pagar e actualmente toda familia que cobre menos de 16.200 euros pode ter acceso a 180 euros, pero é que os libros non valen 180, valen 240 euros como mínimo e máis se son de quinto ou sexto. Para recibir 104 euros desa gratuidade que ofrecen, as familias necesitan cobrar menos de 27.000 euros se son tres membros. E así sucesivamente. En Vigo hai 20.000 familias que terán que pagar entre 60 e 140 euros mínimo pola adquisición dos libros. Así que son só 55.000 alumnos os que van ter a recepción deses 180 euros en toda Galicia.

Ademais acusaron ó profesorado e ós directores de non prestar axuda para a recollida das bolsas dos libros de texto, reduciron o profesorado nas escolas de idiomas, no ensino primario e no secundario e tamén na educación especial. Estamos que non podemos máis. Suprimiron 160 aulas pola reagrupación do alumnado, nenos de distintos niveis que están nunha soa clase e cun só profesor. Polo visto van crear aulas-castigo pero non prevén que nesas aulas poidan estar nenos con dificultades de conduta e que teñen que ser atendidos polo profesorado de garda.

Temos e seguimos a ter moitos problemas cos comedores escolares e iso porque non achegan economicamente. A última nova que recibín sobre os comedores escolares é tan demencial e preocupante que non sabe a xente que ten que solicitar as bolsas como vai facer. Piden que se presente a solicitude no centro, que collan os impresos, que os leven...

Esixen á xente que leve os impresos os cinco últimos días de mes para solicitar e pagar por adiantado o mes seguinte. Ademais teñen que devolver o impreso ó colexio, coller os bonos e cada día o neno presentará o bono e veremos quen está dispoñible e disposto para a súa recollida para poder comer no colexio.

Sinceramente coido que o funcionamento desta Consellería de Educación non pode ser máis atroz, sentindo ter que empregar unha palabra que me asusta pero que nos ten a todos os que temos que ver co ensino público verdadeiramente abraiados. Non podemos con todo isto. Vanse atopar cos pais, co profesorado, cos equipos directivos e con todo o mundo. Supoño que pola prensa que vostedes tanto controlan, verán as queixas cotiás da comunidade educativa.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: En primeiro lugar teño que felicitar á compañeira, Sra. López Atrio, por traer esta moción ó Pleno porque coido que xa é necesario que tamén a cidadanía coñeza como estamos nos colexios de Vigo e que non sexan só os pais, os mestres ou os que temos algún tipo de responsabilidade a nivel local os que coñezamos a situación. A verdade é que aínda que eu non levo educación e malia de que me toca dunha maneira non directa, teño que dicir que cando asumín a responsabilidade da Concellería de Benestar Social e dediqueime a percorrer algún colexio para tratar cos directores polo tema das bolsas, algún deles pediunos mesmo que fósemos ó colexio, teño que dicir que quedei abraiada de ver en que circunstancias están moitos colexios da nosa cidade. Eu diría que é un abandono sostido durante moitos anos por parte da Xunta de Galicia do que son as instalacións, como ben o amosa o informe extraordinario que acaban de facer os técnicos da Concellería de Educación.

No que respecta á Concellería de Benestar que é o tema das bolsas de comedor, precisamente un dos motivos da miña visita era por veren como están os comedores escolares e cos catro e cinco que vin, porque non vin moitos máis, quedei realmente abraiada. Os nenos van en dúas quendas como se manifesta nesta moción, moitos deles rematan de comer ás tres da tarde porque non hai espazo por ningures.

Quero lembrar aquí que os comedores escolares aprobáronse cun goberno do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista cando era Concelleira de Educación Ana Gandón. Lembro que foi precisamente daquela cando se puxeron en marcha os comedores escolares. Daquela xa era unha demanda pero non tanto coma agora, como sempre acontece coas cuestións públicas, é dicir, cando se xera unha oferta a

demanda vai crescendo ós poucos. Os comedores seguen sendo os mesmos, os nenos multiplicáronse por catro ou cinco e iso require dúas quendas e cousas tan fóra do común como tivemos a oportunidade de veren nos xornais, algúns comedores estean instalados nos lugares máis inverosímiles como pode ser enriba dun escenario no teatro do colexio e rodeados de biombos. A verdade é que coido que é algo que require unha urxente actuación que outra banda había un compromiso da anterior Xunta e coido que esta Xunta se debe poñer as pías e o Conselleiro de Educación que coido que xa é o número un en facer cousas que están prexudicando considerablemente, sobre todo ás persoas e ós pais que teñen unha economía máis desfavorecida, é hora de que actúe consecuentemente porque este Concello si o vai facer dentro da medida do posible.

Tamén o está facer no caso que lle toca á Concellería que eu presido que son as bolsas de comedor. O orzamento destas bolsas de comedor aumentou considerablemente e está nestes momentos en 514.000 euros. Quero aclarar que este ano, logo da modificación de crédito, aumentamos 114.000 euros máis, pero tamén se dobraron as peticións e pasamos de ter 1.718 no curso 2008-2009 a ter 2.354, das que se colleron 2.185 porque as outras non cumprían as condicións; temos 2.185 persoas que pedían bolsas de comedor, logo evidentemente houbo que desbotar bastantes pero aínda así hai que pensar en toda esta xente que precisa axuda.

Actualmente demos 1.368 e coa modificación de crédito daremos polo menos unhas cento e pico máis, pero malia iso nos van quedar duascenas e pico persoas en lista de espera co que ata finais de ano teremos que seguir investindo e xa fago o correspondente anuncio no Pleno de que nós imos dar todas as bolsas que se precisen porque a xente nestes momentos está a pasar unha situación moi difícil. Quero salientar que só damos bolsas a aquelas persoas que teñen ingresos por un membro da unidade familiar que responden ós dous terzos do IPREM, é dicir, 351 euros, miren que necesidades hai.

Pero nos atopamos co problema de que xa o ano pasado xente que tiña bolsa de comedor non podía ir ós comedores porque literalmente non cabía. Este ano que aumentamos considerablemente o número de bolsas concedidas, maximo que agora cando empecen os comedores moitos destes nenos que na casa teñen dificultade para chegaren a finais de mes e que moitas veces o terán que sacar da comida dos seus fillos, non poderán ir os comedores escolares por non haberen espazo

suficiente.

Esta é a realidade destes momentos e a que coido que non quere asumir o Partido Popular, por iso considero moi oportuno que isto se trouxera aquí para que se coñeza por toda a cidadanía e polos membros deste Pleno.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Semella que agora da nada xorde todo. Antes non pasaba nada e agora de súpeto empeza haber problemas. Hai uns meses non había ningún problema en relación cos comedores e por iso nin este goberno investiu, nin lle reclamou nada á Xunta de Galicia. O que están facendo aquí é sinxelamente unha emenda á totalidade, unha censura completa a catro anos de xestión do bipartito en materia educativa en Vigo.

Nós defendemos a liberdade de elección de centro docente pero, polas palabras da concelleira, parece que lle gustaría pechar os centros concertados sostidos con fondos públicos. Nós non, nós liberdade de elección dos pais sostendo o ensino público.

Nuns días todo cambiou. Antes non había problemas nos colexios públicos, agora si. Di unha concelleira do mesmo goberno que estivo catro anos na Xunta de Galicia: "Abandono sostido da Xunta de Galicia da educación en Vigo". Claro que si. Estes catro anos foron de abandono sostido pero resulta que o están a dicir agora.

Que fixo este goberno pola educación? No orzamento do ano 2005, o único orzamento que nos deixaron aprobar o Bloque e o PSOE que se negaron a aprobar outros, había 9.144.000 euros en Educación. No orzamento do ano 2009, catro anos despois, tería que haber máis cartos dedicados a educación neste Concello e había 8.446.000 euros, un 8,27% menos destina este goberno á educación que no ano 2005, que se aplicamos o IPC, os euros constantes, o que tiña que haber no orzamento de educación de houberen mantido o goberno do Sr. Caballero o investimento en educación, tería que haber 10.297.000 euros. Desapareceron do orzamento do Concello de Vigo case dous millóns de euros destinados á educación. Por que fixeron iso, por que rebaixaron o investimento en educación?

No Capítulo VI de investimentos no ano 2005 había 2.696.000 euros en investimento educativo. Tamén é certo que parte era para pagar débedas de anos anteriores. No ano 2009 en investimentos hai aprobados 100.000 euros. De houber mantido o mesmo investimento en educación pública que no ano 2005, aplicando o IPC habería máis de tres millóns de euros para investimento en colexios públicos en Vigo pero hai

cen mil, trinta veces menos do que tería que haber en comparación co orzamento do Partido Popular. Ese é o interese que teñen vostedes na educación pública na cidade. E non me digan que non teñen orzamento porque o incrementaron en tres millóns de euros do que terían que ter gastado. Pero se acaba de dicir agora un membro do goberno que non fan falla garderías, para que van investir?

Que compromiso teñen vostedes coa educación cando fan esta rebaixa e estes recortes no investimento educativo en Vigo? Tería que haber tres millóns de euros en investimentos e non os hai. Pero é que no ano 2005 a participación da educación no orzamento de Vigo era do 4,85%, de cada cen euros do orzamento de Vigo, 4,85 ían a educación. Canto vai nos orzamentos do 2009? Un 2,66%, a metade. Non só baixaron as contías senón que baixou o peso da educación no Concello de Vigo. Iso é o que lles importa a educación pública. Baixan os investimentos, baixa o orzamento e baixan a participación nos orzamentos totais do Concello de Vigo.

Pero é máis, en reparación e mantemento de colexios no ano 2005 había 650.000 euros e no ano 2009 hai 605.000 euros; son 45.000 euros menos, o normal é que houbera máis, pero hai menos cartos para reparación e mantemento de colexios. De aplicaren sinxelamente o IPC nas partidas de educación tería que haber 731.000 euros en materia de mantemento de colexios pero hai 131.000 euros menos.

Nin en investimento, nin en partida total do orzamento de educación, nin en participación no orzamento municipal, nin en mantemento de colexios... Que fixeron vostedes en materia educativa nestes catro anos? E por riba, en época de crise en materia educativa aumentan o gasto corrente e non o investimento produtivo.

Non digan que non sabían o que ía suceder. Sabían que ía haber un momento de crise e que habería que investir nos colexios. Houbo unha emenda ós orzamentos do Partido Popular pola que pediamos 300.000 euros máis en investimentos en materia educativa e non a aceptaron e aprobaron un orzamento no que había unha diferenza de trinta veces menos de investimento do que tería que corresponder.

Por que descapitalizan a educación en Vigo? Por que deixan de investir diñeiro en educación na nosa cidade? Vostedes deixaron de investir tres millóns de euros. Estes son datos dos orzamentos e non teñen máis que comparar 2005 e 2009. De houber mantido sinxelamente o mesmo investimento, sen ter que pagar débedas de anos anteriores como tivemos que facer nós, terían tres millóns de euros en materia educativa para investir. Pero a que o destinaron? No Plan E había cincuenta e dous millóns de euros. Canto había previsto para investimentos en centros educativos no

plan inicial? Cero. Non lles interesa a educación pública nin a concertada. Logo duns restos que quedaban coído que investiron uns douscentos ou trescentos mil euros pero no proxecto inicial cero.

Baixan o orzamento, os investimentos, os gastos de mantemento, a participación da educación nos orzamentos, do 4,85 ó 226%. Ese é o resultado da actividade do Alcalde socialista que vendo todo o que está a facer, poderíase cualificar de “Atila da educación” porque por onde pasa non crece o orzamento. Baixou en todo menos en gasto corrente. En investimentos nos centros educativos non fixeron nada. Insisto no peso da educación no orzamento: baixaron na partida de educación, baixaron tres millóns de euros en materia de investimentos e un 20% na partida de mantemento dos colexios. Ese si que é o abandono do ensino público que vostedes fixeron. Por que non mantiveron o mesmo ritmo de crecemento que había antes? Por que baixaron as partidas de educación?

Sr. Domínguez, a quen cito pero non aludo de acordo coa teoría xurídica do Sr. Alcalde de Vigo, que se agocha detrás desta política de baixar as partidas para educación pública no Concello de Vigo? Por que baixaron as cantidades? Non souberon nin sequera manter, xa non pido aumentar, as partidas en Educación. Vostedes tamén votaron ese presuposto, claro que un vídeo promocional 180.000 euros, catro partidos da selección 2.800.000 euros, os autobuses da independencia 1.000.000 de euros. A publicidade é importante, dixo o Sr. Domínguez.

Plan de vivenda: gastos de dotacións 4.500.000 euros, gastos en publicidade da anterior Xunta bipartita; en publicidade 3.500.000 euros. Iso si que é importante a publicidade.

O problema é a situación actual que pasan un millón e medio de parados máis en España que antes non había gracias á xestión dun goberno que vostedes, señores do BNG, apoiaron durante os últimos exercizos presupostarios. Un millón e medio de parados máis en España, esa é a grave situación social. A peor situación social é a do desemprego, a do paro, pola que vostedes non se preocupan. Preocúpanse tanto pola educación pública nos presupostos de Vigo como o Sr. Zapatero por crear emprego en España. Nada. Hai un millón e medio de parados máis gracias á xestión económica do Sr. Zapatero do Partido Socialista co apoio do BNG.

E que fixo a Xunta? De súpeto agora descubren que existe a Xunta, hai uns meses non existía. Esta moción é a proba palpable de que a Xunta non fixo nada nos últimos catro anos ou abandonou a educación pública en Vigo. Acaba de dicilo unha

concelleira deste goberno, do mesmo goberno bipartito da Xunta de Galicia.

Dos investimentos en educación acórdanse agora, nos catro últimos anos non pasaba nada, non había que reclamar nada a Santiago, todo estaba ben, todo estaba perfecto, os colexios non tiñan problemas, mesmo os informes se remiten xa cando están en funcións. Vostedes recoñecen o abandono da Xunta bipartita á educación pública en Vigo.

Estes catro anos a Xunta bipartita non tiña interese por investir na educación en Vigo. Cantas partidas para investimento en comedores , non en gasto corrente, había nos presupostos da Xunta? Eu non as atopo. Emenda do Partido Popular no ano 2008 para o 2009, rexeitada polo Bloque e polo PSOE, emenda número 33: 2.000.000 euros para a construción de comedores. Votaron en contra. Esta partida non existía no presuposto da Xunta. Emenda número 36 ós presupostos da Xunta de Galicia: 700.000 euros para RAND dos centros de Vigo de ensinanza infantil e primaria; votaron en contra, dixeron que non viñesen á Vigo, nos presupostos da Xunta non aparecía nada e non fixeron nada.

Non só non fixeron nada polos comedores, non só non había partida senón que cando se presentaron polo Partido Popular partidas vostedes vetáronas, en comedores e en investimentos en RAND en Vigo.

Por iso estamos na situación na que estamos, o Concello baixa os seus orzamentos, baixa un 20%, baixa o peso da educación nos presupostos de Vigo e pola outra banda a Xunta non admite os investimentos e polo tanto deixa de investir nos comedores e nesa situación estamos. Evidentemente o presuposto bipartito da Xunta. Bipartito en Vigo non inviste; bipartito na Xunta PSOE e Bloque tampouco inviste e así estamos na situación actual que vostedes orixinaron.

É un problema que non ven de agora. Martes 12 de febreiro de 2008: os comedores dos colexios de Vigo xa non teñen sitio para máis nenos. E chegan aquí e vostedes baixan o presuposto de educación en Vigo e non invisten nada en ampliación de comedores e na Xunta vetan os investimentos en comedores en Vigo. En Xuño: catorce comedores escolares necesitan a ampliación para evitar listas de espera. Reacción do PSOE e Bloque en Vigo? Baixar os presupostos de educación. Reacción do PSOE e Bloque en Santiago? Non investir en materia de comedores escolares e vetar as emendas do Partido Popular nesa materia. Cero euros previstos e vetados pola Xunta bipartita do Bloque e do PSOE e vetaron dous millóns de euros en ampliación de comedores e 700.000 euros en Vigo.

E en que o gastaron? Porque evidentemente educación tiña máis presuposto. Saben canto gastou en publicidade o goberno bipartito da Xunta en Educación? O Sr. Domínguez dicía que a publicidade é importante, 16.400.000 euros en publicidade a Consellería de Educación pero para os comedores, para investir en Vigo non tiñan cartos e vostede recoñece o que fixeron.

A Xunta ademais agora ten o problema dun buraco de 1.200.000 millóns de euros. Zapatero estanos a reclamar ademais 1.900.000 millóns de euros. Que significa? Que cada galego vai ter que devolver a Zapatero 700 euros. 700 euros que nos está gravando Zapatero para devolver ó goberno central por unha mala previsión e á parte nos soben tamén o IVE que é para todos. Cando un vai botar gasolina o IVE é para todos, con independencia da renda que gane. E Zapatero subindo os impostos. Iso foi o problema que tiveron vostedes e nesa situación nos atopamos. Descapitalizaron a educación pública en Vigo, vostedes cos seus presupostos, a Xunta bipartita cos seus investimentos.

Agora o Partido Popular vai ter que facer iso e non vai agachar a situación que existe actualmente nin vai deixar de cumprir coas súas obrigas. O primeiro que teñen que facer e aclararse, o Alcalde ás veces di que vai arranxar os comedores, outras di que non; outras veces no 40 e 60, outras que non. O asinante da moción dicindo que o arranxe a Xunta, o Alcalde di que o van arranxar eles. O primeiro é que o falen entre vostedes no goberno para que se poñan de acordo porque hai certo desconcerto sobre o que vai facer o Concello de Vigo. Que invista en comedores sería unha novidade, por fin superaremos os 100.000 euros de investimento e había algún investimento do Concello en materia educativa. Se tivese mantido os investimentos do goberno do Partido Popular de 2005 habería 3.000.000 de euros en investimento. Vostedes no presuposto de 2009 había 100.000.

Por iso o Partido Popular sabendo que existe ese problema, que ese problema ven de atrás, non xurdiu da nada, non apareceu por xeración espontánea, ven do abandono de seu e da Xunta bipartita, presentamos unha emenda de substitución co obxectivo de tratar de resolver os problemas que se presentan na cidade de Vigo: Que o Concello de Vigo inicie negociacións coa Xunta de Galicia co obxectivo de asinar un protocolo plurianual de investimentos nos colexios públicos de Vigo no que se fixen as obrigas de cada unha das partes. En segundo lugar: Que o Concello de Vigo negocie un acordo de carácter bianual coa Xunta de Galicia para a ampliación dos oito comedores escolares no que o Concello achegue este ano o 40% e a Xunta o

restante 60% o ano 2010.

O que vostedes non investiron, invistan agora algo en educación, non segan descapitalizando, o problema ven da falta de investimento deste goberno e da Xunta bipartita, ningún dos dous preocupouse da educación pública, dos investimentos nos centros educativos en Vigo. Vese nos presupostos, no que aparece no presuposto do actual goberno que descapitaliza a educación pública en Vigo e vese nas xestións que fixo durante catro anos o goberno bipartito.

Aquí parece que de súpeto aparecen Lázaros que resucitan, durante catro anos non dixeron nada e de súpeto érguense, empezan andar e reclamar á Xunta. Se foran gobernantes responsables o terían reclamado dende o principio porque isto non é dun día para outro. Vimos que existían problemas pero sen embargo agora parece que se fai a luz e antes non había problemas e iso non é xestión dun goberno municipal preocupado pola cidade, é xestión dun goberno que sinxelamente ve a cor da Xunta de Galicia e de acordo con esa cor cala ou esixe e iso non é ser nin Alcalde nin goberno municipal.

O interese da cidade e os problemas dos colexios públicos e dos comedores existían hai seis, sete, oito, nove, dez, once, doce e un ano, e vostedes o que fixeron foi calar, calar e calar e iso non é a responsabilidade dun Alcalde que di defender a cidade pero sinxelamente coma un Lázaro resucita cando cambia o goberno da Xunta. Se a Xunta non cambiara vostedes estarían caladiños sen dicir nada, nin palabra terían dito á Xunta de Galicia porque non debían meterse co goberno bipartito, como fixeron catro anos caladiños perante a Xunta de Galicia e agora de súpeto resucitan, volven e outra vez están a reclamar.

Presentamos esa emenda e pedimos que se vote a emenda de substitución.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Dar conta de todo isto en quince minutos resulta moi difícil polo tanto espero que, coa benevolencia o presidente, me deixe respostar o suficiente para contestarlle aínda que tentarei abreviar.

Eu cheguei a esta concellería hai dous anos, non catro, nin oito, nin doce. O primeiro que me atopei foron os presupostos de seu que era o concelleiro de Educación e seguro que non esqueceu que vostede tiña cero de investimento. Atopeime que nin no ano 2006, nin 2007 había en investimentos nin un só euro, así que non sei que me reclama.

Falaba vostede de dez millóns de euros. Nós investimos 11.207.000 euros na

concellería de Educación e vou dicirlle en que. Gasto corrente: ese persoal, porteiros e vixilantes, técnicos municipais que non podemos prescindir deles e que só porteiros-vixilantes son corenta e tantos, lévanse cada ano 900.000 euros, cantidade que aumentará coa suba. As obras de conservación e mantemento, o que se destina a gasto xestionado directamente polas direccións, o que se chama auto-xestión, 773.000 euros. Vostede apuntou que non chegaba ós 700.000 ou pouco máis. En subministros enerxéticos pagamos electricidade e gas 625.000 euros cada ano. Mantemento de sistemas de seguridade, alarmas, ascensores, etc., 20.000 euros.

A pesar do cero que vostedes tiñan, nós temos gastos de investimentos no ano 2009, 400.000 euros en reformas e instalacións, tanto eléctricas como de calefacción. No ano 2008 foron 417.000 en calefaccións e outras cousas pero en dous colexios que lle puxemos toda a calefacción.

Subvencións coas FOAMPAS para comedores e bolsas porque, se ben é certo que Benestar Social paga bolsas, nós pagamos a parte correspondente á que non chega Benestar Social e investimos 230.000 euros ó ano.

En xestión de escolas infantís municipais 900.000 euros; na Escola de Artes e Oficios 1.400.000 euros. Polo tanto 11.207.000 é a estimación de gasto anual deste Concello do ano 2009. Síntoo moito pero eu teño as contas na casa.

Tamén lle quero aclarar que a obriga da Consellería é investir en colexios, non é obriga do Concello de Vigo. Nós temos a obriga da conservación e o mantemento, vixilancia, que son os porteiros e os sistemas de seguridade, electricidade, auga, calefacción eléctrica e de gas porque agora paga un pouco a de gasóleo, os convenios cos comedores e convenios coas actividades extra-escolares. Este é o noso investimento que da un total de sete millóns de euros ó ano, non de tres, máis os tres millóns que damos ós programas educativos e ó sostemento das escolas municipais de Música, de Teatro, de Música Tradicional e á Escola de Artes e Oficios. O resto, os oito millóns que vostede apuntaba, leva todo o investimento que facemos en educación.

A oferta deste Concello é para os comedores escolares porque a obriga é da Consellería, non é do Concello, calquera tipo de obra de gran formato, de transformación, de reforma, de ampliación, correspóndelle á Xunta de Galicia, nunca ó Concello de Vigo.

Este estudo procede de alguén que ten unha metodoloxía de traballo para poder saber de onde partimos, cales son os obxectivos e quen ten que facer cada cousa e

estes vinte millóns de euros, sentíndoo moito, correspóndelle á Xunta de Galicia. Non me culpe se non o fixeron antes porque antes de antes estiveron vostedes dezaseis anos e os colexios non son novos, son de 25, 50 e sesenta anos e son uns colexios fantásticos pero hai que os coidar, hai que lles dar o coidado preciso e cando a vida útil rematou non queda máis remedio que facela útil de novo cambiando todo pero ese cambio non é de mantemento, é reposición e correspóndelle á Xunta de Galicia. Non hai máis voltas nin máis desculpas e non veñan dicir que os de atrás. Póñanse agora, de aquí para diante a facelo e facelo ben.

É máis, o Concello ofértalles un convenio para participar nese arranxo, un arranxo que pode ser unha cuarta parte e que non lle corresponde facer ningunha achega.

Isto estaba na Delegación de Educación en Pontevedra en febreiro, antes do cambio de goberno. Si se lle deu conta ó goberno anterior e tamén a este. Volvemos ofertar e queremos colaboración, que se nos considere, que se nos respecte no sentido de que estamos dispostos a colaborar mesmo economicamente pero tamén indicando o que hai que facer, non por arte de maxia e a quen mellor pida, queremos que se faga ben, iso é o importante.

Deixémonos de discusión e poñámonos facer comedores e arranxos de colexios públicos. Eu quero ós colexios públicos antes que ós concertados, por suposto, porque a primeira obriga que ten calquera goberno é o servizo público, non teño nada en contra do concertado pero primeiro o público.

En canto ás parcelas de terreo asegúrolle que estamos dispostos a ofertalas para facer escolas infantís pero tenas que facer a Xunta de Galicia. Reclámannos de todo, escolas infantís, terreos e demais e si que temos disposición, dispoñibilidade e estudos feitos. Cando vostedes queiran, só faltan os cartos.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Unha cuestión de orde, artigo 94 en relación co artigo 27 do Regulamento orgánico do Concello. De acordo co artigo 27 a orde de votación é a seguinte: primeiro petición de retirada que non existe e segundo emendas ou votos particulares, polo tanto haberá que votar primeiro a emenda e en segundo lugar a iniciativa.

A PRESIDENCIA: Non se vota a emenda, vótase a iniciativa porque non se acepta a emenda.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Presidente, consulte á Secretaria, por favor, dío o regulamento.

A PRESIDENCIA: Sra. Concelleira, acepta a emenda a trámite?

SRA. LÓPEZ ATRIO: Non, en absoluto.

A PRESIDENCIA: Seguimos co sistema acostumado.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Pido que se lea o artigo o artigo 27 do regulamento orgánico e que se pida á secretaria informe. Que se aplique a lei.

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves non ten a palabra. Imos seguir co sistema acostumado que se aplicou sempre neste Pleno. Non está admitida a trámite a emenda e por tanto non se somete a votación.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Dio o regulamento. Sáltase o regulamento, faise o que quere o presidente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Oliveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Atrio, relativa a instar á Consellería de Educación un plan de modernización dos colexios públicos de infantil e primaria e ampliación de comedores, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

26.- (190).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A TRAMITACIÓN NECESARIA PARA A CONSTRUCIÓN DA NOVA EDAR. DOC. 90106007.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo, número 90106007, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“O actual goberno popular da Xunta de Galicia vén de deixar ás claras a prioridade absoluta que a construción da nova depuradora de Vigo ten na súa axenda política.

De feito, o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas presentou hai uns días dúas propostas á Ministra de Medio Ambiente para desfacer o entorto deixado polo bipartito da anterior Xunta respecto deste proxecto.

Unha vez coñecido o borrador de convenio e contrastados os orzamentos autonómicos a única conclusión posible é que o goberno do PSOE e BNG na Xunta non tivo, en ningún momento, verdadeira intención de construír a nova EDAR de Vigo. A evidencia está nos 5 millóns de euros que deixou para a depuradora, fronte os 115 que tería que aportar.

Pero á vista dos acontecementos tampouco parece ser unha prioridade para o goberno socialista de Madrid nin para o bipartito vigués. Nin Elena Espinosa, Ministra de Medio Ambiente, acepta ningunha das solucións de financiamento propostas pola actual Xunta de Galicia, nin o Alcalde socialista do bipartito vigués ten feito os seus deberes.

Pero o Partido Popular, logo de evidenciar o nulo interese do Ministerio e do propio goberno municipal na construción da depuradora de Vigo, segue a considerar que a gravidade e a urxencia desta infraestrutura mandan.

Así, o Grupo Municipal do Partido Popular formula diante do Pleno da Corporación municipal de Vigo para a súa aprobación a seguinte proposta de acordo:

Que o Concello faga a tramitación necesaria para cumprir os seus compromisos para a construción da nova EDAR de Vigo.

Que o Alcalde de Vigo inste ao Ministerio de Medio Ambiente a aceptar calquera das dúas propostas que o Goberno da Xunta de Galicia lle presentou e que permitirían licitar e adxudicar as obras da nova depuradora de Vigo de inmediato.”

A comisión informativa de Medio Ambiente, na súa sesión do 20 de xullo,

ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Presentamos esta moción xa hai un par de meses porque nos parecía que era un tema de actualidade e o que acontece e que, pola situación que estamos a vivir co cumprimento das normas neste Concello, unha moción que se presentou o 19 de xullo tense que tratar dous meses e medio logo da presentar o que loxicamente xera unha perda de actualidade. De todos os xeitos consideramos que este é un asunto de vital importancia para a cidade de Vigo porque estamos a falar da construción dunha instalación cun investimento importante para esta cidade.

Por certo, acábanme de chamar e dinme que parece ser que a conselleira de Sanidade ven de presentar as liñas mestras do futuro hospital para a cidade de Vigo o que nos congratula. É un tema importante que nos anuncien que se vai poñer en marcha e se vai licitar antes do final do ano o novo hospital da cidade de Vigo. Logo de tantas maquetas e tantas cousas que sempre estiveron pendentes no aire, agora a Xunta de Galicia si que ten a vontade de poñer en marcha ese hospital e hai un compromiso para licitalo antes do fin de ano.

Coa depuradora sucede algo parecido. É un tema que ten moito contido, moitos antecedentes que se inician xa o 30 de decembro do ano 2004 que o goberno daquela apoiado polo Bloque Nacionalista Galego aproba un Plan Xeral que marca a situación da depuradora na planta actual de Coruxo; logo hai unha serie de propostas mesmo do goberno para levar a depuradora fóra da ría de Vigo e que dera servizo a todos os concellos da Área Metropolitana, cousa que nós pensamos que era interesante. Isto rexeitouno a Xunta de Galicia cando houbo cambio de goberno, neste caso o conselleiro e actual secretario xeral do Partido Socialista don Patxi Vázquez.

Tamén saben todos vostedes o que fixo o goberno da Xunta de Galicia co Plan Xeral: dicía que non se podía aprobar un Plan Xeral mentres non tivese situación a depuradora de Vigo; logo decatámonos de que isto era un engano porque a situación da depuradora estaba nos terreos actuais e así estaba no documento que se asinou no Plan Xeral.

Logo non sei se lembran de ver nos medios de comunicación algo que se chamaba Lei de excepcionalidade; dicía que había que pedir unha excepcionalidade para que se puidera aprobar o Plan Xeral de Vigo. Todo mentira, non me estraña que estean na

oposición porque todo aquilo foi unha mentira, engano tras engano. Para o hospital nin sequera existía financiamento, para a depuradora tampouco, para a Cidade do Mar tampouco, todo maquetas e a cidadanía deuse perfectamente conta que o goberno da Xunta de Galicia, BNG-Partido Socialista, estaban enganando á cidade e así logo levaron o repaso que levaron nas urnas. É incuestionable que cando os cidadáns priman unha xestión, iso está apoiado polas urnas, levaron un repaso que non esperaban, coido que a día de hoxe algúns aínda están totalmente desconcertados. A conselleira da cidade de Vigo, Sra. Caride, foi a única que non investiu nada nesta cidade durante catro anos. É lamentable porque ademais era unha das persoas que tiña que levar a piques a maior parte destes proxectos.

Lembro perfectamente que había que pedir a Lei de excepcionalidade para que o plan se puidera aprobar e ese foi o argumento que deu a Xunta de Galicia para non aprobar o Plan Xeral do partido Popular que apoiaba o BNG. Pediu-se e logo se deron argumentos que están nos medios de comunicación onde o don Patxi Vázquez dicía que o plan de Vigo non tiña situación nin terreos para a depuradora. Era mentira. É curioso que logo de dous meses de cambiar o goberno na cidade de Vigo e gobernar o goberno actual entón si, o tres de setembro xa se di que hai sitio para a depuradora e que a súa situación é no Lagares.

Todo mentiras que continuaron logo porque resulta que o tres de xaneiro de 2009 asínase un protocolo entre a Xunta de Galicia, Augas de Galicia e o Concello de Vigo onde se inclúen unha serie de condicionantes e fálase dun investimento de 238 millóns de euros, de que Acuanorte, neste caso Xunta de Galicia-Augas de Galicia, ten que poñer 104 millóns, o Concello de Vigo 18,9 millóns de euros e a Xunta de Galicia 115 millóns. Este protocolo asínase dous meses antes das eleccións como tiña que ser. Ocorre que agora se descobre toda esa lea, a falta de compromiso da anterior Xunta de Galicia coa cidade de Vigo, non só en educación senón tamén no tema da depuradora porque resulta que a Xunta de Galicia só tiña cinco millóns de euros nos presupostos do ano 2009 para cubrir o que lle correspondía ata os 104 millóns de euros.

O Concello puxo a disposición da Xunta de Galicia os terreos da depuradora para poder construír e a día de hoxe seguen sen estar a disposición pero tampouco incluíu nin unha soa partida deses 18 millóns de euros que ten de compromiso nos presupostos do ano 2009 nin hai ningunha modificación de crédito para levar a cabo ese compromiso e ese protocolo.

Cambia a Xunta de Galicia e descúbrese todo: que non había financiamento na Xunta de Galicia, tampouco había no propio Concello, o Concello non cedera os terreos á Xunta de Galicia e por suposto que o goberno central era o único que tiña a posibilidade dun compromiso. A Xunta de Galicia ó chegaren atopa un buraco importante de máis de 1.200 millóns de euros do presupostado, é dicir, que entre o presupostado e os ingresos que tiña a Xunta tiña un buraco desa cantidade, sen saber o dos dous mil que agora o Sr. Zapatero nos reclama a todos os galegos inda por riba de subirnos os impostos a todos.

Coido que o importante deste Pleno e o que está claro é que o partido Socialista segue xerando desemprego, un millón e medio de desempregados máis dende que gobernan, preto dos catro millóns e pico de desempregados e por riba nos sobe os impostos a todos. Esa é a conclusión, non hai outra, evidentemente cunha serie de cuestións que se lle están a reclamar á Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia ante esta situación e como considera que a depuradora é unha instalación fundamental para a cidade de Vigo o que fai é dicirlle ó goberno central que como teñen dispoñibilidade económica aceptan o compromiso dos 104 millóns pero que difiran máis no tempo as partidas presupostarias que están pactadas. É unha petición normal. A día de hoxe, cando nos visitou o Presidente da Xunta e estabamos todos os voceiros dos grupos políticos, foi unha cuestión que lle expuxo o propio Alcalde pola relación que ten coa ministra de Medio Ambiente para que se lle dea unha solución.

Pois estamos sen solución. En primeiro lugar sen solución presupostaria nin por parte do goberno central de contestar a esa petición da Xunta de Galicia, non que lle cobra o presuposto senón que lle adiante os cartos e diferilo nos pagamentos correspondentes dentro das relacións que hai entre as administracións.

A nós o que de verdade nos preocupa é que logo de tantas mentiras co Plan Xeral, de tantos enganos á cidadanía, que o Concello de Vigo sexa quen de poñer a disposición da Xunta de Galicia os terreos. Iso é a maiores de que a Xunta de Galicia poida ter ou non o diñeiro, que o goberno central non o consigne ou que cheguen ou non a un acordo porque o que vai acontecer e que cando a Xunta de Galicia e o goberno central cheguen ó acordo ó que seguramente se chegará, unha vez máis o Concello de Vigo non ten feito o seu traballo nin os seus deberes igual que coa Cidade da Xustiza.

Dio claramente nese protocolo onde o Concello de Vigo asume a cesión dos terreos

máis 18.915.000 euros que é o importe estimado que teñen que aportar a esa cantidade de 238 millóns. Esperemos que no presuposto do ano 2010 o Concello habilite esa partida para a construción da depuradora. Ese é o motivo fundamental da moción.

Antes o concelleiro de Urbanismo dixo que eu non confiaba nos funcionarios; eu non dixen que os funcionarios fosen inoperantes. Dixen que o problema é dun goberno inoperante que resulta que quere pasar de 80 funcionarios a 130, incrementar o 50% o cadro de persoal e pasar de 3.600.000 a seis millóns de gastos, resulta que do Plan Xeral só se desenvolveron 48 licenzas para vivenda protexida, non son quen de poñer os terreos para a Cidade da Xustiza, de poñer os terreos para a depuradora, de desenvolver o Plan, de poñer unha soa vivenda protexida en marcha porque a día de hoxe non hai ningunha, todas as que veñen fano do goberno anterior do partido Popular, iso é lamentable, é unha Xerencia que está paralizada pero non por culpa dos funcionarios que eu tamén falo con eles e teño unha magnífica relación pero o que me din é que hai unha incapacidade, unha ineficacia política, unha falta de xestión, falta de liderado nesa Xerencia e nin saben a quen acudir cando teñen que resolver un problema.

Pero esas son situacións que pasan e tamén aproveito para dicir en canto a unha alusión que me fixeron que nós de momento non tivemos que pagar ningunha sentenza pero vostedes xa tiveron que pagar unha dos taxis pola súa negligencia e dalgún concelleiro que está o seu carón, dúas sentenzas xa aboadas e firmes por unha licenza de obra de Marqués de Alcedo e van ter que pagar entre 15 e 20 millóns de euros porque hai unha execución de sentenza firme sobre Miraflores. Iso si que son actuacións do goberno socialista. Nós de momento fixemos todo o que as normas nos dicían, mesmo xuíces e autos dalgún tribunal e coido que a día de hoxe hai unha diferenza. Vostedes xa tiveron que consignar execución de sentenzas multimillonarias e van ter que pagar a de Miraflores, iso si que vai ser un grande escándalo para esta cidade, entre quince e vinte millóns de euros que lle van ter que aboar vostedes a unha empresa por un sentenza a unha decisión que tomou o Partido Socialista, en concreto a ex-presidenta do Parlamento que xa non está na vida política pero que era unha representante importante do goberno do Partido Socialista.

O que pretendemos é que o Concello faga a tramitación administrativa correspondente e as xestións oportunas por parte do Concello e tamén por parte da

Xunta de Galicia co Ministerio de Medio Ambiente para que se resolva este conflito. Esperemos que non volva acontecer que o Partido Socialista engane á cidadanía e diga que por culpa de non estar a situación duns terreos para a depuradora non se podía aprobar o Plan Xeral. Enganaron á cidadanía pero o que está claro é que se demostra que cometeron un grave erro político dun Plan Xeral que hoxe é inútil, que non vai ter ningún desenvolvemento, que lle botaron a culpa a unha depuradora e resulta que logo de levar vostedes dous anos e medio gobernando na cidade de Vigo non foron quen nin de ceder eses terreos para a actual depuradora.

Iso é o que di a súa xestión, moito aparato, moito proxecto faraónico, moita fantasía, moita lousa mal cambiada e mesmo antiestética porque hai que ver o que eran unhas humanizacións e o que son outras, moito proxecto de cara á galería pero o esencial da cidade, os compromisos importantes que ten esta cidade e de relevancia a medio ou longo prazo seguen sen se resolver. Había un proxecto da Cidade da Xustiza e a día de hoxe non hai nin un só documento daqueles que vostedes presentaron.

Vou rematar a miña intervención pero dunha vez por todas poñan o regulamento a funcionar, cúmprano e remataron os problemas. Nós estamos dispostos a aceptar o regulamento que saia da maioría.

SR. LÓPEZ FONT: En primeiro lugar quero aproveitar a miña intervención para no nome do Grupo municipal Socialista dar a benvida e a nosa máis sincera felicitación ó novo concelleiro, don Pablo José Beiro Diz e desexarlle os mellores éxitos no tempo que nos falta deste mandato. Benvido e a miña máis sincera felicitación.

En relación coa intervención do Sr. Figueroa sempre ocorre o mesmo. De verdade que se nota moito o pouco que lles importa este tema. Da o mesmo que presentaran a moción no mes de xullo ou que sexa recente porque ó final remata falando de Miraflores, de lousas, da Cidade da Xustiza, dos funcionarios de Urbanismo, de todo menos asumir os compromisos que lle corresponden a vostede, cando foi concelleiro de Urbanismo, e ó goberno actual da Xunta de Galicia.

A multa medio ambiental que ten a ría de Vigo é culpa dos gobernos do Sr. Fraga. Iso é o primeiro que hai que lle dicir ós cidadáns e o primeiro que temos que saber todos cando se fala da depuradora. Entre os obxectivos dos gobernos socialistas sempre estivo a solución prioritaria dos problemas de depuración da ría.

O actual Alcalde de Vigo, Sr. Caballero, dende o 1 de outubro de 2005 como

presidente da Autoridade Portuaria xa estaba preocupado pola herdanza que deixaran os gobernos do Sr. Fraga en relación coa situación medio ambiental da ría e segue preocupado dende o primeiro día que tomou posesión coma Alcalde de Vigo. O que non pode vostede agochar ós cidadáns é que se conseguiu a depuradora, se desbloqueou e será unha realidade dende que este goberno levou a cabo a cooperación institucional coa Xunta de Galicia e co Ministerio de Medio Ambiente.

Di vostede unhas cousas que son tremendas e que non sosteñen as hemerotecas ás que vostede lle gusta referirse. Fala da situación da depuradora e de que o partido Popular tiña outras opcións, fala do actual secretario xeral do Partido Socialista e a Sra. Porro, coma Alcaldesa, aceptou a situación da depuradora. Vostede fala de todo pero non do que fixo a Sra. Porro coma Alcaldesa.

Dende que o Sr. Caballero é Alcalde conseguiu un compromiso coa Xunta anterior e co Ministerio de Medio Ambiente que posibilita a súa construción. O primeiro que vostede ten que facer aquí para falar da depuradora é recoñecer que é unha competencia única e exclusivamente da Xunta de Galicia.

O Sr. Conde habitualmente utiliza a frase de “teñen que facer isto”, “teñen que gobernar, se non queren gobernar déixennos a nós”. Pois lle digo o mesmo a vostede. Corresponde ó actual goberno da Xunta de Galicia e ó conselleiro de Medio Ambiente a solución á depuradora de Vigo. Iso é o primeiro que ten que dicir e esa é a responsabilidade da Xunta de Galicia.

Esta cidade gracias ó peso político que ten o actual goberno e o Alcalde consegue que o Ministerio de Medio Ambiente destine 112 millóns de euros para a depuradora de Vigo. Como ben dicía vostede iso é o único que hai tanxible neste momento. Pero tamén é tanxible que o anterior goberno da Xunta de Galicia sacara xa o proxecto e acordara créditos que hoxe van asinar vostedes por 150 millóns de euros para políticas medio ambientais. Polo tanto Sr. Figueroa, neste momento non valen excusas por parte do seu goberno. Ten que buscar unha solución o goberno da Xunta de Galicia para facer a depuradora de Vigo.

O que non pode facer como fai habitualmente, é tratar de confundir á cidadanía con que aquilo que non é obrigatorio para o Ministerio de Medio Ambiente, como poñer 112 millóns. Algún medio de comunicación fala de que a ministra Sra. Espinosa regala 112 millóns a Vigo e eu non vou caer aí, pero o que si é certo é que ese empuxe e ese compromiso que lle deu o Ministerio é a mellor proba do que significa este goberno de Vigo.

Xa lle falei na Xunta de Voceiros da falta de conveniencia de presentar a moción neste momento porque se certamente a vostede lle parecese importante a depuradora deberíamos ter falado noutro momento. Agora, como vostede recoñeceu, cousa que está ben, estamos na época da procura dunha solución, da procura dun pacto e foi o propio presidente da Xunta de Galicia na súa visita oficial a este Concello no mes de xullo quen pediu expresamente axuda e mediación ó alcalde de Vigo e así o recoñeceu o presidente coma así recoñece o que está a facer o alcalde de Vigo.

Pero falando da inoportunidade da súa moción tamén o conselleiro de Medio Ambiente recoñeceu hai tres días; xa o tiña recoñecido cando estivo de visita institucional nas rúas da Florida e de Castrelos.

Coido que iso combinado coa receptividade que está a ter a ministra de Medio Ambiente, a viguesa Elena Espinosa, á hora de buscar fórmulas de solución coido que é o que hai que recoñecer e por iso, Sr. Figueroa, coido que esta non é forma de proceder. É evidente que do que o Grupo municipal do Partido Popular debería falar e facer defensa é que a depuradora á cidade de Vigo lle custe cero euros como lle custou ós Concellos de Lugo e Santiago e outros de Galicia.

Por iso coido que é o Grupo municipal do Partido Popular do que vostede é voceiro quen debería de estar a favor de que isto teña unha solución, de recoñecer a importancia do que está a facer o goberno vigués personalizado no seu alcalde á hora de buscar unha solución e por tanto coido, Sr. Figueroa, que debe deixar de aproveitar para facer outros debates.

Introduce demasiados temas coma a Cidade da Xustiza; non sei como vostede é quen de falar aquí cando presentaron unha moción distinta ó que logo propuxeron cando goberna o Sr. Núñez Feijoo. Vostedes son quen aplicaron como grupo municipal unha vara de medir moi distinta cando gobernaba o Sr. Touriño e cando goberna o Sr. Núñez Feijoo. Aproveita a moción para nos anunciar que a conselleira de Sanidade presentou o proxecto do hospital. Eu descoñezo que o que presentou a conselleira teña o mesmo número de camas que o hospital que tiña proxectado o anterior goberno.

Non me podo resistir a dicirlle algo sobre o elemento que introduce sobre as sentenzas. Díxenllo máis de unha ocasión: cando vostede nos empra a falar dalgún tema sempre sae perdendo, cando fixo prognósticos na sala de prensa sempre perdeu, era vostede o concelleiro de Urbanismo e lamentablemente esta cidade

volverá perder sentenzas coas súas actuacións en contra dos informes dos técnicos como moi ben dixo o concelleiro de urbanismo, e refírome á Finca do Conde e a algún outro máis.

Remato como sempre facemos dende o goberno: pedindo ó Grupo municipal Popular que tome posición a favor desta cidade, que en temas da depuradora recoñeza que corresponde á Xunta de Galicia e que non abandonen a esta cidade como fixeron co Xulgado do Mercantil. Iso é o que lle corresponde, Sr. Figueroa.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Cando Michael Ende escribiu aquel fermoso libro, polo menos a min así mo parece, "A historia interminable", coido que realmente que debería estar pensando na nosa cidade porque por desgracia para nós cando toca falar dunha infraestrutura importante, prioritaria e necesaria para a nosa cidade, non sei que malos fados aparecen que sempre se fai todo interminable. Non ocorre así noutras partes do Estado cando se trata de acometer grandes infraestruturas ou grandes proxectos, onde as forzas políticas pulan decididamente eses proxectos ou infraestruturas e instan, sexa cal sexa a cor política tanto dun goberno central coma autonómico, para que se desenvolvan.

Dese libro tamén se fixo unha película e cando falamos de infraestruturas para a cidade de Vigo parece que estamos nunha película onde hai sempre dous grandes produtores: o goberno central e a Xunta de Galicia porque son eles evidentemente, dende esas administracións, quen teñen a capacidade económica de levar adiante eses proxectos e en segundo lugar quen tamén teñen as competencias para facelo.

Pero esa película tamén ten un guión que ven repetíndose ata a saciedade e que está moi claro: non nos imos poñer de acordo e iso vémolos como dixen coas grandes infraestruturas. Vostede acaba de citar o hospital; parece mentira que non houbera nada de nada no anterior bipartito do hospital xeral e que da nada vostedes en seis meses quiten xa un proxecto de liñas mestras. Se non había nada de nada, como é posible isto? Esperemos que nese proxecto de liñas mestras que segundo vostede acaba de anunciar a conselleira de Sanidade, nos falen tamén de como vai ser o financiamento porque non imos permitir que o hospital non sexa público con financiamento absolutamente público. Agardamos que non sexa así.

Esta película tamén ten actores: os distintos ministros, ministras e conselleiros e conselleiras que pasaron tanto pola Xunta como polo Goberno Central, tanto do Partido Popular como do Partido Socialista. Eu tamén teño hemerotecas do que

falaba a Sra. Porro meses antes das eleccións municipais cando eu fixera un chamamento para que ese tema se quitara da campaña electoral, que había que chegar a un acordo; parece ser que iso se acepta e a Sra. Porro ós poucos días deste anuncio meu sae dicindo que xa hai un acordo co anterior conselleiro de Medio Ambiente. Pero é máis, cando vostede fala agora dos deberes non cumpridos deste goberno, a este Pleno da Corporación viu unha moción presentada pola Sra. Porro que dicía taxativamente "...reclamar á Xunta de Galicia (daquela gobernada polo BNG e polo PSOE) a posta a disposición dos terreos". Que cambio tan radical, cando gobernaba o BNG e o PSOE a Sra. Porro e o partido Popular reclaman á Xunta os terreos.

Agora xa non gobernan o BNG e PSOE na Xunta, goberna o Partido Popular e fíxese o que vostede di na moción: "Que o Concello faga a tramitación necesaria para cumprir os seus compromisos para a construción da nova EDAR de Vigo." Seica que como agora gobernan vostedes na Xunta o que antes dicían de que os terreos fosen competencia da Xunta agora xa non vale. Ademais di que o alcalde de Vigo inste ó Ministerio de Medio Ambiente a aceptar calquera das dúas proposta que o goberno da Xunta de Galicia lle presentou e que permitirían licitar.

En poucos meses vostedes cambian de instar á Xunta de Galicia a instar única e exclusivamente ó Concello e ó Ministerio de Medio Ambiente. É un cambio bastante significativo. Antes no debate das ordenanzas eu dicía que debemos priorizar, Sr. Figueroa, non dependendo dos nosos réditos electorais. Dicía, repito e así faremos dende sempre nós, que hai que priorizar para a cidadanía, non segundo como nos vaia a película. A película non pode ser distinta se se proxecta nun ou noutro cine, non pode depender de se estamos nós gobernando ou non, ten que ser igual para todos porque o fin desa película ten que ser a construción dunha nova depuradora.

Esta fin de semana estamos a falar da adxudicación da ampliación do Areal; sen ter o plan de usos seguimos a falar do novo peirao de transatlánticos, seguimos a construír cousas pero resulta que o problema medio ambiental máis grave que ten esta cidade, a nosa ría e o noso Porto de Vigo que é a construción da nova EDAR, segue sen se resolver.

Por todo isto eu o que lle diría tanto ó goberno da Xunta coma ó goberno central do Estado, que hai que se poñer de acordo xa, dunha vez por todas. Tamén están aí as hemerotecas para ver que se unha formación política foi coherente en todos estes anos co tema da depuradora foi o Bloque Nacionalista Galego, se nos orzamentos

apareceu esa partida de 112 millóns de euros foi porque na negociación dos orzamentos a nosa deputada Olaia Fernández Davila conseguiu arrincar ese compromiso do goberno.

Por suposto que tampouco estamos de acordo con que a ministra diga que a Vigo se lle regalan 112 millóns; a esta cidade non se lle regala nada; aínda lle teñen que dar moito do que historicamente non percibiu por gobernos do Estado de distintas cores políticas. Primeiro foi un problema do proxecto, logo dos terreos, agora o financiamento e di vostede que a Xunta atopouse un buraco e que polo tanto non pode facer fronte a iso. É estraño cando aparecen millóns de euros para outras cousas, para o financiamento a non sei que empresas ou aparece un millón de euros da nada. Aí non hai buraco. Pois que aparezan tamén cando se trata de Vigo.

O que ocorre e estamos a mirar estes días é que todo o que leve o apelido de Vigo non é prioritario para a Xunta de Galicia. Están dicíndoo en cantidade de proxectos que se presentan nesta cidade.

Polo tanto e dende o BNG, en unión co Partido Socialista Galego, se realmente todos temos o interese de que conxuntamente pulemos por unha infraestrutura tan importante coma é a da nova depuradora, queremos presentarlle unha emenda á súa moción: “A Corporación Municipal esixe ó Ministerio de Medio Ambiente, á Xunta de Galicia e ó goberno municipal de Vigo que de xeito urxente acaden un acordo de financiamento que permita licitar xa a nova EDAR de Vigo”. Se realmente queremos deixar de falar das hemerotecas, do que fixo cada quen, o importante nestes momentos que é cando se está a negociar as condicións de financiamento, é poñérmonos de acordo os tres grupos e digamos claramente que esta Corporación por unanimidade esixe ó Ministerio de Medio Ambiente, á Xunta de Galicia e a nós mesmos como goberno municipal, a que se acade un acordo de financiamento que permita licitar xa a nova EDAR.

A ver se por unha vez a película das infraestruturas en Vigo lle podemos poñer esas letras coas que rematan todas as películas que non é outra que “fin”.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Domínguez Olveira, o problema das películas non é miralas en dous cines distintos; é vela película durante todo o seu tempo e vostede seguramente ten un pequeno problema.

O 3 de xaneiro do ano 2009 o alcalde, o presidente da Xunta e a conselleira de Medio Ambiente asinan un protocolo onde o Concello ten uns compromisos claros que vou

ler:

Compromiso do Concello de Vigo: terreos de titularidade municipal ocupados pola EDAR actual e necesarios para a execución da actuación. Ese é un dos compromisos á parte dos 18 millóns de euros. O que pasou é que este protocolo era mentira, era un problema electoral, para enganar á cidadanía.

Aquí viñeron todos os cargos da Xunta, mesmo hai un medio de comunicación que di "Ata 21 coches oficiais de altos cargos están na portada". Todos os cargos da Xunta viñeron facer a presentación da depuradora de Vigo en campaña electoral, sabendo que non había financiamento, que non tiñan consignación presupostaria e que só había cinco millóns de euros posibles dun compromiso de 108 millóns para este proxecto en Augas de Galicia. Ese era o compromiso da Xunta de Galicia coa cidade de Vigo, Xunta da que vostede tamén formou parte Sr. Domínguez Olveira.

A película aquí trunouse, o cine no que estaba vostede seguramente non era este que era outro, era o Concello de Vigo, con vinteún coches oficiais, co salón cheo con todas autoridades da cidade de Vigo.

O que ocorre é que chega á Xunta de Galicia o goberno actual e aínda que queira cumprir ese compromiso, onde están os cartos? A Xunta di que non ten os cartos, hai unha situación económica complicada e que vai tentar negociar co Ministerio de Medio Ambiente que ten máis posibilidades económicas e co mesmo compromiso. A Xunta non di que vaia reducir a cantidade, só di que invistan eles antes e que a Xunta difire as cantidades. Coido que iso sempre se fixo entre administracións.

Pero o Concello de Vigo a día de hoxe non tramitou nin un só papel do expediente da depuradora, por iso digo que a Xerencia de Urbanismo está paralizada, é un desastre. Nin un só papel para poñer a disposición os terreos da depuradora como di o compromiso do 3 de xaneiro do ano 2009 a non ser que só fose un papel mollado para as eleccións, Sr. Domínguez Olveira. Dígollo a vostede porque parece que o seu discurso tenta ser positivo e seguramente nin coñece este documento, estou convencido e voullo pasar agora.

Non se asina un convenio porque a Intervención da Xunta de Galicia di que non é posible pola falta de cartos nas arcas autonómicas, nin sequera para consígnalo. Ese é o motivo fundamental.

Por suposto que lle vou aceptar a súa proposta porque o obxectivo é instar e que se faga a depuradora, non hai outro. Pero como depende de nós voulle poñer un apartado: "Que o Concello de Vigo inicie na próxima Xerencia de Urbanismo os

trámites para a cesión dos terreos para a depuradora". Supoño que vostede tamén me dirá que si. Que se leve un documento á Xerencia de Urbanismo onde o alcalde de Vigo inste ós técnicos e ó persoal correspondente para que se inicie toda a tramitación da cesión dos terreos, ver que necesidades temos de terreos, cantos metros son, se hai que expropiar máis, etc. Que nos traian unha proposta o próximo xoves que coido que se pode facer e se non a presentamos fóra da orde do día coa emenda que vostede presentou. Acepto a súa proposta con este engadido da iniciación do expediente.

Sr. Domínguez Olveira, vostede fala de público e privado; coido que hoxe hai que ter fórmulas de xestión áxiles, a min dáme igual, o que me importa é que se fagan as instalacións e pónolle un exemplo. O seu compañeiro na Deputación o outro día aceptábanos unha emenda de construír o estadio de Balaídos con financiamento público e privado, eu estou disposto. Pero aquí hai máis exemplos: o goberno anterior do Partido Popular adxudicou un auditorio público e privado cun investimento de cento e pico millóns de euros só se vai investir catro millóns de euros de fondos públicos. Esa é a xestión.

Nós deixámoslles a vostedes seis aparcadoiros públicos en réxime de concesión licitados aínda que agora o alcalde quere poñerse unha medalla co de Jenaro de la Fuente, de Policarpo Sanz, de Pintor Colmeiro, de Coia. Deixámoslos adxudicados con custo cero, mesmo as urbanizacións. Deixamos dúas piscinas climatizadas, a de Barreiro e a de Coia, adxudicadas con custo cero e que vai inaugurar e recoñezo que vostede é máis correcto porque nos invita a todas a inauguracións. É unha xestión que fixo o Partido Popular e polo tanto nós estamos dispostos, o que queremos e que se fagan as instalacións.

Con respecto ó que dixo o Sr. Font, sempre ten que saír a Sra. Porro. Están a facerlle unha publicidade innecesaria, coido que lle estar a facer unha promoción que mesmo nin se merece, continuamente, en todos os debates. Están obsesionados con ela, déixena tranquila que está a traballar no Porto facendo o que moitos non foron quen de facer en dez anos. Vostede estivo alí como funcionario non sei canto tempo, pois logo de dez anos foi quen de adxudicar unha ampliación dunha instalación importante para a cidade de Vigo e vai facer máis cousas. Déixena traballar.

Vostedes teñen o problema de que presentaron uns proxectos electorais faraónicos que non son quen nin de facer nin de levar a cabo e iso lles ten totalmente obsesionados.

Con respecto á Cidade da Xustiza vostedes tiveron unha *caradura* política tremenda, aprobaron unha moción e remítenlla ó presidente Touriño da Xunta de Galicia cando era cadáver político, mandan a moción o día 4 de marzo logo de perder as eleccións. Iso mesmo é unha falta de respecto a un compañeiro que acaba de perder unhas eleccións.

Con respecto a Urbanismo falamos de todos eses temas cando vostedes queiran, nós non temos o récord de sentenzas en contra como ten o Partido Socialista. O que si está claro é que vostedes xa tiveron que pagar con cartos públicos sentenzas de decisións de seu e a de Miraflores está no camiño. Con todo o que di vostede de momento nós cumprimos co que nos marca a norma e nunca se fixo ningunha aprobación con informes en contra. As licenzas das vivendas que tamén teñen sentenza en contra deunas o BNG porque un Consello Consultivo da Xunta de Galicia dixo que tiñamos que seguir coa tramitación dese expediente polo tanto non mintan. O centro comercial é certo que a licenza démola nós pero as dúas torres que hai na Finca do Conde deu as licenzas o BNG e tamén teñen sentenza en contra polo mesmo, por un planeamento maldito, do ano 1993, que elaborou o Partido Socialista. Esas son as consecuencias do urbanismo da cidade de Vigo e da inseguridade xurídica que deixaron vostedes, non nos culpen porque nese tema eu vou seguir contestándolles sempre e cando queira facemos un debate, non teño ningún problema.

Os seus compañeiros de goberno votaron a favor e deron as licenzas das dúas torres de vivendas que a día de hoxe teñen tamén sentenza en contra e saben a través dun documento, porque así o quixo o BNG no seu momento cando foi a tramitación do expediente e hai informes dos técnicos municipais que din que a mellor maneira de resolver este problema era continuar dando as licenzas e resolvelo a través do Plan Xeral. Hai documentos na Xerencia de Urbanismo.

Sr. Font, aquí hai compañeiros de seu que votaron moitos asuntos urbanísticos e eu non digo nada porque sei que veñen do ano 93, veñen dunha política e dun planeamento erróneo e iso levou a moitos gobernos a tomar acordos equivocados e iso foi o motivo de confeccionar un novo documento co acordo de todos do que logo vostedes se descolgaron.

Espero que sexa un pouco máis sensato con estes temas e repito que non vou calar, cando queira falar dese tema concreto convoque e facemos un debate, non polas costas mandando escritos e cartas anónimas que niso vostedes son especialistas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Só unha apreciación: non é o mesmo a construción dun aparcadoiro que a dun hospital, hai unha diferenza abismal. Nun aparcadoiro aparcan coches; nun hospital se tratan persoas e é por iso polo que nós defenderemos sempre a xestión pública da sanidade porque estamos a tratar da atención sanitaria das persoas. Hai unha gran diferenza entre unha cuestión e outra.

SR. LÓPEZ FONT: En primeiro lugar quero facer unha puntualización, non lle tolero na linguaxe deste Pleno que diga que outros enviamos anónimos ou outras cousas. Vostede pode non o retirar pero eu non lle tolero. Como voceiro do Grupo e como concelleiro eu envíe os escritos oficiais que estimo; non envíe na miña vida un anónimo a ninguén. Non sei se vostede poderá dicir o mesmo e por iso o introduce.

Non me volva dicir que cando queira debatemos; ten vostede a posibilidade de presentar unha moción sobre o tema de Urbanismo e de establecer o debate que queira cando queira. Volvo dicirle o mesmo que lle dixen sobre as facturas: se ten vostede algunha sospeita de ilegalidade dígalle e falámolo cando queira.

Sobre o tema da Finca do Conde onde hai unha sentenza que di que no se respectaron os informes dos técnicos, vostede era o concelleiro de Urbanismo, ninguén máis. Non me fale do ano 93, nin me fale da Sra. Villarino, nin de ningún outro concelleiro que pasou por aquí. A historia recente do urbanismo nesta cidade personalizouna vostede porque foi concelleiro de Urbanismo durante tres anos e medio por lo tanto non é a min a quen lle corresponde introducir debates nin estes elementos que vostede quere traer. Cando queira o trae e punto.

Falando de grandes mentiras, como xa apuntaba o Tenente de Alcalde a gran mentira é de vostedes, do Partido Popular e do Grupo municipal Popular. Vostedes están a servir ó goberno da Xunta de Galicia para paralizar investimentos nesta cidade. Esta é a realidade, non se pode dicir, Sr. Figueroa e concelleiros do Partido Popular, que vostedes fixeron un novo proxecto do hospital para esta cidade e que o anterior goberno foi unha gran mentira. Algo, por non dicir todo, estaría feito.

Insisto no que dicía na miña anterior intervención, espero que polo seu ben o hospital que presentou hoxe a conselleira teña o mesmo número de camas.

De verdade creo que quen se teñen que poñer de acordo son vostedes. Quen ten que respectar ó Sr. Núñez Feijoo e ó Sr. Hernández como conselleiro son vostedes porque están a recoñecer que o proxecto da depuradora xa estaba. Estaba no DOG do 4 de

decembro de 2008, aquí está o proxecto da depuradora. Cando o Presidente da Xunta de Galicia neste mesmo edificio pide axuda ó Alcalde de Vigo perante a ministra para conseguir o diñeiro que tería que poñer a Xunta, está recoñecendo que o goberno bipartito tiña proxecto de depuradora, que a depuradora ía ir adiante. Por todo isto creo que con tal de criticar a este goberno mal camiño iniciaba vostede se o que verdadeiramente lle importaba era a depuradora.

Deixe de contar historias sobre o plan de urbanismo. A depuradora arranca co goberno bipartito. O Goberno desta cidade consegue que o Ministerio de Medio Ambiente de Madrid, deses actores dos que falaba o Tenente de Alcalde, pon 115 millóns de euros.

Dado que fala vostede do que fixo o anterior goberno eu tamén lle vou dicir: o anterior goberno da Xunta de Galicia tiña iniciado un crédito de 150 millóns de euros para actuacións medio-ambientais co Banco Europeo de Investimentos. Non digan que non teñen cartos, Sr. Figueroa, rétolle aquí a que traía que non se asina ese convenio.

Hai cuestións que veñen do bipartito que están afectadas polo seu Presidente Sr. Núñez Feijóo e o Grupo Municipal Popular do Concello de Vigo o que non pode facer é agachar os compromisos que ten a Xunta con esta cidade.

Paréceme moi ben que esta proposta de emenda cun texto alternativo que presentamos o BNG e máis o Partido Socialistas a acepte vostede porque por unha vez demostra que parece que quere que isto se solucione pero non fai falla ningún engadido porque o expediente para poñer a disposición da administración autonómica os terreos para a nova depuradora está xa iniciado polo Alcalde o 7 de outubro de 2008 en escrito dirixido ó concelleiro de Urbanismo e polo tanto, Sr. Figueroa, como vostede sabe moito de procedemento administrativo, non imos abrir dous expedientes para a mesma cousa. Sei que vostede, agora que lle informei algo do que seguro que esqueceu ou non quixo recoñecer, en todo caso recoñecerá que podemos debater na próxima Xerencia de Urbanismo en que situación está o inicio destas actuacións que o Alcalde fixo o 7 de outubro de 2008.

Para rematar, eu non teño ningunha obsesión coa Sra. Porro, o que a Sra. Porro ten é obsesión con esta cidade, a única obsesión é querer volver ser alcaldesa e así está actuando como Presidenta do Porto. Os cidadáns teñen que saber que o que agora licita a Sra. Porro é o que tivo paralizado durante tres anos e medio. Teñen que saber que o peirao do Areal estivo paralizado pola Sra. Porro coma alcaldesa e o que licita

cos peiraos Duque de Alba o que leva é a un porto de hai dous séculos. A Sra. Porro matou a ilusión colectiva desta cidade en canto ó Plan Nouvel como cesión de espazos portuarios a esta cidade e algún día farase. Todas as cidades, grandes e pequenas, teñen o seu plan de cesión de espazos portuarios e mal oficio colleu a Sra. Porro sendo a enterradora de todas as ilusións colectivas que tiña esta cidade.

O que a Sra. Porro ten que asumir é o que fixo e en canto á depuradora vostede o que debería lembrar é que a Sra. Porro pactou a situación da actual depuradora, cousa que vostede omitiu.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que vostedes seguen na fantasía, a diferenza que hai entre uns e outros é que a Sra. Porro ten os pés no chan e sabe o que está a facer.

Vostede mente descaradamente. O Alcalde que presentou o recurso contra o peirao do Areal foi don Lois Pérez Castrillo; houbo unha Xunta de Voceiros onde se acordou respectar ese recurso ata que houbera unha sentenza. Só se adquiriu o compromiso de que mentres non tivésemos unha sentenza non se levantaba ese recurso gobernase quen gobernase. O Sr. Domínguez Olveira sábeo. O que aconteceu foi que houbo unha sentenza que dixo que toda a tramitación era legal.

Houbo moitos debates neste Pleno dos que ó mellor vostede non tivo coñecemento pero eu si e o que se está a licitar agora é unha xestión única e exclusivamente dela. O que a vostedes lle doe é que está licitada. Díciame o meu compañeiro o Sr. López-Chaves que hai moitas persoas que están a reclamar o Plan Nouvel; ese plan é unha fantasía totalmente irrealizable que xa gastaron 500 millóns das antigas pesetas en maquetas e publicidade, iso si que o fixeron vostedes para a campaña electoral do Sr. Caballero á Alcaldía de Vigo e máis cousas das que xa falaremos, o porto aínda vai dar para moito, Sr. Font.

Dende logo se eu son concelleiro de Vigo e o meu Alcalde ou a miña Alcaldesa me da unha orde e nun ano e medio non son quen de facer absolutamente nada pois así está, non me estraña que a Xerencia de Urbanismo funcione como funciona.

Imos pedir que se inclúa esa tramitación do expediente, voten ou non, se non a queren votar alá vostedes. Imos pedir que o próximo xoves na Xerencia de Urbanismo se inicie a tramitación dese expediente ou se nos dea conta de como está o trámite. Nós non temos coñecemento dese decreto, Sr. Font, por iso será un problema de seu e polo tanto imos pedir que se faga.

O que nos preocupa é que se constrúa a depuradora porque traballamos bastante

por ela. Claro que a Sra. Porro pactou co Sr. Vázquez o 21 de decembro do ano 2006 a situación da depuradora, non diga vostede que é unha cuestión do bipartito, foi unha cuestión que iniciou a Sra. Porro no seu mandato do Goberno do Partido Popular cando nos puxeron todas as trabas. Vostede sabe que o argumento que daban cando non quixeron aprobar o Plan Xeral era porque non había situación para a depuradora. Mentiron, enganaron permanentemente e seguiron enganando e a día de hoxe o problema que hai é que é mentira o que di vostede de que había 150 millóns de euros para a depuradora. Hai cinco millóns nunha partida concreta do presuposto do ano 2009 que teño aquí diante e doullo cando queira.

Convenio EDAR de Vigo, presuposto da Xunta de Galicia: cinco millóns de euros. Non minta Sr. Font. Aquí ten o papel oficial.

O que pretendemos con esta moción claro que é ser leais a esta cidade, pero tamén que vostedes axilicen a tramitación. Parece que a oposición non lle pode dicir ó Goberno que axilice a tramitación dun expediente para a cesión duns terreos neste caso e parécelle mal. Coido que é unha moción coherente e razoable, coido que o noso discurso foi sensato. Se vostedes queren introducir outros elementos a maiores fágano cando queiran, non somos nós quen o estamos a facer. Aquí se empezou falar doutros temas que non tiñan nada que ver coa moción pola súa parte, non pola nosa. O único que dicimos é que estamos dispostos a aceptar a súa emenda pero engadindo que na próxima Xerencia de Urbanismo do xoves se inicie a tramitación do expediente para a cesión dos terreos da EDAR á Xunta de Galicia.

Neste intre se incorpora á Presidencia o Alcalde, Sr. Caballero Álvarez.

A PRESIDENCIA: Está rematado o debate, non é así?

SR. FIGUEROA VILA: Hai unha emenda do BNG e do PSdeG-PSOE e nós pedimos un segundo punto que diga que se inicie a tramitación na próxima Xerencia de Urbanismo da cesión dos terreos.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, eu non quero reabrir debates, pero neste intre as negociacións entre o Goberno de España, a Xunta de Galicia e o Concello non están rematadas e ata que así sexa este Concello non vai iniciar ningunha expropiación porque non sabemos. Está iniciada dende Xerencia.

Isto está en proceso de negociación e vostedes sábena. Saben vostedes tamén que o Alcalde está mediando para tratar de resolver un problema de financiamento que existe e que podemos entender. Coido que a forma en que está esta emenda, que se dea conta na próxima Xerencia do estado do expediente de expropiación dos terreos, non implica ningún compromiso para este Concello ata que rematemos a negociación. A partir daí o que saia da negociación e coido que vai haber acordo pronto, traeríámolo aquí e ratificaríámolo no Pleno.

Por tanto propoño que procedamos a votación do acordo redactado desta forma.

SR. FIGUEROA VILA: Temos a nosa moción. Aquí hai un protocolo asinado.

A PRESIDENCIA: Non hai ningún protocolo asinado. Este Alcalde non asinou ningún protocolo.

SR. FIGUEROA VILA: Como poden mentir desta maneira? É un protocolo do 3 de xaneiro do ano 2009.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, o Presidente da Xunta e máis eu, logo dunha entrevista na que estivo vostede presente, tratamos este tema. Hai un serio problema na Xunta de Galicia que estamos tratando de resolver. Se ese protocolo vai adiante o que sucede é que a Xunta de Galicia ten que poñer 120 millóns de euros que di que non ten.

Por tanto, coido que o acordo nesta forma que estamos expoñendo é moi razoable, significa que tan pronto haxa algún avance eu inmediatamente llo participo ben ós grupos, ben a este Pleno e a partir daí imos cun proceso de información continua, pero neste Pleno non deberíamos tomar ningunha decisión e que pase como coa que adoptamos na Cidade da Xustiza. Non nos debemos precipitar, debemos esperar a rematar o acordo e tan pronto sexa así, inmediatamente eu podo informar ós voceiros e eventualmente e se vostedes o desexan podemos convocar un Pleno extraordinario porque é un tema moi importante e de grande urxencia, pero coido que este Pleno non debe adoptar unha decisión antes de que cheguemos a un acordo que é o que eu estou a propoñer.

A redacción que teño aquí diante implica que haxa información permanente cara a vostedes e que tan pronto exista un acordo que estaría asinado pola Xunta de Galicia

e por tanto entendo que sería asumible por este Pleno, traémolo aquí e ratificámolo. Coido que esta é unha boa proposta para resolver a situación na que estamos.

SR. FIGUEROA VILA: Esa é unha boa proposta para a ineficacia deste Concello. Nós non estamos dispostos a aceptala, non ten absolutamente nada que ver o problema da Xunta de Galicia e o Ministerio de Medio Ambiente co compromiso dos terreos. O que dicimos nós é moi sinxelo: que se inicie a tramitación da cesión dos terreos da EDAR ó organismo correspondente para a súa construcións porque ese é o compromiso que hai. É unha cuestión de “iniciar” porque nós non temos coñecemento de que se iniciase ese expediente.

Coido que non podemos desvirtuar o fondo da nosa moción. O Sr. Domínguez Olveira fíxome unha proposta que eu aceptei, que se inicie ou que se dea conta a todas as institucións, paréceme ben, que se pida. Eu pido que na Xerencia de Urbanismo se inicie a tramitación do expediente como está nese protocolo. Se ese protocolo cambia cambiará todo absolutamente. Se está iniciado o expediente vostedes darán conta e punto.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, dígolle que eu non vou votar iso e voulle dicir por que. Porque eu quero defender os intereses desta cidade e é o que vou facer, non vou iniciar nin vou votar ningunha decisión que implique un compromiso deste Concello antes de rematar o acordo coa Xunta de Galicia e o Goberno de España. Ata que teñamos acadado ese acordo o Alcalde da cidade non vai votar nada que implique ningún compromiso deste Concello, compromiso que por outra parte, en aras das competencias debería asumir a Xunta de Galicia. Sabe perfectamente que teño razón pero como non quero entrar nese debate dígolle que ata que teñamos o acordo acadado que, por certo, Sr. Figueroa, se este Alcalde se retira da negociación non hai depuradora en Vigo.

O Presidente da Xunta e o Conselleiro, parece que vostedes non lles contan o que está a pasar porque eu estiven co conselleiro hai tres días, estivemos falando disto, eu informeille da situación. Foi unha conversa informal que por tanto non vou reproducir aquí. Dígolle que coido que se pode chegar a un acordo moi beneficioso para a Xunta de Galicia.

Digo máis, logo de que o Alcalde de Vigo e o Presidente da Xunta chegaron a un acordo que era o de negociar a resolución deste problema, que o grupo Popular traía

unha proposta enténdese mal e eu non sei se o Presidente da Xunta é coñecedor desta proposta.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Querería falar como propoñente da emenda. Sr. Figueroa pediría que fixéramos o esforzo para que esta película remate ben tal como dixen ó principio, polo ben da cidade de Vigo. Coido que hai unha cuestión moi clara. Ímonos poñer no caso hipotético de que o Ministerio de Medio Ambiente decida que os terreos os asumen eles, vostede estaría en contra disto? Estaría en contra se a Xunta de Galicia por mor dunha negociación decide que os terreos van pola súa conta, vostede oporíase a iso? Oporíase a que o Concello de Vigo non tivese que aportar os terreos? Supoño que non.

O que está a propoñer o Alcalde que a min me parece correcto é que votemos que toda a Corporación esixe ó Ministerio de Medio Ambiente... Escoite ben o que está a dicir o Alcalde, exactamente o mesmo que vostede acaba de dicir agora sen engadido de ningún tipo: A Corporación Municipal esixe ó Ministerio de Medio Ambiente, á Xunta de Galicia e ó Goberno Municipal (estámonos a esixir a nós tamén) que de xeito urxente acaden un acordo de financiamento. Nese acordo está claro que ten que ir implícito un acordo sobre os terreos.

Estámonos a esixir tamén a nós. Outra cousa é e eu tamén o propoño, que cando vostedes queiran, nunha Xunta extraordinaria da Xerencia ou onde sexa, e o Alcalde acábase de comprometer o que a min me parece ben, que se lle dea información de como van as negociacións.

O que vostede acaba de dicir está aquí recollido, esixímonos a nós mesmos por iso non sei cal é o problema para que vostedes non poidan votar que esta Corporación esixe ó Ministerio de Medio Ambiente, a Xunta de Galicia e ó propio Goberno Municipal que cheguen a un acordo de financiamento e nese acordo van chegar os terreos. O resto é marear a perdiz para que unha vez máis saiamos desta Corporación divididos e que tanto en Madrid como en Santiago se diga que en Vigo non nos poñemos de acordo.

De verdade que pido un exercizo de responsabilidade porque esta emenda que nós presentamos cobre perfectamente todo o que vostede está a dicir. Que se vote así e que na Xerencia se traslade a información de como está o proceso da negociación.

Se ó final o Concello ten que poñer os terreos, poñerémolos pero ogallá que non sexa así. Non poñamos trabas a unha negociación que pode dar como resultado algo

beneficioso para o Concello. Coido que é suficientemente razoable esta emenda que acabamos de presentar.

SR. FIGUEROA VILA: Nós chegamos á conclusión de que vostedes estanse desmarcando dun protocolo asinado no ano 2009 e que agora se demostra que foi todo unha gran mentira, un engano.

A nós enganáronnos. O Sr. Font di que está iniciado o expediente. Nós no pedimos que pague ou deixe de pagar o Concello, só dicimos que se inicie a tramitación do expediente e esa tramitación dará unha conclusión, Sr. Domínguez Olveira, a que sexa, que o Alcalde diga que se paralice ese expediente mentres non teña unha negociación coa Xunta.

Nós presentamos esta moción cunha vontade. Aceptámoslle a vostede unha emenda, cambiamos o contido da nosa moción pero dicimos que se inicie a tramitación do expediente para a cesión dos terreos da EDAR. Nós non temos coñecemento de que ese expediente se teña iniciado e queremos saber en que situación está. Nese expediente dirase o que se teña que dicir.

A que teñen medo? Iso non quere dicir que o Concello teña que pagar eses terreos.

A PRESIDENCIA: Se os expropia si. Quen os vai pagar entón? Vostede sábeo, Sr. Figueroa.

SR. FIGUEROA VILA: Iso non é un imperativo, non estamos ordenando que se paguen os terreos, dicimos que se inicie a expropiación. Vostede dirá as negociacións e as conversas que teña e constará en acta. Dirá por exemplo que non fai falla iniciar a tramitación deste expediente expropiatorio porque chegou a un acordo do Concello, coa Xunta de Galicia e co Ministerio de Medio Ambiente e rematou, pero será algo oficial.

Logo de que vostede diga que non asinou absolutamente nada cando ten aquí a súa sinatura e a cesión dos terreos era competencia do Concello de Vigo xa non nos vale absolutamente nada. Coido que non é nada malo. O xoves dirán vostedes o que queiran pero constará en acta.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, por tanto significa que a Xunta vai poñer 105 millóns de euros. Significa iso?

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, vostede non estivo no debate e foi un debate importante e debería ter estado, se quere intervir agora é mellor que estea calado porque non sabe o que se discutiu aquí.

A PRESIDENCIA: Pero sei o que quere votar vostede e eu non.

SR. FIGUEROA VILA: Está trabucado, vostede quere facer unha trampa que non ma vai facer, vostede terá experiencia pero eu tamén. Co Sr. Domínguez Olveira houbo un debate intenso e creo que moi produtivo, moi interesante, mesmo non nos fomos moito polas ramas, foi un debate de boas intencións de todos. O Sr. Domínguez Olveira fixo unha proposta que a min me pareceu coherente.

Eu desboto a miña moción con todos os seus antecedentes e o único que digo é que a Xerencia de Urbanismo inicie o expediente de tramitación que é o convenio que ven aquí. Punto, non hai máis. Vostede o xoves explícanos o que queira.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, o debate está rematado. Señores do Bloque e do Partido Socialista, manteñen esta proposta de emenda que di: A Corporación Municipal esixe ó Ministerio de Medio Ambiente, á Xunta de Galicia e ó Goberno Municipal que de xeito urxente acaden un acordo financeiro que permita licitar a nova EDAR de Vigo e que se dea conta na próxima Xerencia de Urbanismo do estado do expediente de expropiación dos terreos. Acepta esta proposta Sr. Figueroa?

SR. FIGUEROA VILA: Non.

A PRESIDENCIA: Sometemos a votación.

SR. FIGUEROA VILA: Non, a votación non se somete, a moción é nosa.

A PRESIDENCIA: Estou dicindo que o seu texto, o texto da moción. Isto ademais demostra...

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, unha cuestión de orde porque hai que saber o que hai que votar.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, non ten a palabra. Imos votar a moción tal e como vostedes a propuxeron.

SR. FIGUEROA VILA: Déixeme un minuto, por favor, porque é un tema importante. Vostede ten dereito a ausentarse como facemos os demais e non llo vou reprochar pero eu acudo ás boas intencións do Sr. Domínguez Olveira porque as tivo, foi unha moción que ía ser consensuada coas boas intencións de todos e coido que a está desvirtuando, dígollo sinceramente. Eu non vou caer en que vostede mañá me diga que neste protocolo que está asinado o Concello de Vigo non ten ningunha competencia nin ningún compromiso porque nós votamos non sei que. Non vai pasar como coa Cidade da Xustiza que vostede está tentando por todos os medios dicir todo o contrario do que é a verdade.

Quero dicir para que quede constancia en acta que se resolva este tema por parte do Concello, da Xunta e do Goberno Central pero nós queremos que o Concello, porque si temos potestade para iso, o xoves inicie ese expediente. Se logo o ten que pechar que o faga o xoves seguinte porque como comprenderá, se vostede inicia un expediente e ó día seguinte ou o mesmo xoves nos da a información necesaria e nos di que o Concello non vai pagar absolutamente nada, a min me parece moi correcto, pola contra felicitareino.

Nós temos a iniciativa política e os Plenos e as mocións son para iso, de tomar esa decisión e non nos pode coartar ninguén a nosa iniciativa política.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, vaise someter a votación a moción tal e como vostedes a presentaron.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: De verdade que quero volver insistir. Sr. Figueroa, vostede acaba de dicir o do espírito construtivo da emenda e tamén dixo que a maiores se recolla a iniciación da tramitación da expropiación. Acáballe de dicir o Sr. López Font que iso está iniciado.

SR. FIGUEROA VILA: Non me vale, que se leve á Xerencia.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O que non é normal é que non podemos poñer nunha

moción que se inicie un expediente que está iniciado e coido que iso debe entendelo todo o mundo. O voceiro do Grupo municipal Socialista acaba de dicirllle que ese expediente administrativamente está iniciado, polo tanto é de lóxica que non poidamos poñer nunha moción que se inicie algo que xa o está. En todo caso, o que lle estamos a ofertar é que do sentido da súa moción e do que logo engadiu ó que eu lle propuxen, é dar conta na próxima Xerencia de como está este trámite. Se queremos chegar a un acordo o xoves dáse conta na Xerencia disto.

SR. FIGUEROA VILA: Déixame ler ese decreto, por favor? Se non mo deixa ler é que algo hai detrás.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, eu estoulle a dicir que este debate vai rematar por tanto continúe coa súa intervención e logo vou sometelo a votación.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sigo insistindo é que está perfectamente recollido o que dicía o Sr. Figueroa. Se realmente queremos chegar a un acordo. Vou ler por enésima vez: A Corporación Municipal esixe ó Ministerio de Medio Ambiente, á Xunta de Galicia e ó Goberno Municipal que de xeito urxente acaden un acordo financeiro que permita licitar a nova EDAR de Vigo e que se dea conta na próxima Xerencia de Urbanismo do estado do expediente administrativo de poñer a disposición os terreos. Non sei que máis. Se vostedes o xoves non están de acordo coas informacións que lles dan saian á opinión pública e díganllo pero, por favor, academos hoxe un acordo unánime que permita que Vigo teña unha postura común diante das negociacións que hai.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, se vostede necesita ler o documento levantamos a sesión dous minutos.

SR. FIGUEROA VILA: Se mo deixa ler un minuto o documento non fai falta levantar a sesión. Paréceme ben este documento pero non é o que di vostede. Necesito lelo para que quede constancia neste Pleno ou que o lea a secretaria.

A PRESIDENCIA: Non ten lugar a que se lea nada, nin vostede nin a secretaria. Acepta vostede a emenda?

SR. FIGUEROA VILA: Se se recolle este documento na emenda tal cal está si.

A PRESIDENCIA: Recóllese como anexo á emenda. Sres. Do Grupo Popular, rematou esta cuestión. Vótase a moción tal como se formulou polo Grupo Popular agás que inmediatamente acepten a emenda, senón someto a votación a emenda na súa formulación. Acepta a emenda?

SR. FIGUEROA VILA: Se se recolle literalmente este documento na acta, si.

A PRESIDENCIA: Recóllese como anexo á emenda. Sometemos a votación a moción do Grupo municipal Popular instando a tramitación necesaria para a construción dunha nova EDAR. Vótase unha emenda co seguinte texto: A Corporación Municipal esixe ó Ministerio de Medio Ambiente, á Xunta de Galicia e ó Goberno Municipal que de xeito urxente acaden un acordo financeiro que permita licitar xa a nova EDAR de Vigo e que se dea conta na próxima Xerencia de Urbanismo do estado do expediente de expropiación dos terreos. A estes efectos anéxase o documento que ten o Sr. Voceiro do Grupo Popular que supoño xa en coñecemento do resto dos Sres. Voceiros e por tanto dos concelleiros e concelleiras.

Por escrito presentado na sesión, os voceiros dos Grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG, Sr. López Font e Sra. Méndez Piñeiro, formulan a seguinte moción:

Engadir á moción do Grupo Popular un punto máis que diga:

“A Corporación Municipal esixe ó Ministerio de Medio Ambiente, á Xunta de Galicia e ó Goberno Municipal que de xeito urxente acaden un acordo de financiamento que permita licitar xa a nova EDAR de Vigo.

Que se dea conta na próxima Xerencia Municipal de Urbanismo do estado do expediente de expropiacións dos terreos.”

A presidencia somete a votación a parte resolutive da moción xuntamente coa emenda formulada polos voceiros dos Grupos do PSdeG-PSOE e BNG.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Que o Concello faga a tramitación necesaria para cumprir os seus compromisos para a construción da nova EDAR de Vigo.

Segundo.- Que o Alcalde de Vigo inste ao Ministerio de Medio Ambiente a aceptar calquera das dúas propostas que o Goberno da Xunta de Galicia lle presentou e que permitirían licitar e adxudicar as obras da nova depuradora de Vigo de inmediato.

Terceiro.- A Corporación Municipal esixe ó Ministerio de Medio Ambiente, á Xunta de Galicia e ó Goberno Municipal que de xeito urxente acaden un acordo de financiamento que permita licitar xa a nova EDAR de Vigo.

Cuarto.- Que se dea conta na próxima Xerencia Municipal de Urbanismo do estado do expediente de expropiacións dos terreos

De conformidade co manifestado durante o debate, deseguido transcríbense os documentos citados de orde de iniciación do expediente pola Alcaldía-Presidencia con data 7 de outubro, así como Resolución de data 6 de novembro do delegado de Urbanismo de iniciación do expediente de traballos previos ó expediente expropiatorio para adquisición de terreos para a EDAR.

Escrito dirixido ó delegado municipal de Urbanismo pola Alcaldía con data 7 de outubro de 2008:

“No PXOM aprobado definitivamente pola Xunta de Galicia mediante orde de data 16.06.06, consta reserva de solo para a construción dunha nova EDAR.

O Concello de Vigo, en breve prazo, porá a disposición da Administración Autonómica os terreos nos que se localiza o sistema xeral citado. Procede, en consecuencia, iniciar en distintas fases os trámites expropiatorios nos que se materialice tal compromiso para o cal, polo Delegado de Urbanismo, deberá acordarse a oportuna incoación de expediente no que se designará ós funcionarios responsables dese cometido que serán propostos polo secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo”.

Resolución do delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 7 de novembro de 2008:

“O 07.10.08 o Sr. Alcalde do Concello de Vigo dirixiu dilixencia á Secretaría deste organismo autónomo instando o inicio do expediente expropiatorio dos terreos

para a situación da nova EDAR.

En data 24.10.08 o secretario da XMU, pese a que non se trata dunha expropiación propiamente urbanística, propón que os traballos referentes á tramitación do expediente de expropiación sexan encomendados á Área de Planeamento e Xestión, ós Servizos Técnicos e á propia Secretaría da Xerencia Municipal de Urbanismo. Así mesmo, dada a necesaria presenza de persoal cunha especialización de carácter económico, considérase de interese que se curse invitación ó vocal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo.

Por todo isto, á vista das facultades delegadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 16.07.08, RESÓLVASE o seguinte:

- 1.- Iniciar os traballos previos á incoación de expediente expropiatorio dos terreos previstos no Plan Xeral de Ordenación Municipal para a situación da nova EDAR.
- 2.- Comunicar a presente resolución ás Áreas de Servizos Técnicos, Planeamento e Xestión e ó vocal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo.
- 3.- Unha vez realizada unha valoración do importe das expropiacións a realizar, remítase expediente ó Concello para que proceda á correspondente habilitación orzamentaria e certifiquen a existencia de crédito.
- 4.- Remitir a presente resolución ós Servizos Centrais da XMU para que procedan a subsanar as deficiencias de persoal administrativo da oficina de Planeamento e Xestión."

CUESTIÓN DE ORDE

A PRESIDENCIA: O Sr. López-Chaves quería facer unha cuestión de orde relativa á súa última intervención. As cuestións de orde tamén as pode facer o Presidente como vostede sen dúbida sabe porque ás veces precipita tanto a súa opinión que contradí a súa sapiencia xurídica.

Sr. López-Chaves, se nós chegamos admitir o que vostede pretendía antes que era que se votaran as emendas ás mocións antes das mesmas mocións, o que pasaría é que todas as mocións que vostedes presentaran e que nós emendáramos, como temos maioría serían as que se votarían e non as súas mocións. O que acabo de facer anteriormente é unha salvagarda para o grupo minoritario, non é obrigar ó grupo minoritario a que se voten as emendas que se poidan presentar.

En hábitos parlamentarios que vostede debe coñecer as emendas se votan se o grupo proponente acepta a tramitación, senón non se votan.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Non é así no Parlamento. No Parlamento de Galicia unha emenda aceptada polo grupo foi retirada logo de ter sido aceptada. En segundo lugar isto non é o Parlamento que é o Concello de Vigo que ten un regulamento orgánico municipal do ano 88 que é o vixente e que no artigo 27 di a orde das votacións. Pedinlle que lese o artigo, que o lese a secretaria ou que pedise informe. Non se cumpriu ese artigo 27, vostede saberá por que non o quere cumprir pero as normas son de obrigado cumprimento para todos.

O Regulamento orgánico municipal está vixente e se algún concelleiro pide a execución dese regulamento vostede, como garante da legalidade e de cumprimento do regulamento, debería garantir o seu cumprimento. Non o fixo, agora non busque excusas porque o artigo está claro. Haber pedido informe á Asesoría Xurídica que a ten á súa dereita ou haber lido ese artigo. Non veña agora con excusas de que é o mellor para nós, o mellor sempre é cumprir a Lei e para iso se aproban os regulamentos.

A PRESIDENCIA: Acepto a súa proposta. Encargo un informe sobre o vixente regulamento deste Concello á Secretaria e aplicarémolo tal como diga ese informe. Por certo, adiántolle que teño nas mans o informe que pedimos sobre a capacidade do Concello de interpretar as propiedades e o patrimonio da Xunta de Galicia en termos da nosa decisión e verá coma esta Presidencia tamén tiña razón nesa cuestión no pasado Pleno. Imos repartilo.

A partir de agora e seguindo a súa proposta, encargo xa á Secretaria do Concello que o analice e, se a Secretaria infire dese regulamento que se voten as emendas, a partir de agora votarémolas todas.

27.- (191).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A PRESENTACIÓN DUN PROXECTO DE BANDA OU ORQUESTRA SINFÓNICA DE VIGO. DOC. 90106009.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo,

S.Ordinaria 28.09.09

número 90106009, a concelleira do Grupo do Partido Popular, Sra. Larriba Leire, formula a seguinte moción:

“O grupo municipal do Partido Popular apoia toda iniciativa en favor da creación dunha agrupación musical que mostre a calidade dos músicos de Vigo, a poña en valor de cara á cidadanía e sirva de plataforma para a súa promoción profesional no exterior.

Coa presentación desta moción, ademais de trasladar ao Pleno o noso parecer en relación ao proxecto de Banda Sinfónica de Vigo, facémonos eco do descontento de colectivos do ámbito musical de Vigo.

Consideramos que todos os esforzos que se realicen desde o Concello neste sentido, deben estar á altura da seriedade do traballo dos nosos músicos.

Preocupados pola falta de criterios responsables e de xestión seria deste proxecto que promove o goberno, que entendemos debера ser de futuro, instamos ao goberno municipal a non delegalo nin desatendolo.

Xa que logo, propoñemos para a súa aprobación no Pleno da Corporación:

- Que o goberno presente un proxecto de Banda ou Orquestra Sinfónica de Vigo no que se especifiquen os seus fins e as bases para a selección dos instrumentistas que a conforman, o profesorado que imparta os cursos de formación, e o director que leve a batuta dos concertos.
- Que a selección de instrumentistas implique a todos os músicos de Vigo, mediante un tribunal imparcial designado polo Concello.
- Que inclúa un programa pedagóxico específico para os instrumentistas por niveis de corda, que ofrezca aos seleccionados un curso extraordinario de formación musical; con indicación dos obxectivos xerais que se perseguen tanto a nivel de contidos, como metodolóxico e avaliativo.
- Que se realice unha convocatoria pública para a selección do director convidado.”

A Comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, na súa sesión do 20 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

A concelleira Sra. Larriba Leira procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Coido que esta moción que presentan dende o Partido Popular ven ó fío do concerto que, con motivo da homenaxe a don Reveriano

Soutullo, se fixo nesta cidade. A selección para esta homenaxe que partiu dos directores das bandas, fíxose pola súa propia decisión, eles seleccionaron ós mellores músicos, homes e mulleres, para posteriormente proceder a ese curso de promoción e tamén a selección do director invitado que a todos os que tivemos ocasión de estar nese concerto realizado na Escola Superior de Música puidemos gozar.

Dende ó Goberno imos apoiar todas as iniciativas que nos presenten as bandas como vimos facendo ata agora. Coido que temos unha riqueza na nosa cidade, vémolos todos os días cando imos a actos e a nosa obriga é poñelas en valor.

O que vexo na moción, con certa sutileza, é que se cree unha nova agrupación musical ou o descontento do colectivo do ámbito musical, que estes esforzos deben estar á altura da seriedade... Unha serie de cuestións que me da a impresión que o que quere o Partido Popular é dalgún xeito rebaixar o éxito que está a ter esta iniciativa que a máis acordaron facer unha vez ó ano e que, o mesmo que facemos coas corais, imos seguir facendo con esta banda sinfónica.

Seguramente na súa segunda intervención o aclarará un pouco máis porque os catro puntos que vostede presenta non sei se é un pouco unha mestura do que hai. Se fala dunha banda que sexan empregados públicos, non sei moi ben ó que se refire porque o certo é que se está cumprindo en canto a que as bandas seleccionan ós seus mellores músicos, fan ese curso de promoción para tocar xuntos, fan entre todos a selección do director invitado e polo tanto non sei que achega novo a súa resolución. Como digo se o aclara na súa segunda intervención poderei entrar en máis detalles.

SRA. LARRIBA LEIRA: Estou encantada de aclarar o que sexa preciso aínda que pensei que xa estaba claro na presentación da moción. Entón ímonos remontar para centrar o tema e que quede claro ó que me estou a referir: que Vigo posúa unha formación musical que agrupe ás músicas da cidade é un vello anhelo que está pendente de consolidar.

Como ven sabe seguramente, Vigo tivo unha orquestra sinfónica ata a guerra civil, tivo unha gran banda municipal posta en marcha en 1907 que foi refundada da man de Reveriano Soutullo no 1912 e mantívose durante 76 anos ata desaparecer en 1988, precisamente por se entender que era moi onerosa para as arcas municipais. Este non é o debate, non tente meterme por aí porque nós estamos a falar do proxecto de banda sinfónica que vostedes presentaron.

Como digo a banda municipal desapareceu pero moitas son as voces na cidade que a

reclaman. Por poñer un exemplo moi significativo a Fundación Vigueses Distinguidos ó pouco de se constituír presentou ó Concello unha proposta para revitalizar esta idea de que a cidade tivera unha formación musical que representase ós seus músicos. Ó longo do tempo as dificultades que tivo este tipo de formación para se consolidar fixo que non fose posible.

A pesar disto Vigo posúe unha gran tradición de bandas de música popular que nestes últimos anos experimentou un grande auxe. De feito nove delas están inscritas na Federación Galega de Bandas de Música Populares e Vigo é a segunda cidade de España con máis bandas de música popular, a primeira é Valencia.

O ano pasado vostedes puxeron en marcha este proxecto de creación dunha banda sinfónica que dalgún xeito recuperaba este vello anhelo existente na cidade. Púxose en marcha para unha serie de concertos no marco dun certame: “Música Ñ. Festival de Zarzuela e Pasodobre” que promoveu a recuperación do legado musical de Reveriano Soutullo. Para este certame que supoñemos que terá continuidade este ano, a banda conformouse con 60 músicos seleccionados por un tribunal para ensaiar e traballar conxuntamente en varias sesións, baixo a batuta dun director convidado e aproveitando a estancia na cidade deste director se impartirían clases maxistras de dirección a outros directores de bandas da cidade.

Vostede estame a falar do Festival Ñ de zarzuela pero este ano houbo un festival novo ó que parece ser que se incorporou a programación desta banda sinfónica, é a información coa que se presentou ós medios de comunicación pero eu voulle falar do que o propio xornal do Concello publicou, en concreto a noticia de que o Alcalde acode ó Conservatorio Superior para visitar o ensaio da banda sinfónica de Vigo conformada para ofrecer o concerto do día de Galicia.

No primeiro momento nós pensamos que se substituíra este concerto polo homenaxe a Reveriano Soutullo pero podo estar trabucada e é un festival a maiores do de zarzuela que espero que se vai celebrar no último trimestre do ano. Como dicía este ano incorporou á programación da banda sinfónica este concerto en Castrelos.

Antes de continuar quixera deixar moi claro que o sentido desta moción é totalmente positivo, a nosa intención non é xogar en contra deste proxecto de banda sinfónica que recolle un anhelo de toda a cidadanía. Como apoiamos esta iniciativa e que haxa unha agrupación musical que mostre a calidade dos nosos músicos, dos que se forman en Vigo e serva de plataforma para a súa promoción profesional, deixo tamén claro que estou a falar dunha banda aficionada tal como vostedes a presentan neste

proxecto de banda sinfónica, vostedes non estar a presentar un proxecto dunha banda profesional, os músicos que traballan nestes certames non teñen emolumentos de ningún tipo. Estamos a falar do seu proxecto que é un proxecto de banda sinfónica *amateur*, por suposto formada por profesionais pero non é unha banda profesional.

Como se está a seleccionar e vostede fala de seleccionar ós mellores, para o Partido Popular a xestión que se faga deste proxecto ten que estar á altura da seriedade do traballo dos músicos, tanto do profesorado como dos alumnos. Vou empregar unha palabra que adoita usar frecuentemente o Alcalde: excelente, porque para o Partido Popular esta agrupación que vai representar a Vigo debe buscar a excelencia, deben estar os mellores e se imos escoller os mellores músicos para formala o goberno municipal debe dar exemplo e ofrecer a mellor xestión, unha xestión excelente, máxime cando estamos a falar dunha formación que non é profesional, que se fai coa ilusión dos músicos da cidade.

Precisamente que a xestión deste proxecto non é excelente é o que preocupa ó Grupo municipal do Partido Popular e por iso mantemos a presentación e o debate desta moción que se presentou hai xa dous meses. Motívamos a falta de criterios responsables e unha xestión seria deste proxecto de banda sinfónica. Consideramos que esta mala xestión se debe arranxar porque está a xogar en contra do prestixio e da transparencia coa que debera nacer esta banda sinfónica.

Paso a sinalar cales son para nós os erros máis importantes da xestión deste proxecto. Este proxecto que debera ser de futuro, así o entendemos, non está controlado polo Goberno que delegou a súa organización, non pasou por Xunta de Goberno nin se coñece ningún expediente en relación con el. Non se coñecen cales son os fins, nin se aprobaron as bases para a selección dos músicos, nin para a selección do profesorado que supervisa os ensaios, nin do director que levará a batuta nos concertos. Tampouco coñecemos como se vai financiar este proxecto nin con que cantidades. Coñecemos o gasto que supuxo ata o ano pasado o festival de zarzuela e pasodobre, que xa dixen que o PP supón que este ano vai continuar, pero non sabemos o que custou este concerto extraordinario do día de Galicia. O 15 de xullo solicitamos por escrito esta información e aínda hoxe estamos a esperar.

En segundo lugar a formación da banda non é completamente de músicos de Vigo nin da súa área de influencia. Lémbrolles que o carácter da formación non é profesional senón aficionado, debería servir para a promoción profesional dos nosos

músicos, dos veciños de Vigo non dos músicos doutras localidades. O tribunal que fixo a selección mediante probas de atril foi elixido polo propio coordinador do proxecto sistema que espero que estean de acordo comigo en que é a todas luces parcial. Para o Grupo municipal do Partido Popular o tribunal debería ser nomeado polo Concello, suxiro que contando por exemplo cos profesores de diferentes conservatorios públicos de Galicia e ó mellor non de Vigo, de xeito que se poda garantir a súa imparcialidade. Non poden estar os profesores do Conservatorio xulgando ós seus propios alumnos, sería incongruente. Temos cinco conservatorios en Galicia que poderían subministrar persoas para facer esta selección o máis transparente posible.

Non se trata dun proxecto pedagóxico como presentaron nos medios de comunicación; non ofrecen ós alumnos que seleccionan un curso extraordinario de formación musical. Ofréceselles unha experiencia nova pero non un curso, unha especialización nos seus coñecementos musicais. Descoñécense os contidos que se perseguen a nivel de contidos, metodolóxico e avaliador, non existe ningún documento que recolla pormenorizadamente estas cuestións. Non se inclúen ou non se fixeron ata o momento cursos específicos para os instrumentistas da banda, senón ensaios do concerto supervisados por profesores.

Por último non existe unha oferta pública de selección de directores invitados que entre outras cousas servise para a promoción dos moitos e bos novos directores que hai en Galicia. Pola contra nas tres edicións celebradas pola banda sinfónica contouse co mesmo director elixido directamente polo coordinador do proxecto. Esiximos polo tanto transparencia e publicidade.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O da sutileza era ben certo, como fan vostedes os do PP diante dun apoio, dun recoñecemento a ese traballo desta banda sinfónica o que agachan detrás son unhas críticas xa non veladas a un proxecto pero vostedes mesmos recoñecen que por primeira vez dende o ano 88 se volveu recuperar ese anhelo que tiña a veciñanza de Vigo.

Como digo logo dese recoñecemento que fai, Sra. Larriba, veñen as perlas. Neste goberno e con este Alcalde podemos presumir da transparencia en todo, nisto tamén, non veña vostede a sementar dúbidas aquí falando dunha banda de que non hai transparencia ou que non se coñece un expediente. Todo está de forma transparente e ó alcance de calquera de nós e dos cidadáns.

O que facemos é estimular para que haxa esta banda, dende este goberno dáselles unha axuda para que poidan cubrir esas necesidades de organización e para poder gozar dunha magnífica banda como xa lle dixen.

Cando fala de que a nosa é a segunda cidade, quero dicirlle que como cidade somos a primeira, Valencia conta como rexión polo tanto somos a primeira cidade en bandas de música.

Nós nos imos meter en como eles fan a selección, o que vostede propón é unha mestura de oferta pública. Iso sábeno facer vostedes moi ben, mesturar o público e o privado para o seu servizo, nós non. O que facemos é unha axuda a estas bandas para que poidamos gozar delas.

Vostede pregunta canto custou que tocan o día de Galicia pero por outro lado di que son aficionados, non cobran. Pérdome coas súas apreciacións.

Todos os músicos que tocan na banda sinfónica pertencen a algunha das bandas que teñen a súa sede na nosa cidade, non veñen doutras bandas.

Vostede cuestiona todo: a selección do director, a formación... Reitérolle que nós o que facemos é darlle unha axuda a estas bandas para que eles se organicen e poidamos ter esa magnífica banda sinfónica que dende logo que irá mellorando porque recoñecese por todos de que é unha experiencia positiva.

Se vostedes o que queren é poñer trabas para que poidan tocar todos xuntos, se o que queren é que non axudemos a que haxa esta banda sinfónica, díganlo.

Ímoslle votar non a esta moción porque, como vostede ben dicía, estamos a facelo, esta banda sinfónica creouse con este goberno, con este Alcalde, imos seguir axudándoa a que cada vez sexa mellor e non lles imos cuestionar como fan ese traballo porque o deciden entre todos eles.

SRA. LARRIBA LEIRA: En canto á información de que vostede me fala eu non a tiven polos canles oficiais e pedina por escrito, se vostede a ten o lóxico é que a facilite á oposición.

En segundo lugar vostede trata de levarme a un terreo que non é o que eu pretendo. Vou pola segunda réplica e volvo explicalo. Estou a falar do seu proxecto de banda sinfónica, non dun proxecto novo, que eu coñezo dun xeito extra-oficial porque oficialmente xa digo que non teño nada. Non sei que me está a falar de mestura de público ou privado; non estou a falar diso, falo do seu proxecto e o único que quero é que o xestionen ben, con transparencia e a verdade que esperaba que votaran a

favor esta moción porque vai xogar a favor do prestixio da selección, etc.

Con isto vai ser máis transparente e votando en contra penso que queren manter isto nunha situación medio agachada ó control do Concello, non entendo outra cousa porque non estou propoñendo ningún proxecto novo. Estou a falar do seu e de como melloralo por iso insisto en que o sentido da moción é completamente positivo, non sei por que vostede está terxiversando as miñas palabras.

Coa presentación desta moción tampouco quero crear o que vostede deixa translucir de que estou creando conflito; non é certo, para conflitos os que tiveron vostedes o ano pasado entre os socios do bi-goberno, precisamente pola xestión desta banda sinfónica. Non veña aquí botar balóns fóra porque non é a miña intención entrar en ningún conflito sobre a constitución desta banda, senón como facelo ben e denunciar aquí, como é a miña obriga, que cousas entendo que se están a facer mal na xestión do proxecto. Ó Partido Popular non lle move máis que se cree unha formación musical que represente ós músicos da cidade.

Dende o Grupo municipal do partido Popular lamentamos que o Alcalde non estea sendo tan ambicioso coa cultura da cidade como o é con outros aspectos do goberno e para que logo non digan que criticamos e non propoñemos nada vou facer algunha suxestión xa que as que presento na moción non lle parecen boas.

Por que non se é máis ambicioso e por que non se vai máis aló dunha banda, por que non se fala dunha orquestra que inclúa tamén ós músicos de corda, é que non hai bos músicos de corda na cidade? Por que non se aspira a cubrir un baleiro que existe en Galicia onde xa temos unha Orquestra Sinfónica que ten a súa sede en Santiago, unha Real Filharmonía que ten a súa sede en Coruña e, por que non se cobre este baleiro creando unha nova orquestra en Vigo? Así o alcalde podería aspirar tamén a ser fillo predilecto de Vigo como xa o é da Coruña, aínda que como a proposta de nova orquestra non lles gusta porque aparece recollida no programa electoral do PP, ó mellor isto xa non lle parece unha boa proposta. Aínda así pídolles que o consideren.

Por outra banda a orquestra podería realizar non só concertos de tempada como os que están a propoñer, senón que podería funcionar como orquestra residente nos festivais que xa están consolidados en Vigo, como pode ser o Are More.

Para o Grupo municipal do Partido Popular é bastante pouco crible o seu interese pola promoción musical da cidade. Voulle lembrar que os recursos para o programa "Aulas de música nas bandas" non son suficientes, aínda son moitas as solicitudes que

chegan e que non se poden atender. É máis, parece que poden pedir axudas doutras administracións e déixano para o último minuto, algún ano xa as perderon.

Tamén falaban vostedes da promoción musical. Que foi do seu proxecto do Centro de documentación e biblioteca musical de Vigo que propuxeron ó comezo do seu mandato? Isto si que pon en valor o patrimonio musical de Vigo.

Para rematar, supoño que todos son sabedores da afección cada vez maior que hai á música en Vigo, das listas de espera que hai nos conservatorios da cidade e nas escolas de música. De feito a Escola municipal de Música de Vigo, dependente do Concello, só puido admitir ó 15% dos solicitantes, quédase o 85% sen praza. En calquera caso Vigo posúe o mellor alumnado de vento de toda Galicia, un profesorado de elite nos seus conservatorios, un desenvolvemento extraordinario das escolas de música das bandas, polo que se merece unha banda de elite, co distintivo da calidade e do rigor precisos para promocionar ós músicos da cidade e non ensombrecida pola sospeita de falta de transparencia e de mala xestións.

Para o Grupo municipal do Partido Popular esta é unha responsabilidade do Goberno que non debe desatender nin delegar como fixo ata o de agora.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, instando a presentación dun proxecto de Banda ou Orquestra Sinfónica de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Antes de entrar no seguinte punto quero lembrar ós señores e señoras concelleiros que son as 3,23 minutos e quedan cinco mocións o

que significa que temos un debate aproximado de dúas horas e media e que o Pleno vai rematar aproximadamente ás seis da tarde o que non é de recibo para unha institución seria como é o Pleno deste Concello.

28.- (192).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE AUSTERIDADE. DOC. 90106012.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo, número 90106012, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo iglesias, formula a seguinte moción:

“O plan de emprego municipal 2008-2011 aprobado en Xunta de Goberno o 29 de abril de 2008, non está cumprindo cos seus obxectivos xa que non estaba pensado para esta época de crise.

O goberno de Zapatero revisou os orzamentos xerais do Estado para financiar o Plan E e o novo goberno da Xunta acaba de aprobar a reorientación do 11% das súas contas, 1.224 millóns de euros, para aprobar un programa con 40 medidas que vai crear 64.500 postos de traballo.

Pola contra, o alcalde continua illado do principal problema da cidade, coa súa política de maquetas e gasto improdutivo, sen ter en conta que desde que goberna hai 7.500 parados máis, grazas a que levamos tres meses consecutivos creando emprego en Vigo. Sen embargo, a patronal prognostica que a taxa de paro aumentará en 2 ou 3 puntos de aquí a finais de ano.

Por iso o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ó Alcalde de Vigo a poñer en marcha un plan de austeridade que teña como finalidade, diminuír o gasto público non produtivo e destinar máis diñeiro a políticas creadoras de emprego.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

O concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Sr. Fidalgo Iglesias, eu podo estar de acordo coa filosofía da súa moción, no de instar a poñer en marcha plans de austeridade e políticas de creación de emprego porque é o que leva facendo este goberno dende que tomou posesión hai dous anos, pero non estou de acordo en absoluto cos seus antecedentes.

Vostede comeza criticando o plan de emprego municipal e di que non cumpre cos seus obxectivos. Lémbrolle que cando vostedes gobernaban, co presuposto municipal unicamente tiñan seis programas de emprego e nós, a través dos nosos presupostos, temos neste intre doce programas de emprego, en dous anos o dobre do que tiñan vostedes.

Non sei se é unha crítica o que fan ó Sr. Zapatero polo plan E pero se é así quero que me diga que cidade gobernada polo Partido Popular estivo en contra do Plan Zapatero, deses oito mil millóns de euros. Un plan E que nesta cidade acadou 1.400 empregos, esa é a realidade.

Lémbrolle tamén cales foron os contratos de cooperación que tiñan vostedes coa Xunta e os que tivemos nós ata que presidiu a Xunta o Sr. Touriño; os contratos de seu eran de tres, catro, seis meses por valor dun millón de euros; os que conseguiu este goberno son de case dous millóns de euros por doce meses, en total 500 contratos. Esa é a creación de emprego que estamos a realizar directamente a través de diversos plans de emprego.

Logo volve falar de que o goberno da Xunta aproba a reorientación dun 11% das súas contas. Vostede chámalle reorientación e di que é para crear 64.500 postos de traballo. Non sei onde están estes postos, non sei onde está este programa de 40 medidas pero si sei onde foi esa reorientación do gasto: a que os rapaces e rapazas agora teñan que pagar polos libros de texto cousa que antes non pasaba. Esa foi a reorientación do seu gasto.

Logo comeza como sempre coa crítica ó Alcalde, a política de maqueta, palabra que xa saíu aquí máis dunha vez. Sr. Fidalgo, a humanización do ámbito Sevilla é unha maqueta? A humanización da rúa Valencia, de Illas Baleares, de Illas Canarias, de Faustino Alvarez, Zaragoza, Urzáiz, Venezuela, Simón Bolívar, Sanjurjo Badía, Xesús Fernández, Portela, Badajoz, Antela Conde, Andalucía, Palencia, Sagunto Toledo, Avenida Balaídos, Val Miñor, Alcalde Portanet, Marín, Estrada, Baiona, Redondela, Torrecedeira, rúa Coruña... son maquetas? O túnel do AVE é unha maqueta?

Vexo as tuneladoras pero o que non vexo son os ascensores que dicía a Sra. Porro

que iamos ter que poñer porque dicía que iso non era viable, que iamos ter que subir ó tren nun ascensor porque non podía entrar o AVE soterrado.

O que se está a reformar no aeroporto tamén é unha maqueta? O auditorio tamén? Eu paso por alí e vexo o edificio, vexo os guindastres pero se cadra son alucinacións, como temos toda a cidade chea de plantas que son tóxicas ó mellor o auditorio non existe e todo son imaxinacións xeneralizadas.

Por todo iso non podo estar de acordo cos seus argumentos e boto de menos na petición final que non inste tamén á Deputación a que faga un plan de austeridade e que cree emprego na cidade de Vigo. Aínda estou a esperar polos investimentos da Deputación. Tamén boto de menos na súa moción instar á súa Xunta de Galicia a que manteña os programas de emprego desta cidade.

Xa lle digo que estou de acordo con esa filosofía de que estamos nunha situación de crise e que temos que defender o emprego, pero tamén hai que defender máis cousas. Por iso o que lle propono é unha emenda que diría o seguinte: Instar ó Alcalde a elaborar un orzamento que contemple a diminución de impostos do xeito que xa se está a facer e que manteña un esforzo en gasto en infraestruturas para crear emprego en política social e en política de fomento da actividade económica.

Con isto mantemos a súa filosofía e analizamos cal é realmente o obxectivo deste goberno. Por suposto política de emprego pero tamén política social nun momento de crise.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Todo o mundo sabe que a oposición ten dúas obrigas; unha é a de controlar ó goberno e outra é a de dar alternativas. Consideramos que esta moción é oportuna e conveniente.

Oportuna porque é o momento, vostedes están a elaborar os orzamentos do ano que ven e quizais sexan os últimos porque coidamos que non vai haber moitos anos máis de desgoberno do bipartito, un goberno que vai pasar á historia pola súa nefasta xestión, por confundir as prioridades da xente e por malgastar os cartos de todos os cidadáns.

Tamén dicimos que é unha moción conveniente porque estamos a atravesar unha forte crise, aquela que vostedes negaron. Habería que lembrar agora o debate entre o exministro Solbes e Pizarro, mentres vostedes acusaban ó Partido Popular de seren antipatrióticos por dicir a verdade ós cidadáns.

É conveniente lembrarllas a vostedes o que é a austeridade porque non a practican.

Austeridade é eliminar o malgasto, apertarse o cinto, sinxelamente é non gastar no accesorio, é o que supoño que facemos todas as familias, supoño que vostedes tamén na súa casa, todas as empresas, pequenas e medianas, todos os autónomos, os comercios, os hoteleiros, os bares. Austeridade significa sinxelamente respecto polos cidadáns porque estamos a xestionar os cartos que son de seu.

Estamos en crise e o lóxico é que os gobernos saian máis baratos ós cidadáns e non máis caros como ocorre agora co goberno bipartito: dobre goberno, dobre gasto, dobre coche oficial, dobres dedicacións exclusivas, etc. Por iso propoñemos un plan de austeridade e de máximo control do gasto público, todo o contrario o que están a facer vostedes.

Cando gobernou esta cidade o Partido Popular saíu coa cabeza moi alta porque fixo unha magnífica xestión económica, con rigor e con austeridade, reduciuse a débeda nun 60%, rebaixou o 20% os gastos improdutivos. Nestes dous anos o PSOE aumentou un 70% a publicidade e o protocolo. Só co que aforrarían os cidadáns en altos cargos, en asesores, en asistencias técnicas, en publicidade, en propaganda, poderíase utilizar moito diñeiro para empregar naquilo no que non se debe aplicar a austeridade: servizos sociais.

Austeridade non é contratar corenta persoas para unha Xerencia de Urbanismo que está paralizada; non é gastar 30 millóns de pesetas nun vídeo promocional que non se sabe onde está e que foi un corta-pega; non é gastar os cartos en páxinas impares a toda cor dando as gracias pola World Fishing ou anunciando o día de Galicia, o día da lingua ou o que sexa. Iso non é austeridade, sobre todo cando temos 25.000 parados na cidade.

O Sr. Alcalde que proclamaba o pleno emprego e que dicía que ía colgar un cartel na fachada do Concello dicindo “En Vigo pleno emprego” dende que está na Alcaldía aumentou o 40% o paro na cidade. O paro ten nomes e apelidos e son 25.000 historias diferentes.

Cremos que é necesario reducir os gastos e imos dicirlle como: tentando crear emprego co que se aforra do que sobra. Esta é a política que funciona en épocas de crise. Menos impostos e máis emprego, todo o contrario do que fan vostedes: máis impostos e menos emprego.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: De novo volven as contradicións do Partido Popular. Consideran que a moción é oportuna; eu non dixen que non, estamos a elaborar os orzamentos e

por iso a emenda vai nese sentido, que nos orzamentos contemplemos medidas que teñan en conta máis política social e medidas de investimentos que fomenten o emprego. Por iso estou de acordo, nunha situación de crise coma a actual este orzamento ten que ser o mellor posible, máis investimentos e máis política social axudada por esa pequena ou gran rebaixa de impostos, depende como se considere, por suposto. Temos contemplada esa rebaixa de impostos que axude ós cidadáns pero tamén imos manter ese gasto social e imos incrementar as políticas de investimento para xerar emprego porque vostedes saben que o plan Zapatero creou nesta cidade 1.500 empregos. Ese é o obxectivo, que co municipal tamén se creen empregos a través do investimento.

Logo volve meterse unha vez máis co bipartito e que non vai durar. O Sr. Domínguez Olveira sabe que contamos con el. Vostedes dende o primeiro momento falan da bicefalia coa intención de dividir este goberno. Non o conseguiron en dous anos nin o van conseguir nos dous anos que veñen. Seguiremos estando aquí e seguiremos gobernando con eles porque o orzamento será consensuado con eles, este e o do ano que ven e como estaremos aquí catro anos máis os seguintes tamén.

Din que marcharon coa cabeza moi alta porque fixeron unha gran xestión económica. Non se lembra dos nove millóns de euros que deixaron en débedas, esa é a súa gran xestión económica.

Empezan facer unha serie de críticas, de publicidade, que hai que reducir gastos... Aquí nada máis chegar quen gastou dous millóns de euros en facer un despacho foi a Sra. Porro. Iso quedou eliminado, aquí non se gastaron máis euros en crear novos despachos para ninguén. E quen gastou en publicidade en medio ano electoral dous millóns de euros foi a Sra. Porro e quen ten unha acta que di que non se pode facer esa campaña publicitaria é a Sra. Porro a quen lle parou a Xunta Electoral a publicidade propagandística nas eleccións que se estaba facendo dende o Concello cos cartos de todos. Iso está eliminado porque nós non facemos as cousas así. Por iso nós si que temos a cabeza moi alta e si que diminuímos eses gastos.

Fala tamén do persoal de Urbanismo. Nós estamos a favor dun urbanismo transparente, as licenzas téñense que dar en tempo e forma e non cun ano de atraso a quen lle da a gana, esa é a diferenza. Se en Urbanismo se necesitan 35 persoas irán alí pero para facer un urbanismo para todos, non só para algúns. Esa é a diferenza.

Acaba dicindo que a orixe do desemprego en Vigo tena Abel Caballero, Alcalde da

cidade. Síntoo polo Sr. Caballero pero a min isto paréceme que fixo unha analoxía cun Deus castigador que enviou as sete pragas á cidade de Vigo e unha delas o desemprego. A verdade é que non hai por onde coller a súa argumentación.

Sigo insistindo en que nos presentamos esta emenda á súa moción porque o obxectivo é seguir creando emprego na cidade e seguir practicando política social e polo tanto estamos de acordo con esta filosofía de seu que temos que seguir loitando polo emprego, polo investimento e por esas políticas sociais.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Como sempre non din a verdade, queren manipular, confundir e enganar á opinión pública pero non o van conseguir. Recomendaríalle que non frivolice cos 25.000 parados que hai na cidade e non fale das sete pragas. A praga é o Partido Socialista porque cando vostedes gobernan crean parados, son unha fábrica de facer parados, vannos deixar a cidade feita un solar.

Vaia papeleta teñen hoxe vostedes, señores do Partido Socialista. Cando almorzamos onte coa subida de impostos dese goberno mal chamado de progreso, por exemplo El País, que non é sospeitoso de ser afín ó Partido Popular fala de que “As rendas medias cargan co groso da subida de impostos”.

O plan de emprego é un verdadeiro fracaso, nin sequera conseguiu executar o 50% do presuposto do ano pasado. Non é que non teñan cartos que si os teñen, pero non son quen de levar á practica os plans de emprego que deseñan porque aí fai falla traballar e xestionar. Nós en tres anos, de 2004 a 2007, aprobamos un plan de emprego ós corenta días de ter tomado posesión co que se beneficiaron 5.000 persoas.

Vostede falaba do Plan E; pois é unha oportunidade perdida para a cidade porque é un cambio de lousas e ademais cos nosos proxectos pero con moi mal gusto na execución.

Fala do AVE, do auditorio que nós deixamos, fala do aeroporto no que eu só vexo un aparcadoiro. Fala de tantas cousas pero o importante non é o que se di senón o que se fai. Os cidadáns das palabras non se queixan, sofren a política do Partido Socialista pero xa lles queda moi pouco. Esperamos que dentro dun ano e medio volvamos asumir a competencia de gobernar e atoparemos outra vez ó país cun 22% de paro e volveremos deixalo no 11% porque nós sabemos xestionar.

A subida de impostos supón un mísil para as rendas medias así que non sei de que se vanglorian cando temos 14.000 mulleres paradas na cidade, un paro xuvenil de máis

do 25%... Coido que non é para sacar peito.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, instando a posta en marcha dun plan de austeridade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

29.- (193).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO REALIZAR A ACOMETIDA ELÉCTRICA DA ANTIGA REITORAL DE ALCABRE E AUTORIZAR A SÚA UTILIZACIÓN POLA AVV DE ALCABRE. DOC. 90106018.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de setembro, número 90106018, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

“A Deputación Provincial de Pontevedra, nos últimos anos construíu e reformou infraestruturas sociais e veciñais para uso e goce de asociacións de Veciños, como foi o caso do centro de Cabral-Feira e a Antiga Reitoral de Alcabre.

Precisamente e en relación a esta última obra en Alcabre, a Deputación á parte de ter realizado as obras de rehabilitación da antiga reitoral acordadas, fixo a maiores a conexión de abastecemento de augas e saneamento, obras totalmente finalizadas.

Unicamente queda pendente para que os veciños podan gozar das instalacións

obras de acometida eléctrica e a telefónica, obras que por outra parte, foi o Concello de Vigo quen se comprometeu a facelas e despois dun ano non fixo ningunha xestión para levalas a cabo.

O noso grupo considera que xa é hora de que os veciños e veciñas de Alcabre podan gozar do centro, xa que nestes momentos están utilizando un local de aluguer no que non poden facer todas actividades que lles gustaría por falta de espazo.

Por todo o exposto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

- 1.- Realizar a acometida eléctrica e a telefonía da antiga reitoral de Alcabre
- 2.- Autorizar á maior brevidade posible a utilización do centro por parte da A.VV. Alcabre.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do día 20 de xullo de 2009, ditaminou favorablemente a anterior moción.

A concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Vou empezar pola súa última proposta, Sra. Iglesias. Hai que lembrar que hai unha cesión deste Concello por vintecinco anos á Asociación de Veciños Nosa Terra de Alcabre feita no ano 2002, polo tanto é unha cesión segundo consta nas actas e non houbo nada que a variara. Teño aquí a acta onde se fala dos antecedentes e de ceder gratuitamente polo prazo de vintecinco anos. Están xa no seu local.

A Deputación no ano 2005 comprometeuse á rehabilitación da casa reitoral de Alcabre e no documento de adxudicación fálase dun prazo de catro meses. Dende o ano 2005 rematan as obras no ano 2008, o prazo dos catro meses convertéronse en catro anos, unha grande eficacia de cumprimento do que estableceron nos seus propios pregos de condicións. Iso que se fixo por trámite de urxencia e dese xeito que alí saben facer ben.

Chegamos ó ano 2008 e a Asociación de Veciños Nosa Terra atópase con que o edificio está rematado e a Deputación entrégalles as chaves. No Concello non sabemos nada de nada pero a Sra. Porro vai alí a entregar as chaves, sabendo ou ó

mellor ignorando que faltaba o abastecemento de auga e a conexión da luz, faltaba todo menos a porta para poder entregarlles as chaves. De forma descarada a candidata do Partido Popular entrégalles as chaves, non é cousa nosa, o local está xa cedido. Que clase de rehabilitación e de entrega se fai cando faltan todos os servizos básicos?

Agora resulta que ven vostede, non sei se como concelleira desta Corporación, se como Deputación porque sei que en actos fala tamén como da Deputación, non sei moi ben a título de que nos ven esixir ó Concello que poñamos o que vostedes deixaron de facer. Cando nos entreguen ese edificio ó Concello poderemos falar diso. Nós tivemos numerosas xuntanzas coa Asociación de Veciños de Alcabre, algunha delas no meu despacho neste Concello con máis de vinte persoas. Ó longo deste ano houbo moitísimas e todas con dúbidas moi claras do que pasaba co seu local. Pódolle dicir, Sr. Iglesias, que tanto por escrito como por teléfono este concelleiro pediulle reiteradamente durante todo o ano 2008 xuntanzas á Deputación para falar da casa reitoral de Alcabre. A resposta foi a calada, non contestaron.

Si sei que vostede falando no nome da Deputación, non sei se como técnica ou se agora xa é vicepresidenta, si falaba con funcionarios da miña concellería porque así mo transmitían pero nunca para ter unha xuntanza nin para aclarar os termos de como se podía facer para que a asociación puidera dispoñer do local canto antes e nas mellores condicións que é o que todos queremos. Aínda a día de hoxe temos a calada por resposta.

Paréceme un atrevemento o que vostede ven presentar aquí e ademais lle digo que é falso que non fixésemos ningunha xestión este ano para resolver este tema porque ademais e respectando eses acordos, vénselle aboando regularmente á asociación de Alcabre o aluguer dun local do que fan uso e que nós entendemos que non é suficiente para todas as actividades. Se poden ocupar o seu local xa totalmente rehabilitado eses cartos poderemos destinalos a outras actividades a favor da veciñanza.

Reitérolle que tivemos xuntanzas coa asociación de veciños e tiñan tremendas dúbidas. Solicitámoslle entrevistas con vostedes para aclarar os termos da cesión para entregar ó Concello e poder saber en que condicións era a entrega.

SR. IGLESIAS BUENO: Coido que vostede quere xustificar o inxustificable. Non hai xeito de xustificar a súa inoperancia, a súa desidia, o seu pouco traballo, a súa falta

de rigor porque sei cantas xuntanzas tivo vostede cos veciños, sei que dixó que íamos ter unha xuntanza a catro bandas que non tivemos. Aclárolle que falo como concelleira de Vigo, fun na lista do Partido Popular, pero tampouco podo esquecer que falo tamén como técnica da Deputación de Pontevedra e coñezo ben o expediente, coñezo os pasos que se deron e non veño aquí falar só de cabeza, veño cos papeis.

Se vostede non se decatou do que pasou en todo este tempo é cousa súa pero podo dicirlle que do 17 de novembro de 2008 hai unha acta de recepción das obras e reformado da segunda fase de rehabilitación da casa reitoral de Alcabre. Está asinada polo arquitecto municipal, polo arquitecto provincial e por un representante da empresa construtora e onde se di que a obra rematouse e que está en condicións de ser recibida pola propiedade que é o Concello de Vigo.

O 26 de maio de 2009 asínase unha acta de entrega da obra de rehabilitación da antiga reitoral de Alcabre e a súa urbanización co compromiso cumprido de ter realizado a conexión de abastecemento de augas e saneamento. Tamén asinado polos arquitectos municipal e provincial e polo vicepresidente da Deputación, documento que o Alcalde de Vigo non quixo asinar pero do que sabe a súa existencia. Se o Alcalde non o sabe é que o seu gabinete non funciona porque llo din en man ó seu xefe de gabinete e el mesmo, telefonicamente, confirmoume que o Alcalde de Vigo non quería asinar a acta porque a obra non estaba rematada.

Claro que non está rematada, Sr. Alcalde, porque parte do compromiso non o cumpriu o Concello de Vigo, a Deputación cumpriu coa súa parte e o Concello que tiña que facer a acometida eléctrica e a telefónica non a fixo. Aquí hai un documento que así o certifica de data 14 de agosto de 2008, documento que me custou atopar porque teño que dicir que os funcionarios de Urbanismo, que sei que traballan moi ben, téñenos atemorizados se nos dan información. Ó final puiden conseguilo.

Neste documento un arquitecto municipal fai un informe e remíteo á concellería de Participación Cidadá o día 14 de agosto de 2008 onde di que a Deputación vai contratar as obras de auga e saneamento, como así fixo, e o Concello ten que contratar a conexión de electricidade e xa achegan os presupostos de Fenosa daquel intre, e pide que se traslade a telefonía ó departamento de Informática. A día de hoxe nós non temos ningunha constancia de que esas dúas xestións se fixeran.

É dicir, a Deputación cumpriu co seu compromiso de case 600.000 euros e o Concello cero euros.

S.Ordinaria 28.09.09

Coido que precisamente estes tres documentos non lle dan a razón e pedímoslle que cumpra co compromiso deste Concello, que traballen. Eu pensei que non traballaba en Participación Cidadá porque estaba máis centrado no tema do emprego pero agora xa vexo que nin unha cousa nin a outra.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O que quitei en claro son as perlas de inoperancia, desidia, rigor, falta de traballo. Mentira, vostede lee o documento asinado polo arquitecto municipal, a Deputación de Pontevedra e a empresa adxudicataria e esquecéuselle dicir unha cousa. Di que “se atopa en condicións para ser recibida pola propiedade” pero esquece un parágrafo: “...aínda non se executaron as conexións ós servizos urbanísticos, abastecemento, saneamento, electricidade..., que deberán ser obxecto de contratación independente coas empresas subministradoras polo que o equipamento non poderá entrar en funcionamento ata o momento no que se executen”.

Sen embargo vostedes xa lle entregaran as chaves en xuño, o de vostedes é dunha gravidade absoluta, dun descaro impresionante, Sra. Iglesias, aínda por riba dime que aquí fala como técnica da Deputación, toma parte e arte e a aforrar cartos á Deputación, isto verdadeiramente é un escándalo.

Repítolle que o teño por escrito e están as chamadas pedíndolles unha xuntanza. É absolutamente mentira que estea pendente a xuntanza a catro bandas porque vostedes nunca se quixeron xuntar connosco, Sra. Iglesias, non viñeron ó Concello a falar con nós, co Goberno porque aquí gobernamos nós, non os técnicos ós que lles temos moito respecto pero somos nós quen decidimos onde gastar os cartos, non os técnicos e neste caso os técnicos municipais están a facelo moi ben como en todo, son grandes profesionais que temos a sorte de ter neste Concello.

Vostede roza a temeridade. O que vostedes o que querían era que a Sra. Porro se fose facer alí unha foto entregando as chaves, repito que sen abastecemento, sen saneamento, sen luz, sen teléfono, iso si, con porta.

Sexa un pouquiño máis seria para virnos esixir aquí como técnica da Deputación que gastemos os cartos dos nosos cidadáns nunha obra que tiñan que deixar vostedes rematada. Onde se viu semellante escándalo? Cando se puxeron vostedes en contacto co concelleiro delegado ou co Alcalde para ver como estaba a situación da reitoral de Alcobre para lla entregar ós veciños? Só lles preocupou ir sacar a foto, como a que sae hoxe do Porto no Faro de Vigo, niso son auténticos mestres.

Sra. Iglesias, nós facemos as cousas con total transparencia, sábeno os veciños. Saben porque mo preguntaron que na cesión eles se teñen que facer cargo de buscar un seguro, de aboar o subministro de consumo de luz e auga, iso vai por conta deles como consta na cesión. Sabémolo porque o buscamos na acta. É máis, cando estaban coa luz de obra a empresa dirixiuse a nós para avisar que ía cortar esa luz de obra e nós temos escritos onde comunicamos á asociación Nosa Terra se se facían cargo deses recibos para que non cortaran a luz. É certo que non se pode estar con luz de obra para consumo de vivenda ou de local porque é para outra cousa.

A nosa impresión é que durante máis dun ano vostedes levan mareando ós veciños de Alcabre e dixéronmo eles, que xa non saben que facer. Amoseilles as cartas asinadas por min pedíndolles unha xuntanza cos responsables da Deputación sobre a reitoral de Alcabre. A día de hoxe aínda non tiveron nin o máis mínimo respecto por eses veciños de darmos unha contestación porque si fose así xuntariámonos e arranxariámolo.

Ímoslle votar non a esta moción porque é a súa obriga, obriga da Deputación entregar o edificio en condicións sen ser usado. Non se pode entrar nun edificio sen saneamento, sen auga, sen luz e sen teléfono. Vostede está aquí e na Deputación, técnica e concelleira e non se decata. Voulle dicir máis: afirmo aquí rotundamente que cando teñamos esa xuntanza o Alcalde non vai deixar tirados ós veciños de Alcabre.

SRA. IGLESIAS BUENO: Mágoa que o concelleiro de Participación Cidadá perdera a oportunidade de demostrar que coñece os temas e os prepara para os Plenos porque hai cousas que ten que facer o Concello, que tiñan que facer vostedes como é a acometida eléctrica e a telefónica e así o din os propios funcionarios de Urbanismo, os arquitectos municipais.

Si, é así. Vostede non se decata. Nós rehabilitamos o edificio, xa está rematada a acometida de saneamento e a da auga, ata fixemos a urbanización que non tiñamos por que pero a fixemos para que quedase ben. Iso xa está. Se non teñen constancia de iso é porque non queren porque hai un arquitecto municipal que asinou a acta de entrega de todas esas obras. Vostede e máis o Alcalde o deberían saber, pero de non seren así é porque non lles interesa.

Fálame dos recibos da luz pero, sabe quen pagou eses recibos? Vostede non porque non se decatou. Pagounos a Deputación de Pontevedra tamén porque o Concello non

os pagaba.

Por iso lle digo que perdeu vostede un oportunidade de ouro para demostrarlles a todos os veciños de Alcabre que está preocupado pola situación desa instalación. Coido que hoxe tiñan unha oportunidade de ouro, tanto vostede como o Alcalde porque coido que o Alcalde se está dedicando a percorrer todas as parroquias todas as finas de semana, porque maximo que estará moi preocupado coa situación das enquisas que non lle deben dar moi ben e entón ten que saír á rúa. Pero é que os veciños non o queren ver a vostede, Sr. Alcalde, queren ver resultados de xestión, están fartos de que vaia polas parroquias.

Están fartos de que vostede vaia prometendo de todo por todas as parroquias e ó final os resultados sexan coma estes de cero xestión. Este non é un problema de cartos, Sr. Alcalde, é de xestión, de que nin vostede, nin o seu concelleiro se preocupan pola Asociación Veciñal de Alcabre nin polas asociacións veciñais de ningún sitio da cidade.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Iglesias Bueno, solicitando se realice a acometida eléctrica da antiga reitoral e autorizar a súa utilización pola A.VV de Alcabre, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

30.- (194).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA Ó FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS POLO MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA. DOC. 90106020.

S.Ordinaria 28.09.09

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo, número 90106020, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

“Estes días estamos asistindo á exposición do financiamento autonómico por parte do Goberno central do PSOE que non deixa en bo lugar a nosa Comunidade Autónoma.

Dende o Partido Popular estamos fondamente preocupados porque a nosa comunidade poida ter peores servizos que o resto de autonomías españolas. Tamén preocupa a situación na que poidan quedar os Concellos no novo mapa de financiamento.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

1.- Instar ó Ministerio de Economía e Facenda a fin de que se faga un reparto do financiamento equitativo de xeito que todas as comunidades autónomas poidan ofrecer ós seus cidadáns os mesmos servizos nas mesmas condicións.

2.- Instar do mesmo modo á Federación Española de Municipios e Provincias a fin de que se aclare a situación na que quedarán os Concellos no mapa de financiamento.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de xullo de 2009, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: No Partido Popular estamos moi preocupados por como se está presentando o tema do financiamento autonómico e polo tanto tamén o financiamento local. Antes falaba do PSOE, de que era menos obreiro e menos español e neste tema vemos iso bastante reflectido.

Xa que temos aberto o exemplar da Constitución, cabe lembrar nestes intres o artigo 2 da Carta Magna que di “A Constitución fundaméntase na indisolubilidade da Nación Española, patria común e indivisible de todos os españois e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas”.

Velaquí que chegou un señor chamado José Luís Rodríguez Zapatero que racha coa solidariedade entre as autonomías do noso país. O Sr. Zapatero preséntanos un proxecto de financiamento autonómico, que polo tanto vai afectar tamén ós

concellos, no que prima a autonomías como Cataluña, Baleares, Madrid e a Comunidade Valencíá e despreza total e absolutamente á nosa Comunidade Galicia. Para o Sr. Zapatero, e o que ó meu xuízo é máis grave, para a Sra. Salgado que ven presumindo de seren galega e militante do Partido Socialista de Galicia, Galicia vale sete veces menos que Cataluña.

O modelo baseado só na poboación é por si inxusto e insolidario e dende o Partido Popular pedimos que se ponderen de forma axeitada as variables de dispersión e avellentamento da poboación e que non se exclúe ós emigrantes que representan o 15% da poboación galega. Non podemos ter en conta ós emigrantes para unhas cousas, como para que exerzan o seu dereito a voto e para que o Sr. Zapatero entre outros se desprace cara Arxentina ou Uruguai para lles pedir o voto nas eleccións xerais ou nas autonómicas e logo non os ter en conta para temas como o que nos ocupa do financiamento.

O Parlamento de Galicia estimou que era necesario acadar un 7,1% dos Fondos Adicionais do borrador de modelo de financiamento autonómico e coa proposta que fixo o Goberno da Nación se estaría só a recibir un 5,4% fronte ó 7,1% pactado na Cámara galega e prometido polo Goberno central. Malia iso a negociación do Presidente da Xunta de Galicia obtivo 64 millóns de euros anuais máis do Fondo de dispersión e vai seguir traballando pola súa mellora.

Por todo iso, e polo que direi na miña intervención, é polo que traemos a este Pleno esta moción pola que pedimos dous puntos.

En primeiro lugar, instar ó Ministerio de Economía e Facenda a fin de que se faga un reparto do financiamento equitativo, de xeito que todas as comunidades autónomas poidan ofrecer ós seus cidadáns os mesmos servizos nas mesmas condicións. Quere iso dici, respectar a Constitución e que se poida falar dunha verdadeira solidariedade entre as comunidades autónomas, non que Cataluña e outras comunidades saian beneficiadas en prexuízo de Galicia.

En segundo lugar instar do mesmo modo á Federación Española de Municipios e Provincias a fin de que aclare a situación na que quedarán os concellos no mapa de financiamento porque nos parece sumamente importante coñecer con este novo mapa de financiamento cal vai ser o resultado para os concellos a partir da súa entrada en vigor.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: O que lle propoño eu ó Sr. Conde Gil é que retire esta moción

por extemporánea porque, como vostede debería ben saber, o pasado 11 de setembro de 2009, hai uns días, o Consello de Ministros aprobou o Proxecto de modificación da Lei orgánica de financiamento autonómico e o proxecto de Lei de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía. Estes proxectos remitíronse xa ás Cortes para a súa tramitación.

Debo lembrar que este proxecto que vostede dalgún xeito está a criticar e non sei moi ben por que se aprobou sen ningún voto en contra en primeira votación no Consello de Política Fiscal e Financeira onde hai membros do Partido Popular.

Eu lembro moi ben esa sesión dese Consello porque lembro que os membros do Partido Popular tiñan directrices de votar en contra, pero ningún votou en contra. Aquilo semellaba unha película de Woody Allen titulada “Colle o diñeiro e corre”. Iso foi o que aconteceu. Negáronse a votar en contra porque precisamente este proxecto de lei recolle o que vostede acaba de dicir. Vostede dixo que querían un proxecto de reforma do financiamento autonómico que recolla non só a poboación, senón outros aspectos coma a dispersión. Pois iso está recollido no proxecto.

Este modelo ten en conta os aumentos de poboación rexistrados dende 1999, ano que se tomou coma base do actual sistema e “rexeráse por criterios de poboación axustada que reflicten mellor as diferenzas no custo da prestación de servizos nas distintas comunidades autónomas”. Con este fin revisáronse os criterios de axuste da poboación outorgando por primeira vez un mellor recoñecemento a factores coma a idade na atención sanitaria -defínense así sete grupos de idade-, o envellecemento, a poboación en idade escolar e dando unha maior ponderación a factores non poboacionais coma a dispersión, a superficie ou a insularidade. Vostede di que está en contra porque non inclúe estes criterios, pero resulta que si os inclúe.

Con este novo modelo o Estado aportará 11.000 millóns de euros ás autonomías. Lémbrolle que o que está a aportar nestes momentos son 7.000, polo tanto haberá 4.000 millóns de euros máis para as autonomías e iso a través de catro fondos: un fondo de garantía, un de suficiencia global, un de cooperación e un de competitividade.

Este sistema, que é o modelo máis equitativo e solidario, ten dous obxectivos fundamentais: que todas as comunidades autónomas poidan contar con máis recursos e que todos os cidadáns teñan garantida a igualdade no financiamento dos servizos públicos fundamentais, sexa cal sexa a comunidade autónoma na que residan.

O que vostede puña en dúbida está xa recollido por iso que non entendo moi ben a que ven esa crítica ó modelo de financiamento autonómico cando o que vostede propón está recollido xa nese proxecto e cando ningún membro do Partido Popular votou en contra no Consello de Política Fiscal e Financeira.

En canto á segunda parte que é instar á Federación Española de Municipio eu tamén lle lembro que esta Federación non é un organismo etéreo, senón que nela están todos os municipios, mesmo os do Partido Popular. Entón eu me preguntei en primeiro lugar por que nos preguntan a nós, á cidade de Vigo que é o que está a facer a Federación Española de Municipios cando alí hai membros do Partido Popular. Pero xa sei que a resposta é que dende hai un ano o Partido Popular non vai ás reunións da Executiva da Federación de Municipios. O Partido Popular abandonou a Federación e quen está defendendo ás cidades é precisamente o Partido Socialista que é quen está na Federación porque vostedes a deixaron de lado.

Por iso eu non entendo moi ben a que ven esta moción e propoño que retire a primeira parte. A segunda dende logo non ten ningún sentido porque se nos preguntan a nós que é o que fan vostedes, teranse que responder a si mesmos, teñen que pedir explicacións ó seu propio partido de por que non están defendendo na Federación un financiamento local.

Lémbrolle que xa está anunciado para o 15 de outubro a aprobación en Consello de Ministros dun fondo para os concellos de 5.000 millóns de euros máis dos que xa tiñamos.

Polo tanto está aclarado xa o tema do financiamento autonómico e tamén o do financiamento local.

SRA. VELOSO RÍOS: Dende o BNG tamén queremos facer unha intervención de grupo porque nos gustaría situar esta proposta no seu contexto.

Os modelos de financiamento autonómico e local actualmente vixentes aprobáronse polo goberno do Partido Popular con maioría absoluta do Presidente Aznar. Digo isto para que lle quede claro a todo o mundo, para que sigamos entendendo que agora se queren introducir elementos que non se introduciron daquela, igual que se está a criticar unha modificación que, como ben explicaba xa a Concelleira Sra. Díaz, tamén se votou polo Partido Popular.

Fronte este modelo do Partido Popular, que é o que temos agora mesmo en Vigo, o BNG propón un modelo propio para Galicia porque para cubrir o noso gasto, para

asegurar o máximo benestar ós galegos e galegas, non nos vale o modelo actual nin tampouco o de outros; nin o modelo catalán, nin o de Asturias ou Extremadura. Xa se falou de que en Galicia temos características da poboación como o envellecemento, a emigración, a dispersión da poboación que precisan poñer enriba da mesa que o noso modelo de financiamento sexa o que realmente determine un modelo positivo, non un modelo en contra de outros. No BNG non facemos enfrontamentos entre o modelo que necesitamos para Galicia co de outras comunidades autónomas.

Os datos oficiais demostran que Galicia pode conseguir un acordo de financiamento que cubra os nosos gastos e necesidades cos nosos propios recursos. Por exemplo se analizamos os datos do 2006 que se publicaron en 2008 vemos que o Estado recada en Galicia en concepto de impostos soportados polos galegos e galegas un total de 11.625 millóns de euros. Do recadado en Galicia o Estado devólvenos polos tributos e polo Fondo de suficiencia, iso que chaman solidariedade, 7.658,5 millóns de euros.

Estes son os datos que fixeron que o anterior Conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia recoñecese tamén, logo de anos defendendo esta realidade por parte do BNG, que Galicia é autosuficiente porque xera e entrega ó Estado recursos de abondo para cubrir os nosos gastos se conseguíssemos que o Goberno español nos devolvese arredor do 80% dos impostos estatais soportados polos galegos e galegas. Dese xeito cubriríamos as nosas necesidades de gasto e non precisaríamos esmolas porque nós o que pedimos para Galicia non é esmola, é sinxelamente o que nos corresponde.

Coidamos ademais que non é positivo falar do financiamento autonómico coma unha guerra entre pobres e ricos, ese non é o debate. Non se trata de que haxa comunidades autónomas máis ricas e outras máis pobres, o problema do financiamento ten outra causa. O Estado español ten descentralizado o gasto, sobre todo nas comunidades autónomas, pero ten centralizados en Madrid os ingresos e non me refiro a Madrid como cidade ou comunidade autónoma, senón como capital do Estado.

A comunidade autónoma tense que encargarse do gasto de servizos sociais, en dependencia, en educación, en sanidade, en desenvolvemento económico, ademais de poder asumir novas competencias cos recursos financeiros correspondentes. Polo tanto o debate non é entre comunidades pobres ou ricas, senón entre as comunidades e o Estado e coidamos que é un erro facer fronteiras cuns para iren contra outros. Nós pensamos en Galicia e dende Galicia, non en utilizar a cuestión do

financiamento de Galicia coma comunidade autónoma para unha batalla a nivel estatal na que o que se pide para Galicia depende do que se estea pedindo ó mesmo tempo para outras comunidades autónomas e en que comunidades autónomas se governe ou se estea na oposición.

En realidade Galicia o que precisaría sería un estatuto que lle permitise negociar de xeito bilateral co goberno, como puido facer agora Cataluña por exemplo. Pero xa nos demostran constantemente que poden dicir si e non ó mesmo tempo ou nun breve lapso de tempo segundo lles convén. En Extremadura o Partido Popular elabora un estatuto que contén artigos idénticos a artigos que teñen recorridos no Tribunal Constitucional no Estatuto de Cataluña porque para unha comunidade autónoma valen e para outra non valen, segundo gobernen ou non. Xa nos teñen afeitados tamén neste Pleno a que o BNG está sometido ó Alcalde e á media hora o BNG é quen determina as políticas do Partido Socialista, segundo sexa o que convén polo contido da moción que estean presentando.

Sigan vostedes neste contexto, presentando estas moción, falándonos do prezo das “chuches” que parece que ultimamente lles preocupa moito a vostedes e ó propio Sr. Rajoy, o seu líder, ata ós concelleiros que temos enfronte que se preocupan de se lles poden comprar ou non chupa chups ós seus fillos. Será que eu teño moita sorte que o meu fillo prefira as mandarinas ás chuches e aforro unha morea de cartos en dentistas.

SR. CONDE GIL: Paréceme unha frivolidade fóra de toda orde o que acaba de dicir. Que frivolicen aquí vostedes, que están apoiando un goberno en Madrid, con máis de catro millóns de parados, que lle están subindo os impostos a todo o mundo, ó máis pobre e ó máis rico, que veñan a frivolizar aquí con que se pode ou non comprar unha chuche, a verdade é que é para apagar e írmonos.

Vou empezar por contestar á Sra. Díaz sobre o extemporáneo. Esta moción pode ser extemporánea, non llo vou negar, pero de seren así a responsabilidade é dese goberno municipal e da súa presidencia porque carecendo de cobertura legal e regulamentaria toma ó seu libre albedrío meter unhas determinadas mocións nun Pleno ou non as meter. Aquí estamos moi preocupados polo tema das horas, de se un Pleno dura ata as seis ou se dura un ou dous días cando hai outros concellos importantes neste País, como pode ser por exemplo o de Málaga, onde teñen sesións de mañá, de tarde e de faceren falta ó día seguinte. Se fai falla vimos ás 7 da mañá,

empezamos o Pleno antes, rematámolo antes e que as mocións se discutan cando se teñen que discutir. Non temos regulamento pola irresponsabilidade do goberno, nin máis nin menos, porque no seu día a Sra. Méndez, o Sr. López Font e mesmo eu chegamos ó acordo de que o goberno nos ía presentar un proxecto e en setenta e dúas horas nós contestaríamos. Se non lembro mal e que me corrixa o Sr. López Font, estamos falando do 19 de xullo. Xa choveu.

De todos os xeitos, aínda que lle poida parecer extemporánea vostede mesma recoñece que a modificación da Lei de financiamento autonómico está en trámite parlamentario polo que non é tan extemporánea, aínda se poden introducir moitas melloras e o Pleno do Concello de Vigo está perfectamente capacitado para reclamar do propio Ministerio ou dos grupos parlamentarios que introduzan esas melloras. Por iso non pasa nada, xa que vostedes son tan dados a modificar as leis cando lles dá a real gana, como pasa co tema das multas como lles dicía antes, pois neste caso tamén o podemos facer.

Falou tamén do tema de instar á Federación Española de Municipios e Provincias. Eu non sei se a entendín ben pero, que ven dicir? Que a Federación Española de Municipios e Provincias non vale para nada? Porque iso me pareceu das súas palabras porque dixo que non tiña que opinar neste tema, que lle dá igual a opinión da Federación Española de Municipios e Provincias.

Outra cousa é que o Partido Popular fose gravemente insultado polo Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias e poida acudir ou non ás reunións, ese é un tema completamente independente do que de todos os xeitos aínda non pediu desculpas. Se o Presidente da Federación Española fose quen se dicía que ía ser, igual non estaría pedindo explicacións neste Pleno pero como non o foi así nos atopamos.

O Partido Popular pode opinar porque está en tramitación, porque efectivamente se votou no Consello de Política Financeira e neste caso Galicia se abstivo nun xesto de responsabilidade coa cidadanía porque estabamos ante un modelo de financiamento coxo, desasistido, insolidario e antisocial e que ven sendo cotiá no Partido Socialista e non nos temos que ir Madrid porque xa o vemos neste Concello: total e absolutamente improvisado. Vostedes por manter o goberno de Cataluña con Esquerra Republicana de Cataluña fan o que sexa e bótanse en brazos de Cataluña como se poderían botar nos brazos doutro de lles facer falta. Iso chámase insolidariedade, Sra. Díaz e Sra. Veloso, non sei como o queren chamar vostedes ó

feito de que Cataluña perciba sete veces máis que Galicia.

Se lles parece satisfactorio díganllo á xente porque dende logo non semella o máis correcto e a Xunta de Galicia, neste caso representada polo Partido Popular, abstívose precisamente para poder seguir negociando e ter unha marxe de manobra porque vostedes primeiro votan unha cousa no Parlamento de Galicia, logo van por libre e D. Guillerme Vázquez descólgase dicindo que fai falla un 7,8% cando non son quen nin de apoiar ó Presidente da Xunta que está a defender o acordo parlamentario do 7,1. Nin vostedes mesmos se aclaran.

Coido que se equivocou, paréceme que se debía estar referindo ó Estatuto de Autonomía de Andalucía, non de Extremadura. Pero dá exactamente igual a equivocación. Estamos en Galicia, houbo unhas eleccións autonómicas e comezaremos facer as cousas polos cimentos e non polo tellado.

Eu non vou en absoluto modificar nin retirar a moción que presentamos neste Pleno. Sigo insistindo que aínda se pode corrixir, Galicia ten que saír máis beneficiada, non estou de acordo en que no documento do que falou vostede se recollan todas as circunstancias da dispersión, do avellentamento da poboación e dos emigrantes; non é certo, o documento é moi mellorable. Galicia necesita este financiamento como se merece, nin máis nin menos.

Dicía Ulpiano que a xustiza é a facultade de dar a cada quen o seu, pois iso, Galicia necesita o seu, non o que queira o Sr. Zapatero.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Sr. Conde, cando eu falaba de extemporáneo sabía moi ben a quen me refería. Eu non falo do sistema de distribución das mocións, de se chegan antes ou despois. A moción presentouna vostede o día 15 de xullo que entrou no Rexistro do Concello e o Consello de Política Fiscal que aprobou o proxecto de financiamento foi o 15 de xullo Sr. Conde, vostede presenta unha moción en contra, digamos, deste sistema de financiamento cando vostedes, os do seu partido, estaban admitindo no Consello de Política Social e Financeira este proxecto e polo tanto eu sabía moi ben o que dicía.

Por iso antes falaba de que tampouco se decatou moi ben do que lle dicía o Concelleiro de Valladolid porque vostedes mesmos o 15 de xullo en Madrid estaban dicindo que si a este proxecto de orzamento e en Vigo dicían que non. Non houbo ningún voto en contra.

Dixo que está moi preocupado polo financiamento. Por suposto estamos todos

preocupados polo financiamento da comunidade autónoma, pero sobre todo polo do Concello de Vigo. E sobre isto eu quéro lle facer a seguinte pregunta: de que xeito, na medida en que a nosa comunidade agora verá incrementados os seus ingresos vía Estado, vai destinar a Xunta a maior parte deste financiamento ás entidades locais? Porque lembro que moitas das competencias que estamos realizando os concellos son da Xunta que nos está a ingresar unha cantidade en concepto de participación nos ingresos da comunidade autónoma; quero ver o mecanismo a través do cal o Concello de Vigo vaise ver beneficiado deste maior financiamento autonómico. Pasamos de 7.000 a 11.000 millóns de euros, quero ver en que medida se vai resarcir agora ó Concello de Vigo e vaille tocar máis financiamento.

Volveu novamente coas críticas polo do Regulamento. Decía moi ben que o actual Regulamento é de hai vinte anos; pasaron moitos por aquí que puideron cambiar ese Regulamento, vostedes mesmos estiveron tres anos e medio. De houber tanta presa puideron vostedes cambialo en tres anos e medio. Dende logo saben que teñen a nosa vontade pero o que está claro é que os que non o fixeron en tres anos e medio foron vostedes, non é un Regulamento de hai cinco anos, ten vinte anos e polo tanto por aquí pasaron moitos.

Con respecto á Federación de Municipios se cadra me expliquei mal, pero vostedes está terxiversando as miñas palabras, en ningún momento lle restei valor á Federación de Municipios, pola contra dixen que os que lle están restando valor a esta Federación son vostedes porque non acoden ás reunións, foron vostedes os que abandonaron a Federación. Poñen como escusa as desculpas pero estas se deron. Non teñen agora ningunha razón para non estaren, a razón é que non queren, non lle dan valor, para vostedes non é importante o que se discute na Federación de Municipios, non lles é importante o financiamento local, só cara á galería e por iso presentan a moción instando á Federación de Municipios. Pregúntenlles ós seus compañeiros do Partido Popular que é o que defenden na Federación. Non defenden nada porque non van. Pero é así a súa actuación, no momento que teñen que compartir cousas e debater co Partido Socialista escapan. Iso tamén é o que están facendo na Mancomunidade porque, canto tempo vai que non veñen ás Xuntas de Goberno da Mancomunidade? Non lles interesa. Si que faltaron a Xuntas de Goberno da Mancomunidade estando nós presentes, non digan que non, cando non lles interesan non van e poñen calquera escusa.

Nestes momentos quen está defendendo os concellos a través da Federación de

Municipios é precisamente o Partido Socialista e foi gracias a este polo que todos os concellos teñen 8.000 millóns de euros máis para investimentos nas súas cidades. Isto foi gracias precisamente ás conversas da Federación de Municipios.

O que está claro polo tanto é que os que fan un absoluto desprezo cara as institucións nas que teñen que colaborar con outros partidos son vostedes. Non poñan na miña boca palabras que eu non dixen.

Insisto en que vostedes estaban metendo unha moción de censura o mesmo día no que se estaba debatendo e votando exactamente todo o contrario e quen están abandonando a Federación de Municipios son vostedes. Está moi claro o que se está facendo co financiamento local. Decía moi ben a Sra. Veloso que o modelo de financiamento económico que hai nestes momentos aprobouse por vostedes. Nós estamos presentando un modelo de financiamento que inclúe o que vostede di: a dispersión, o envellecemento, o nivel sanitario, o educativo..., que é algo que vostedes non fixeron. De novo esa é a diferenza entre vostedes e nós.

SR. CONDE GIL: Non sei se me expliquei mal, se me entendeu mal ou se vostede hoxe anda un pouco dispersa porque como andaba en Madrid, en Castellón, en Valencia, en Ávila, en Santander e en non se cantos concellos máis e non se quixo centrar no Concello de Vigo, debe andar coa mente un pouco voando.

A Galicia se lle van dar uns 654 millóns de euros. Poderíamos dicir que é unha cantidade, insuficiente pero é unha cantidade. Pero velaquí que de súpeto un bo día ven o Sr. Rodríguez Zapatero e por culpa das súas irreais previsións, por seren electoralista como adoitan seren vostedes, agora di que temos que reintegrar 1.900 millóns de euros en catro anos a razón de 500 millóns de euros anuais e ademais converten ó seu líder, ó seu Secretario Xeral, Patxi Vázquez, no “cobrador do frac” e mentres o Presidente da Xunta de Galicia está a defender os intereses de todas e todos os galegos dicindo que é imposible que Galicia aboe eses 1.900 millóns de euros, o Sr. Vázquez ponse o frac dos morosos e como recadeiro do Sr. Rodríguez Zapatero di que Galicia ten que aboar esas cantidades. Cantidades que lle digo que van lastrar as contas autonómicas de Galicia. Logo queremos facer investimentos cando nos están a poñer unha lousa enriba.

É máis, falou vostede da responsabilidade dos políticos, de como vai quedar o financiamento dos concellos unha vez que a Xunta perciba esta marabilla que din vostedes que para nós non o é e por iso abstivémonos no Consello de Política Fiscal;

todo iso son palabras moi bonitas. Sabe como se pode mellorar a recadación dos concellos? Pagando, non facendo como o Sr. Patxi Vázquez que evade 12.000 euros dunha licenza cando se constrúe unha mansión, que abona como se fose...

A PRESIDENCIA: Sr. Conde Gil, vostede comprende que este non é o tema de hoxe, verdade? Estamos falando de financiamento autonómico e non do Sr. Patxi Vázquez, non o vou deixar que continúe por aí.

SR. CONDE GIL: Pois córteme o micro que é o único que lle queda por me facer. Primeiro din que a moción é extemporánea cando lles demostrei e a mesma Sra. Concelleira o está dicindo, porque vostede se está saltando a lei “a toureira” porque non existe ningunha lei nin ningún regulamento neste Concello que impida que as mocións se debatan cando se presentan. Vostede arbitrariamente tomou a decisión dun xeito ditatorial e agora me están falando do financiamento local, estoulle respondendo como se pode mellorar o financiamento local recadando, póñolle un exemplo que é de pura actualidade, dun señor que paga unha licenza de obra menor, 80 euros, cando se está construindo unha mansión e tiña que pagar unha licenza de 12.000 euros e dime que non ven ó caso. Pois mire calo que é o que lles gusta, calármonos e por iso non queren que presentamos as mocións en tempo e xa está, votamos e listo. Gracias.

A PRESIDENCIA: Vostede sabe que non ven ó caso.

(Están ausentes o Sr. Figueroa Vila do Grupo do PP e a Sra. Veloso Ríos do Grupo do BNG).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, relativa ó financiamento dos concellos por parte do Ministerio de Economía e Facenda, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

31.- (195).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO O RESTABLECEMENTO DOS SERVIZOS QUE SE PRESTABAN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. DOC. 90106024.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo, número 90106024, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

“O Servizo de Axuda no Fogar, SAF, iniciouse neste Concello no ano 1998 e é un programa destinado a axudar a aquelas persoas maiores que, debido a unha situación de severa ou de gran dependencia, precisan doutra persoa para desenvolverse na vida cotiá derivados da súa atención e coidado.

A propia normativa en materia de Servizos Sociais establece que o Servizo de Axuda no Fogar é una prestación básica que se ofrece á poboación obxecto deste servizo a través das diferentes estruturas encomendadas para isto (Corporacións locais, Deputacións, etc.).

Temos un marco normativo de actuación en materia de axuda a domicilio, un contexto social e demográfico que esixe unha demanda cuantitativa e cualitativa de calidade e unha realidade social que necesita obter unha resposta adecuada a tal demanda.

Así, o Grupo Municipal do Partido Popular formula diante do Pleno da Corporación municipal de Vigo para a súa aprobación a seguinte proposta de acordo:

“Restablecer os servizos que se prestaban no Servizo de Axuda no Fogar como o de lavandería, manualidades, actividades de lecer e o acompañamento o médico entre outros”.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 20 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, procede a ler o texto da moción

que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Coido que como ben debatemos anteriormente, quedou xa exposto por esta concelleira o que se está a facer no Servizo de Axuda no Fogar e polo tanto me remito ó que xa se dixo e tendo en conta a hora que é non vou utilizar o meu tempo.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Coido que unha vez máis está amosando o seu desinterese como xa afirmei na aprobación do Regulamento, pero imos entrar na materia da moción como debe ser o caso.

Debe saber, se é que non o sabe, que existen denuncias dos usuarios con respecto á redución dos servizos, denuncias do Comité de Empresa, dos traballadores á empresa. Non sei se tamén sabe que hai un recorte de orzamentos o que incide negativamente nun recorte de servizos e tamén repercute negativamente na calidade da atención a estas persoas. Estase producindo unha deshumanización porque o Servizo de Axuda no Fogar non debe consistir sinxelamente na limpeza das persoas, na súa hixiene persoal nin do ámbito doméstico, senón tamén debe ter un marco moito maior como é o ámbito psicosocial e familiar porque as persoas non só somos un corpo e unha casa, tamén precisamos ter actividades de lecer, de tempo libre e acompañamento e iso repercute na mellora do sistema do benestar do que tanto fala e do que tanto se lle enche a boca.

No Concello de Vigo temos ademais máis de catrocentas persoas en lista de espera para optar ó SAF. A traballadora social responsable está de baixa, leva moito tempo así e a está substituíndo a xefa do Servizo de Benestar e, por mor desta situación de crise que estamos vivindo, iso demostra que debemos ter unha maior responsabilidade e incrementar as axudas e o persoal destes servizos.

Falou de que se incrementou o orzamento pero a realidade é que no orzamento de 2008 xa había unha partida de 1.724.000 euros, no 2009 temos 1.564.000 euros e na licitación da empresa 3.100.000 euros para dous anos, co que estamos falando de 1.550.000 euros, 200.000 euros menos para os vindeiros anos. Elimináronse actividades como excursións, manualidades, vehículos de desprazamento ou acompañamento ó médico.

Dixo tamén que a empresa que levaba vinte anos xestionando o Servizo de Axuda no Fogar era Cruz Vermella e que tiña un custe por hora de 16,60 euros e agora CLECE

ten 13,32 euros. A menor prezo, menores beneficios para os usuarios.

Na adxudicación á empresa afírmase que a empresa CLECE oferta as seguintes melloras: "...apoio e asesoría técnica especializada prestada por terapeutas ocupacionais". Non hai terapeutas ocupacionais. A empresa oferta fisioterapeutas e non os hai; oferta médicos e non os hai; oferta ATS/DUE e non os hai; sociólogos e non hai; traballadores sociais había cinco e segue habendo as mesmas.

Tamén como melloras da empresa aparecen: "Achega gratuíta de soportes e axudas técnicas para a mobilización de usuarios en réxime de cesión temporal". A empresa oferta algo que tampouco hai, de feito as auxiliares solicitaron camas clínicas para axuda á mobilización e evitar as caras nos usuarios do servizo e non se concederon as camas clínicas. A empresa tamén oferta telereceita e non existe o servizo; oferta tamén como mellora a cartilla de control de medicación e tampouco existe. O único que si ofrece realmente a empresa é un descenso no prezo do servizo, así que seguimos sendo grazas a xestión do Bloque Nacionalista Galego os parentes pobres dentro do benestar social.

(No momento da votación están ausentes o Alcalde, Sr. Caballero Álvarez. Preside o Pleno o Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira. Tamén están ausentes o Sr. Figueroa Vila do Grupo Popular e a Sra. Veloso Ríos do Grupo do BNG).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con doce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro e a Presidencia, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, instando o restablecemento dos servizos que se prestaban no SAF, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto da concelleira Sra. Méndez Piñeiro do Grupo municipal do BNG:

Está claro que a Sra. García ten manía persecutoria, xa vou pensar que é cara a miña persoa dende que se dedica a desprestixiarme mesmo en notas de prensa. Non sei eu se ten algún tipo de problema persoal pero o tería que resolver, recoméndolle se quere algún tipo de solución.

Sra. García repítolle que non hai redución de orzamentos, está falseando os datos. Chegan seren tan embusteiros e mentireiros que están falseando uns datos, están nos orzamentos...

A PRESIDENCIA: Por favor, un momento. Desculpe Sra. Méndez, a intervención é para explicar o voto.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Votamos non porque está moi claro o que está a facer o Partido Popular: mentir e enganar. Neste momento, coa modificación de crédito aprobada hai nos orzamentos 1.975.000 euros para o Servizo de Axuda a Domicilio e repito que antes había 1.200.000.

Votamos non porque non é certo que non se estean prestando todos estes servizos, estanse prestando e non hai evidencia nestes momentos, nin ningunha queixa agás unha por escrito dos usuarios do Servizo a Domicilio. Votamos non porque por outra banda a xestión que se está a facer por parte do servizo, efectivamente con traballadores sociais de baixa, é impecable. Por iso votamos non, porque nós si apostamos polas persoas.

Neste intre e fóra de micro a Sra. García Míguez pide intervir para explicación de voto.

A PRESIDENCIA: Vostedes que son tan coñecedores do regulamento teñen que saber que non existe explicación de voto por parte da parte propoñente. Enténdese que o grupo que presenta a moción vota a favor.

Non é a primeira vez que nesta Corporación, teñen aí o grande coñecedor do regulamento cal é o Sr. López-Chaves, que o Partido Popular utiliza a explicación de voto porque é unha modalidade totalmente regulamentada e á que se poden acoller. O que non é de recibo é que a parte que propón a moción teña unha explicación de

voto porque se entende que cando se presenta a moción é para votar a favor e ademais está totalmente debaído pola súa banda. A Sra. Méndez en ningún momento da súa intervención fixo ningún tipo de indicación sobre o que ía votar, por iso ten dereito regulamentario á explicación de voto.

32.- (196).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVO Á ESTUDAR A POSIBILIDADE DE INSTALAR UN SEMÁFORO NO CRUZAMENTO DAS RÚAS TABOADA LEAL E VENEZUELA. DOC. 90106026.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo, número 90106026, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

“A rúa Venezuela constitúe un dos principais eixos para a circulación rodada na nosa cidade, que conecta dous eixos importantes como son a rúa Camelias que absorbe o tráfico provinte das travesas e o eixo Gran Vía-Praza de España; ademais nas súas inmediacións se atopan importantes centros de servizos como son o propio Concello, tres centros escolares e dous dos centros comerciais mais importantes da cidade. Isto dános unha idea clara da gran densidade de tráfico que circula diariamente por esta vía.

É por isto que se fai necesario minimizar por parte do departamento de tráfico do Concello os riscos aos que poden estar sometidos tanto os peóns como os condutores, con este motivo e por iniciativa do Grupo popular, o Pleno do Concello aprobou xa por unanimidade o pasado mes de abril estudar a posibilidade de crear unha rotonda na confluencia das rúas Venezuela e Marqués de Alcedo.

Continuando con esta política de propoñer melloras na seguridade do tráfico nas rúas mais importantes da cidade, fomos alertados por veciños e colectivos da rúa Venezuela da perigosidade que supón a incorporación de vehículos dende o tramo ascendente da rúa Taboada Leal cara á rúa Venezuela, especialmente cando os vehículos que se incorporan dende esta rúa á rúa Venezuela o fan en dirección á Gran Vía, co agravante que supón ademais a presenza na traxectoria deste xiro á esquerda que deben facer os vehículos de dous pasos de peóns non regulados semaforicamente, un na propia rúa Taboada Leal e outro na rúa Venezuela.

Por se tratar dunha proposta que necesitará do estudo técnico por parte dos responsables do Departamento de Tráfico, queremos resaltar que a presente moción expón unha demanda que os veciños do contorno consideran positiva en

beneficio da súa seguridade como peóns e condutores e que o Grupo Popular asume e considera oportuna.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo,

Instar ao Goberno Municipal a que os técnicos do Departamento de Tráfico estuden a posibilidade de instalar no cruzamento da rúa Taboada Leal coa rúa Venezuela semáforos que regulen a incorporación de vehículos dende a mencionada rúa Taboada Leal cara á rúa Venezuela.”

A comisión informativa de mobilidade, en sesión do 20 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Cinguíndome ó espírito da moción e á forma, que todos agradeceremos, en síntese direi que a rúa Venezuela é un eixo fundamental e moi importante de todo o tráfico na cidade de Vigo que recolle por unha banda todo o tráfico que ven de Camelias, Travesas e mesmo de Coia e todo o que conflúe en Gran Vía coa zona da Praza de España. Nese contorno, como todos sabemos e ben coñecemos, hai tres centros escolares, atópanse tamén dous centros comerciais e a maiores tamén está o servizo máis importante de cara ós cidadáns que é o Concello de Vigo.

Hai pouco tempo, coido que no mes de abril deste ano, aprobouse unha moción que tentaba minimizar todos os efectos negativos e perversos que ten o tráfico nesta zona cunha proposta do Grupo do Partido Popular en canto á creación dunha rotonda que coido que é perfectamente acometible e que ademais se aprobou por unanimidade de todos os presentes nesta sala.

A maiores, collendo e facendo de correa de transmisión das inquietudes dos veciños, atopámonos con que a uns cantos metros, na confluencia das rúas Taboada Leal coa rúa Venezuela, hai un xiro moi perverso porque condutores máis ou menos avezados teñen que estar xirando á esquerda cun paso de peóns sen semáforo e atópanse con outro que teñen enfronte, aínda que sei que o Sr. Calviño pintou alí en horizontal uns sinais de moderación do tráfico pero desgraciadamente segue producindo accidentes. Mesmo a semana anterior unha policía que saía facer as súas funcións tivo un accidente alí. Tamén lembro e teño anotado que o 24 de xuño houbo outro accidente dunha moto.

Ó meu modo de ver é un cruzamento de incorporación un tanto perverso e

pernicioso que nós tentamos minimizar e darlle seguridade para que os técnicos, se vostedes o teñen a ben, estuden esta proposta que é “Instar ó goberno municipal a que os técnicos do departamento de Tráfico estuden a posibilidade de instalar no cruzamento da rúa Taboada Leal coa rúa Venezuela semáforos que regulen a incorporación de vehículos dende a mencionada rúa Taboada Leal cara á rúa Venezuela”.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Imos votar a favor porque non é nin sequera necesario que os técnicos do departamento de Tráfico estuden semellante cruzamento porque xa o tiñan moi claro dende hai moito tempo, era exclusivamente un problema de ordenar o traballo a realizar pola Concellería de Seguridade e Mobilidade que se fixera máis cedo que tarde ese cruzamento con semáforo.

Non se preocupe porque se vai facer ese cruzamento ata o punto de que como sei que vostedes non cren moito na nosa capacidade de xestión porque son expertos en cada dous por tres falar de cero de xestión, de que non se di a verdade, que somos uns mentireiros. Sempre é o mesmo e por iso lles trouxen unhas fotos das obras que xa están indicando perfectamente que se está poñendo un semáforo nese cruzamento.

Isto fará que na metade de tempo do noso goberno no que,, segundo vostedes ningunha concellería fai ningunha xestión, teña sinalizados en Vigo dezasete cruzamentos ou pasos de peóns con semáforos o que ven sendo practicamente o dobre do que vostedes fixeron en tres anos e medio. Gustaríame dicir a ringleira dos sitios porque algúns son moi importantes, pero vou aforrar por razóns de tempo expoñer cales son eses cruzamentos que realizou este goberno municipal.

De todos os xeitos para que quede todo o Grupo Popular tranquilo e dende logo a cidadanía que de seguro verá as melloras claramente, direille que a rúa Venezuela en efecto é unha rúa moi importante, con moito tránsito, con moitos peóns e adiántolle xa que inmediatamente tamén poderá ver as fotos, os sinais e a obra xa realizada non só neste cruzamento, senón tamén á altura da rúa Venezuela, no número 38, que é o remate do parque infantil porque obviamente nos preocupa moito a seguridade dos cativos. Fronte da cafetería Bugatti, no outro extremo, tamén imos poñer un semáforo para que non quede dúbida de que entendemos que esa rúa é moi importante e ademais de deixala moito mellor do que estaba porque se están realizando as obras que vostedes coñecen e de seguro teremos unha situación

bastante mellor nesa rúa con ese cruzamento, ese paso de peóns xa con semáforo.

SR. COELLO BUFILL: Agradecer a rapidez coa que actuou a Concellería, pero a moción era do 13 de xullo. Alégrome de que se estean facendo as obras.

Sr. Calviño, coido que lle sobra a primeira parte da súa intervención porque eu non me referín para nada, nin utilicei ningún termo, nin dixen nada de mentireiros, nin de falsidades, nada de nada, pero de antemán sabía que ía vostede agrear o debate porque é a súa maneira de ser. Dixen ademais “*ex profeso*”, e teño por testemuña ó Presidente desta sesión e a todos os concelleiros e concelleiros, que me limitaba exclusivamente ó fondo e á forma. Non lin a moción porque xa son maior e aprendo un pouco os deberes, sinxelamente memoriceina. Pero eu sabía que vostede ía facer iso, sinto dicirlo porque ó final igual no fondo o aprecio porque noutros departamentos é outra historia. A primeira parte, a introdución sobráballe.

A maiores si lle quero dicir que á parte de vostede e de min, con distintos enfoques da vida e evidentemente distintas formas de defendérmonos, os que se van beneficiar son os cidadáns. Esa é a satisfacción persoal que levo hoxe á miña casa. Ó mellor o Sr. Alcalde di que estamos moito tempo aquí, pero eu que non son matemático estiven facendo unhas sumas e coido que entre todo o que lle dedicamos a isto estando aquí ata as catro ou catro e media, de todas as horas que ten o ano sen contar coa parte proporcional de vacacións, cos Plenos extraordinarios saen en preto de cen horas as que estamos aquí. Moita xente desexaría estar aquí para defender os intereses dos cidadáns cen horas de todas as que hai ó ano, ou os oito ou dez días que lle dedicamos a isto. Eu síntome moi gratificado, dígollo de verdade a todos os compañeiros de bancada ós que persoalmente a moitos aprecio, que realmente é un orgullo poder estar aquí dende pola mañá ata se é preciso última hora da tarde defendendo ós cidadáns da nosa cidade que son os que nos van xulgar para ben ou para mal.

A PRESIDENCIA: Non, Sr. Coello, eu non dixen que estiveramos aquí moitas horas porque eu lle dedico a isto todo o día, 365 días ó ano sen coller vacacións, sen sábados e sen festivos porque sinxelamente o quero facer así. O único que digo é que non é de recibo que teñamos unha sesión continuada de 9 da mañá ata as 6 da tarde. Eu non coñezo ningunha institución parlamentaria que o faga así. Dígolles ademais que temos que rematar o regulamento porque non me nego ó número de

horas, o que non é de recibo é que non fagamos unha pausa natural para descansar e volver.

Por certo, señoras e señores concelleiros do Partido Popular, eu estou aquí neste momento. Non quero dicir nada máis porque os vexo con grande entusiasmo.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Á parte de agradecerlle as palabras de respecto e de cariño mesmo cara min que xa estamos coas declaracións mutuas de respecto e de cariño que de seguro ambos nos temos, dicirlle que eu levo moitos anos neste Concello e dende logo estou absolutamente abraiado dos Plenos que temos con esa oposición porque a responsabilidade ven fundamentalmente de vostedes, onde non estamos debatendo de xestión, nin moitas das cousas que deberíamos, senón que estamos escoitando permanentemente insultos, barbaridades que vostedes mesmos saben perfectamente que o son e polo tanto non ten moito sentido que alonguemos este Pleno.

A PRESIDENCIA: Sr. Calviño, céntrese por favor no semáforo, mesmo pode contar o da señora que mo pedía o sábado.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Sería unha anécdota interesante pero en todo caso dicirlle, para que quede tranquilo, que tamén esa rotonda da que fala na súa exposición de motivos da rúa Venezuela, Marqués de Alcedo e Camelias, esa praza á que por certo lle hai que poñer un nome, tamén se vai realizar, pero dende logo teña a completa seguridade de que no Departamento de Seguridade e Mobilidade planificamos, ordenamos as cousas e queremos seguir sendo a cidade de Galicia que ten unha maior mobilidade polo seu tamaño. Entenderá que tardaremos uns meses en contar con outras vías para poder facer esa rotonda que está exposta.

Unicamente quería alegrarme de que de novo saia algún medio comparando o que pasa nas cidades e é unha satisfacción ver que a mobilidade en Vigo é moito mellor por exemplo que a da cidade da Coruña como moi ben saben os que leron a prensa esta fin de semana. Con iso queremos seguir e seguiremos tomando medidas para que así sexa.

SR. COELLO BUFILL: Sigo dicindo e o Alcalde deume a razón, que lle sobra a súa primeira intervención nesta segunda intervención.

(Están ausentes o Sr. Figueroa Vila do Grupo do PP, e o Sr. Alonso Vázquez e Sra. Veloso Ríos do Grupo do BNG).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Coello Bufill, relativo ó estudo da posibilidade de instalar un semáforo no cruzamento das rúas Taboada Leal e Venezuela, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

33.- (197).- ROGOS E PREGUNTAS.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, RELATIVA A CANDO VAI RECIBIR Ó ALCALDE ÓS VECIÑOS DE TEIS AFECTADOS POLAS EXPROPIACIÓNS DO AVE.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Fóra de todo debate porque se trata de familias humildes do barrio de Teis, queríamos preguntarlle, Sr. Alcalde, como primeiro vigués, cando vai recibir ós veciños afectados polas expropiacións do AVE en Teis, escoitalos e tentar mediar co Ministerio de Fomento para buscar unha resolución definitiva a este pesadelo que veñen sufrindo dende hai meses.

A PRESIDENCIA: Co Ministerio de Fomento estamos mediando de forma continua. Empezamos coa fórmula de que non se fixeran as expropiacións, está conseguido e agora efectivamente estamos mediando para acadar, en termos legais era imprescindible o paso que se deu, que o seguinte paso sexa permitir ós que desexen a expropiación que esta se realice e ós que non a desexen que non se realice.

Débolle dicir que na medida do meu coñecemento, que é algún, non houbo

nunca un caso así en ningunha expropiación feita neste país.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO, REITERANDO OUTRA DO PLENO ANTERIOR RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DOS QUIOSCOS DE PRAIA.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: No último Pleno presentei unha segunda pregunta sobre o tema da adxudicación de quioscos de praia, as razóns do atraso e transcorrido o tempo, pola información que teño de acordo coa facilitada polo Grupo municipal, non chegou a contestación a esa pregunta que se formulou no Pleno do 7 de setembro.

Non sei se me van dar agora a resposta o cando se me vai dar.

A PRESIDENCIA: Entendía que se dera por escrito pero se non foi así, non teño ningunha razón para dúbida da súa palabra, nos próximos dous días terá vostede resposta.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. BEIRO DIZ, RELATIVA Á ADAPTACIÓN DE ASEOS PARA DISCAPACITADOS.

SR. BEIRO DIZ: Sabemos que hai pendente unha obra no oitavo andar para a adaptación dos aseos para discapacitados e coido que sería conveniente, en troques de realizala no oitavo andar, que se fixera no andar baixo para uso de calquera discapacitado que veña ó Concello.

A PRESIDENCIA: Moitas grazas, tomamos nota e tentaremos facelas no andar baixo e no oitavo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dezasete horas e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.